

A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural




Núm. 11 [2008] • ISSN 1139-921X



A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Vol. II (2008)

2008

Fundación Cultural da Estrada

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural

ISSN 1139-921X

Director

Juan Andrés Fernández Castro

Coordinador editorial

Juan L. Blanco Valdés

Comité de Redacción

Juan L. Blanco Valdés | José Manuel Castaño García | María Xesusa Fernández Bascuas | Manuel Mosquera Agrelo.

Consello Consultivo

Xesús Alonso Montero | Carlos Amable Balañas Fernández | Xosé Luís Barreiro Barreiro | Roberto L. Blanco Valdés | Mercedes Brea | Manuel Cabada Castro | Isaac Díaz Pardo | Xosé Neira Vilas | Xosé Manuel Núñez Seixas | Víctor F. Freixanes | Vicente Peña Saavedra | Augusto Pérez Alberti | Ofelia Rey Castelao | Anxo Tarrío Varela | Pilar de Torres Luna | Xosé Manuel Vázquez Varela.

© Fundación Cultural da Estrada,
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela», 2008

Edición

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

Apto. 78

36680 A Estrada

museoestrada@astrada.com

www.museo.aestrada.com

Deseño de cuberta

Xosé L. Vázquez

Ilustración

«Paso del Ulla por San Juan de Cova»

litografía de Ramón A. Gil Rey (1838)

(tomada de *Galicia no gravado antigo. Colección Puertas Mosquera*, Santiago: Consorcio de Santiago, 2008).

Museo do Pobo Estradense

«Manuel Reimóndez Portela»,

fondo fotográfico «Celestino Fuentes»

Deseño de maqueta e maquetación

Rosa Costas

Impresión

Gráficas Sementeira, S.A.

Chan de Maroñas, 2

15217 Obre - Noia

Dep. Legal: C 2618-2001

Índice

- 9 | Breve historia de una litografía «incunable»
Carolina Puertas Mosquera
- 25 | Os derradeiros arrieiros de Tabeirós-Terra de Montes
Luis-Manuel Caxide Diéguez
- 67 | O Ulla lampreeiro. Gastronomía, tradición e folclore
Juan Fernández Casal
- 87 | As coplas de antroido viaxan no tempo
Henrique Neira
- 111 | Fernández Sánchez pintando en Sabucedo
Javier Travieso Mougán
- 147 | La Casa de Monteagudo en la feligresía de San Jorge de Codeseda
Luis Manuel Ferro Pego
- 157 | Novos escritos de Xosé Manuel Cabada Vázquez
Manuel Cabada Castro
- 163 | O movemento agrarista na Estrada: un intento de rexeneración política e avance social
Jesús Palmou Lorenzo
- 187 | Estradenses en la guerra de la Independencia. Don Felipe Constenla y Garrido: campaña de 1810
José Manuel Pena García
- 285 | A Estrada en panexírico. Cincuenta anos de evocacións na prensa periódica (1949-1999)
Juan L. Blanco Valdés

- 289 | Gravados rupestres na Estrada; da Idade do Bronce aos nosos días
Juan Andrés Fernández Castro
- 289 | Tempo de lecer no rural estradense a mediados do século XX. Os testemuños fotográficos de Celestino Fuentes González (1918-1987)
Juan Andrés Fernández Castro
María Jesusa Fernández Bascuas
- 289 | A toponimia menor do concello da Estrada (I)
María José Folgar Brea
- 289 | Catálogo da colección Ramos Vázquez (I)
Damián Porto Rico
- 289 | Necrolóxica: In memoriam
Manuel Castiñeira Rodríguez



Breve historia de una litografía «incunable»

Carolina Puertas Mosquera

Nota dos editores

Na maior parte das ocasións, as mencións dos editores ás ilustracións que ornan as cubertas dos libros ou revistas non van alén dun par de liñas na páxina de créditos, nas que de costume se citan, de telo, o título da obra e, de ser coñecido, o seu autor. Se é o caso, engádense tamén a autorización do propietario ou fonte da imaxe reproducida e, igualmente se é o caso, o agradecemento dos editores á xentileza deste pola cesión. Tal podería acontecer tamén nesta ocasión e, de feito, tal acontece: como manda o canon editorial, o lector poderá satisfacer a súa curiosidade acerca do fermoso gravado que ilustra a cuberta deste volume e que se reproduce a maior tamaño nesta páxina accedendo a información ao respecto puntualmente explicada na páxina correspondente, a que antecede ao índice. E aí podería ficar a cousa.

Pero é o caso que o gravado en cuestión ten historia. E o modo en que chegou á cuberta deste volume tamén.

Na ultimación dos detalles técnicos para dar a revista definitivamente ao prelo, xurdiu, como todos os anos, o asunto, non sempre doado de resolver, da ilustración para a cuberta. O coordinador editorial desta publicación lembrou ter visto nun libro de edición recente* un excelente gravado antigo que reproduce unha vista característica da Ulla, tan característica que non é ousado afirmar que forma parte do imaxinario paisaxístico dos habitantes da vizosa bisbarra ribeireña do gran río: o desfiladeiro de San Xoán da Cova e, en primeiro plano, a ponte vella, igrexa e aldea de Santa María Magdalena da Ponte Ulla, distrito de Vedra. A opción do coordinador pareceu ideal ao director da revista, aínda máis por cumprírense este ano 2008 cincuenta da posta en funcionamento do altísimo viaducto que salva o abismo, e que, ao igual ca a garganta mesma, está xa asociado indisolublemente á paisaxe, case coma un elemento natural máis.

Postos polo tanto de acordo coordinador editorial e director, estableceuse o pertinente contacto co propietario do gravado para a solicitude do correspondente permiso. O señor Carmelo Puertas, propietario da extraordinaria colección de gravado antigo no catálogo –parcial– da cal aparecía a vista de San Xoán da Cova devandita, recibiu a solicitude dos editores coa máxima xentileza e boa disposición, non só concedendo de bo grao o permiso senón advertindo da especial trascendencia do gravado en cuestión, que o facía, ao seu xuízo, merecente dunha explicación xenética específica. Pareceu aos editores unha magnífica idea e ficaba tan só materializala. Doutoranda no departamento compostelán de Historia da Arte cunha memoria precisamente sobre o gravado antigo e perfecta coñecedora da colección familiar, a filla do Sr. Puertas, Carolina Puertas Mosquera, resultaba a persoa idónea para describir o erudito pormenor acerca da orixe e vicisitudes da litografía, ao que se refiren as liñas que seguen.

* * *

Breve historia de una litografía «incunable»

La vista del «Paso del Ulla por San Juan da Cova», dibujada y grabada por Ramón Antonio Gil Rey, que nos ofrece un panorama majestuoso de nuestra tierra es, además, testimonio de uno de los hechos más relevantes dentro de la historia del grabado gallego.

* *Galicia no gravado antigo. Colección Puertas Mosquera, Santiago: Consorcio de Santiago, 2008.*

La litografía aparece en Galicia en 1838, unas fechas que no pueden considerarse tardías comparándolas con su implantación en el resto de la península. Llega a España poco después de su invención en 1796 por Aloys Senefelder, pero sufre un cierto estancamiento en su expansión debido al monopolio del que, sobre esta novedosa técnica, disfrutaba el taller madrileño de José de Madrazo. En 1834 la reina Isabel II considera necesaria su expansión por lo que liberaliza su empleo, suponiendo la creación de un gran número de talleres a lo largo de nuestra geografía.

Su introducción en Galicia se debe a José Núñez Castaño, nacido en San Julián de Requeixo (Padrón), que hacia 1831 se establece en la calle Preguntoiro de Santiago, adquiriendo rápidamente cierta importancia como impresor. En 1838 y a través de un folleto, anuncia la implantación, por primera vez en Galicia, de un establecimiento litográfico. Para la ilustración de este folleto recurre al joven Ramón Gil Rey, que, con esta colaboración, perpetúa su nombre en la historia del grabado en Galicia.

Ramón Gil nace en Compostela en 1818 y a una edad temprana inicia sus estudios de dibujo y pintura con Juan Boenzi. Su hermano José María, que alterna sus actividades como médico con sus aficiones como escritor y periodista, funda en 1838 y bajo los auspicios de la Sociedad Económica la revista *Semanario Instructivo, periódico de Agricultura, Ciencias y Artes*, que se editará en el taller de José Núñez Castaño. Esta publicación marcará el comienzo de una nueva era en la prensa gallega decimonónica, ya que será la primera revista ilustrada de nuestra tierra y la primera que emplea esta nueva técnica, que se había iniciado en Francia y que venía a complementar a la xilografía y a la calcografía como medio de ilustración. Con estas litografías de Ramón Gil se abre paso la variante de «prensa ilustrada» en Galicia.

El *Semanario Instructivo*, revista de corta vida que se inicia el 2 de marzo de 1838 y concluye el 31 de agosto del mismo año, se imprimía en un pliego en folio todos los viernes en el taller de Núñez

Castaño, destacando por las láminas sueltas litografiadas que acompañaban a cada ejemplar. La realización de las litografías se le encargó, cómo no, a Ramón Gil que se valió, en alguna ocasión, de sus apuntes tomados del natural en sus excursiones por la geografía gallega. Probablemente, el «Paso del Ulla por San Juan da Cova», que ve la luz el 18 de mayo de 1838, surgió de una de ellas.

Tras el cese del *Semanario Instructivo* Ramón Gil se instala en Madrid en 1839 y al año siguiente ingresa en la Academia de Bellas Artes de San Fernando para completar su formación. Desgraciadamente su carrera se ve truncada y fallece poco después en esta ciudad, con tan solo veintiséis años y en el momento en que comenzaba a ser reclamado por la burguesía madrileña por su destreza como retratista.

La vista del «Paso del Ulla por San Juan da Cova», tras su nacimiento en el *Semanario Instructivo* se perpetuará como motivo en las revistas y publicaciones ilustradas decimonónicas, hecho insólito si tenemos en cuenta que la atención de éstas se centraba principalmente en las áreas urbanas, mostrándonos sus suntuosos monumentos o sus concurridos lugares de encuentro en el que transcurría el quehacer cotidiano de las ciudades gallegas a lo largo de todo el siglo XIX. Pero quizá sea la belleza de la "imponente magestad con que están revestidas las obras del Creador", tal y cómo define Rúa Figueroa el enclave de San Juan da Cova en un artículo del *Semanario Pintoresco* –una de las más destacadas revistas ilustradas dentro del panorama de la primera mitad del XIX– lo que determine que esta vista sea de nuevo objeto de interés, llegando a publicarse posteriormente hasta en cuatro ocasiones, ya bajo las manos de otros artistas. Así, con el título «Paso del Ulla en San Juan da Cova» aparece en el número 38 de 1850 del ya señalado *Semanario Pintoresco Español*, firmado por el grabador xilógrafo madrileño Joaquín Sierra Ponzano y acompañando el artículo de J. Rúa Figueroa, que resalta la hermosura de esta panorámica. En el segundo número de 1853 de esta publicación, se vuelven a valer de la misma plancha para acom-

pañar, en este caso, las palabras del ilustre Antonio Neira de Mosquera, asiduo colaborador de esta revista. De nuevo ve la luz en 1866, en la *Crónica de la Provincia de la Coruña* de Fernando Fulgosio, empleando un nuevo dibujo con igual título que el de 1850, firmado por el prolífico Fernando Miranda que será llevado a la xilografía por el grabador valenciano Manuel Ricord. Ya en 1882 *La Ilustración Cantábrica*, continuadora de la exitosa *La Ilustración Gallega y Asturiana*, utiliza de nuevo esta plancha para ilustrar un texto de Alfredo Vicenti.



Os derradeiros arrieiros de Tabairós-Terra de Montes

Luis-Manuel Caxide Diéguez

Cando me encomendaron escribir sobre os arrieiros de Tabairós-Montes, causoume unha estraña sensación de sorpresa e temor ao mesmo tempo. De sorpresa porque eu non son dos que teñen o gran don de comunicar con elegancia, beleza e claridade. De temor porque podía defraudar á persoa que depositara en min a súa confianza. Esta confianza depositada na miña modesta persoa foi a razón que me moveu a aceptalo reto.

Con moito medo comecei o traballo de campo sabedor de que as fontes documentais son moi escasas, se exceptuamos a relación de arrieiros que fai o Catastro do Marqués de Ensenada, ano de 1752.

Os arquivos parroquiais en moi contados casos fan referencia á actividade comercial dos arrieiros.

O gran etnógrafo ourensán, D. Xaquín Lorenzo Fernández, *Xocas*, no seu libro *Os Oficios*¹, non contempla a figura dos arrieiros. É posible que esta actividade comercial non a tivera por un oficio, cando estuda polo miúdo todos os demais.

1 Xaquín Lorenzo Fernández. *Os Oficios*, Editorial Galaxia, Vigo, 1983.

En vista de que as fontes escritas son tan escasas, tiven que acudir ás fontes orais, ós poucos descendentes de arrieiros que aínda quedan e lembran a actividade dos seus devanceiros.

Necesariamente, neste traballo, hanse atopar moitas lagoas pola falta de información e as propias limitacións do autor, persoa non especialista na materia.

Non se pretende un traballo exhaustivo nin tampouco literario, senón poñer por escrito, de modo sinxelo, esta actividade comercial para que non se perda a memoria destes homes, que moitos deles combinaban coa súa profesión de labregos. Hai que ter en conta que, o que se fala ou se di, queda no pasado e carece de futuro. Pola contra, o que se escribe permanece.

É posible que se repitan parte dos itinerarios cando se fala de cada arrieiro en concreto. Preténdese a fidelidade ao manifestado polos informantes, aínda que resulte reiterativo e monótono.

A relación de arrieiros que contempla o Catastro do Marqués de Ensenada, no que respecta ás parroquias obxecto do noso estudo, incluímosla a fin de resaltar a coincidencia de moitos apelidos que alí se expresan cos que aparecen na primeira metade do século XX. Esta coincidencia de apelidos a tan longo prazo, 1752- 1940, e en espazo tan reducido como é a parroquia, indúcenos a pensar que este oficio de arrieiro mantíñase na mesma familia, pasando de pais a fillos. Exemplo probado disto é o caso da familia Lino Castro Garrido, de Sabucedo, como veremos no momento oportuno.

Das parroquias que non logrei ter información da existencia de arrieiros na primeira metade do s. XX, tampouco se fai relación dos que menciona o Catastro do Marqués de Ensenada.

Este traballo límitase á zona de Tabeirós-Montes e ós arrieiros unicamente de viños.

I. A orixe da palabra arrieiro

A orixe do termo *arrieiro* provén da palabra *arrear*, estimular as bestas para que boten a andar, para que sigan camiñando ou aviven o

paso. Esta palabra provén do vulgar “arre”, voz utilizada para que as bestas emprendan a marcha.

“Arrieiro² é o individuo que ten por oficio transportar mercadorías con bestas de carga”.

II. Os arrieiros

Os arrieiros eran os transportistas da Idade Media, Moderna e Contemporánea, ata que na década dos anos 1940-50 foron desaparecendo por mor da modernización dos transportes e das novas vías de comunicación. Cambiouse a tracción animal pola mecánica.

A palabra arrieiro, en abstracto, fai referencia a todo transporte de mercadorías, feito por mulas, cabalos e carromatos. Así, hai arrieiros de carbón, sal, cal, cera, xamóns, etc.

En concreto, o devandito vocábulo aplicámolo ós que transportaban o viño con bestas de carga. As máis usadas eran os cabalos e as mulas. Estas últimas eran preferidas polos arrieiros porque tiñan máis resistencia e capacidade de carga, por iso eran animais máis cotizados. Cada mula transportaba sete olas de viño, máis ou menos, e cada ola leva 16 litros.

Parecería normal que os arrieiros de viño, cando andaban con mulas, dada a asiduidade con que frecuentaban as zonas de produción, foran os transportistas e distribuidores da augardente, produto da destilación do bagazo. Pois non. Había os “augardenteiros”, que, habitualmente, dende a zona de orixe, Chantada, provincia de Lugo ou Cartelle, provincia de Ourense, cubrían este mercado. O consumo deste produto era moi escaso. A augardente usábase só, por regra xeral, como remedio para aliviar a dor de moas, para darlle unhas fregas ao que caía enfermo, con febre, ou para convidar ós que axudaban na matanza do porco. Cando o Marqués de Ensenada, en 1752, non fai

2 Gran Diccionario Xerais da Lingua, páx. 179, de Edicións Xerais de Galicia S.A. 2000.

mención dos augardenteiros, nin que os arrieiros transportasen este licor, é que o comercio deste produto debía ser de pouco volume.

Os arrieiros, segundo a súa capacidade económica e a cantidade de viño que transportaban, tiñan mulas ou cabalos. Chamábaselle recua a unha fileira de bestas de carga que ían atadas unhas detrás das outras. Había recuas de ata dez ou doce bestas, chegando algunhas ata 20 cabalerías como era o caso do arrieiro de Cambeses, na Barcia do Seixo, e o arrieiro de Abragán, en Codeseda.

Con acertado criterio, César Gómez Buxán, na Miscelánea do ano pasado, nº 10, páx. 346, manifesta: *“Moitas veces o propio arrieiro exerce tamén de “Trajinante”, dando saída ao produto que transporta, pero o máis habitual é que faga este servizo por conta de outras persoas”*.

O oficio de arrieiro era moi sacrificado porque tiñan que soportar, ademais dos traballos inherentes ao oficio, as inclemencias do tempo. Sobre todo, no inverno, cando o vento e a chuvia eran copiosos, a neve abundante e as noites cerrábanse nunha mesta brétema que lles cegaba os ollos e perdían o rumbo. Os medios para defenderse da climatoloxía adversa eran moi escasos. Usaban un carapucho ou unha corozza de palla ou xunco. Cando nevaba tiñan que pisarlle cos zocos a neve diante das mulas para facerlle camiño. Si a brétema era moi mesta e equivocaban a ruta, os camiños e os atallos polo monte eran pésimos, soltaban unha mula de experiencia que polo seu instinto volvíaos ao bo camiño.


III. Configuración das comarcas obxecto do noso estudio

A Comarca de Tabeirós está constituída polas parroquias que na actualidade integran o Concello de A Estrada.

A Comarca de Montes está configurada pola totalidade das freguesías dos concellos de Cerdedo e Forcarei. Tamén forman parte dela, na provincia de Ourense, no concello de Beariz, as parroquias de Sta. Cruz de Lebozán, S. Salvador de Xirazga e a capital do concello, Sta. María de Beariz. Do concello de Campo Lameiro forman

parte de Montes as parroquias de Santiago de Morillas e S. Isidro de Montes. Do concello de Cotobade, a parroquia de Santiago de Caroi, e, do concello de A Lama, Sta. Ana da Barcia do Seixo.

IV. Os odres ou peellos



Odre. Debuxo de Juan Carlos Vilar Pérez

A palabra “odre³ procede do vocábulo latino “*utre*”, que significa coiro. Especie de bolsa de coiro que se emprega para conter e transportar líquidos”.

Os odres ou “pelexos”, castellanismo por peellos, eran recipientes para contelo viño, feitos con pel de cabra, que se adaptaba moi ben, pola súa flexibilidade, ao corpo do animal que o transportaba.

Para facer un “pelexo”, máis ben peello, matábase un castrón ou cabra e esfolábaselle a pel o máis enteira posible, dándolle a volta co de dentro para fóra. Botábaselle pez para taponalos poros e non perde-lo viño.

O pez facíase con aceite de olivas mesturado con brea, feita esta con resinas. Quentábase ao lume ata que estivera líquido e introducíase no peello, dándolle voltas ata estendelo por todo o interior.

Para odre non servía a pel das ovellas, porque o pez non impermeabilizaba ben e perdía o viño.

Os peliqueiros eran os que confeccionaban os peellos novos ou reparaban os vellos que rompían.

Nas casas de algúns arrieiros criaban rabaños de cabras para, chegado o momento, proveerse de peles para fabricalos peellos que lle cumprían. Este era o caso do arrieiro de Quintillán, Manuel Arca Carracedo.

3 Diccionario Xerais da Lingua, páx. 647, cuarta edición. Madrid 1993.

V. O carromato

Outro elemento importante no transporte do viño foi a introdución do carromato, que non era orixinario de Galicia. Tal vez proveña de Castela ou Andalucía, ou, máis ben, sexa unha contribución da etnia xitana á cultura galega.

O carromato estaba formado por unha plataforma de madeira, con dúas rodas radiadas e dúas varas na parte dianteira, entre as que situaban a cabalería máis poderosa e resistente. Este era o animal que máis sufría. Xa hai un dito: "voute meter entre varas". Quere dicir que o vai poñer nun apuro ou grande dificultade. Cando os animais de tiro eran máis de un poñíanos en fila, uns detrás dos outros, enganchados a cada lado con cordas ou cadeas tirando polo carro.

Debaixo da plataforma ou chedeiro tiñan a "panza", ou piso suplementario, para facer máis baixo o centro de gravidade, onde ás veces cargaban pedras, sacos de area ou mesmo pelellos de viño. Isto facía máis difícil que envorcasen os carros.

O banco ou "*pescante*" era o asento de madeira longo e estreito, onde ía sentado o arrieiro que conducía as mulas e o seu acompañante. Debaixo do asento, erguendo a tapa, aparecían dous compartimentos. Nun levaban as ferramentas de ferrar as bestas: ferraduras, cravos, martelo, escofeina, puxavante, tenaces para arrincar os cravos e tenaces para recortar e perfilar os cascós; no outro departamento metían algunha comida para o camiño e a bota de viño, que non podía faltar, era un complemento imprescindible para a viaxe. Ordinariamente ferraban eles mesmos as súas propias mulas.

Usaban un vergallo ou xostra, vara delgada que se empregaba para afala-lo gando. Algúns utilizaban a fusta, vara igualmente delgada e flexible, cunha correa de coiro nun dos extremos, que serve para dirixir ou afalar as bestas, cabalos ou mulas.

A capota era un complemento importante do carromato, que servía para protexerse da choiva ou do sol. Era unha lona colocada sobre unha armazón de varas que colgaba tapando a parte traseira e polos laterais.

A galga era o freo aplicado ás rodas.

O tentemozo era un pau vertical no que se apoiaban as varas do carro para descansaren os animais.

VI. Os arreos das mulas

O cabezal era un trenzado de tiras de coiro que se lle poñía na cabeza.

Colarón, colar polo que se terma do cabalo ou da mula e se engancha ás cadeas ou cordas que, a cada lado do animal, tiraban polo carromato.

A cincha era unha tira de coiro duns oito ou dez centímetros de ancho, que rodeaba o lombo e barriga do animal, para que unida ás varas ou cadeas tirara do carro.

VII. O almacenamento de viños



Bota de viño. Debuxo de Juan Carlos Vilar Pérez.

Os arrieiros almacenaban o viño ordinariamente nas súas propias casas. Había tamén algúns que construían casetas ou almacéns, para a súa comodidade, en lugares próximos ao camiño dos arrieiros, onde gardaban o viño para despois repartilo polo miúdo ás tabernas ou casas particulares. Nestes lugares almacenaban o viño en bocois, medios bocois e mesmo pekellos.

A capacidade dun bocoi era de seis moios. Cada moio equivalía a oito olas e cada ola dezaseis litros. Asemade, no Ribeiro Alto un moio equivalía a 132 litros, quizais para compensar a diminución que se ocasionaba pola viaxe e no trafego do viño.

Os pekellos non tiñan unha medida exacta, dependía do tamaño que tivera o castrón ou a cabra á que se lle quitase a pel. Igual oco-

ría coa bota, recipiente pequeno de coiro que se usaba para beber cando se ía de camiño.

VIII. Os itinerarios

Os itinerarios que seguían os arrieiros de cara o Ribeiro eran moi variados, dependían do lugar de onde se partise. Mais, podemos establecer, de un modo xenérico, seis camiños de arrieiros:

- a. O camiño vello de arrieiros, o máis antigo, que transitaban tamén na Idade Media os que provían de viño ao mosteiro de Aciveiro, das granxas que o convento tiña no Ribeiro de Avia. Destes dinos Rodríguez Fraiz: *“Uno de los servicios más interesantes y necesarios para el Monasterio era el transporte de vino desde las granjas propias del Ribeiro de Avia. Este costoso menester, dada la situación del Monasterio y los difícilísimos caminos a recorrer, estaba a cargo de los moradores de las Encomiendas, estos debían hacerlo en razón de señorío... Otros vecinos debían prestar este servicio por derecho de foro radicante sobre bienes que fueron o son del convento”*⁴. Este antigo e difícil camiño a recorrer polos arrieiros era o que saía da zona de Ribadavia, subía por Salón, Albarellos, Feás, a Fenteira, Charca das Antas, pasaba por enriba de Arnelas, Trasdamente, o alto do monte Castelo, monte da Barreira -onde había unha telleira-, Pozos da Neveira e Mosteiro de Aciveiro. Os que continuaban camiño cruzaban a ponte de Andón, seguían o camiño de S. Bartolomeu de Pereira, Castro de Muras e Meavía. Aquí bifurcábase e un ía cara A Pena, Sta. Cristina de Vinseiro, a ponte Carrá⁵, seguindo camiño cara A Estrada e Santiago. O outro desviábase por Quintillán, Liripio, Codeseda e A Estrada. Estes camiños tamén eran de ida para o Ribeiro.

4 Antonio Rodríguez Fraiz. “El Monasterio de Acibeiro”, páx. 91. Pontevedra 1973.

5 Informa deste camiño vello Xosé Moa Caramés, de Vilariño de Millerada, home moi hospitalario e de 84 anos de idade.

b. O camiño anterior abandonouse porque era un camiño difícil de transitar e moi perigoso, porque sempre houbo amigos do alleo e daquela tamén. Andando o tempo vaise ver máis favorecido o camiño que parte da Estrada, pasando por Codeseda, a Portela, a Baiuca, a Mámoa (Castrelo), Ponte Gomial, Gaxín, Cachafeiro, Vilapouca, Soutelo, Beariz e Feás. En Feás este camiño bifurcábase pasando un ramal por Albarellos, Salón, Pazos de Arenteiro, etc. O outro ramal seguía de Feás a Brués, a Almuzara, Carballiño e baixaban a Leiro e os diferentes lugares do Ribeiro. Este diríamos que era o camiño principal.

Despois da construción da estrada nº 541, de Barbantiño a Pontevedra, do ano 1852, pasaban o Regueiro, o Paraño, baixaban a Nogueira de Xendive, Brués e a Almuzara; baixando logo a Pazos de Arenteiro ou seguindo cara a Carballiño e Leiro.

- c. O camiño que viña de Pontevedra e subía por Cerdedo, os da Boa Vila chamábanlle o camiño de Castela, pasaba por Folgoso e uníase ao anterior en Vilapouca.
- d. Camiño importante de arrieiros era o que saía de Pontevedra a Rivadavia. Pasaba por Vilarchán, Pé da Mua, Feira de Famelga, lugar de Fraguas (Tabernas), Caroi, Sta. Mariña (Alto do Seixo), Barcia do Seixo, Doade, Beariz, etc. Os arrieiros que pasaban por este camiño transportaban o viño que se consumía en Pontevedra e o que se embarcaba no porto das Corbaceiras, a Moureira, camiño de Inglaterra, no s. XVI⁶.
- e. Había un quinto camiño que partindo de Bandeira a Silleda, pasando por Laro, Freixeiro, Alto da Romiña, Irixe e en chegando a Almuzara uníase ao primeiro e segundo camiño⁷.
- f. Outro camiño non menos importante era o sexto, que se usaba, ás veces, de retorno para burla-lo pago dos impostos de mercado-rías. Viña por Feás, Beariz, Xirazga, S. Domingos, Presqueiras,

6 Informa Xermán Fortes Pousa, tomando a información dos Apeos de Caroi, de 1553.

7 Informante Manolo de Servando, veciño de Bandeira, home de 89 anos de idade, moi polifacético e entretida conversa.

Folgozo, cruzaban a ponte Parada, a Mámoa (Castrelo) e a Baiuca, onde se unían ao camiño b.

IX. Algúns mesóns de arrieiros

En Cerdedo había o mesón do Sr. Xosé Troitiño Sieiro. En Vilapouca frecuentaban o mesón de Felipe Lois e xa en Soutelo a casa de Fermín Xil Penas. Había tamén paradas de arrieiros, xa na provincia de Ourense, na Ermida, nas Antas, no Regueiro, no Paraño e en Nogueira de Xendive. Este último estaba no fondo do Paraño, concello de Boborás, sendo o propietario Manuel Rodríguez García. Aquí paran algúns arrieiros de Cerdedo, Soutelo, Forcarei, A Estrada, etc.

Cando a carga dos carromatos era excesiva, os deste mesón íanlle solear cunha parella de bois, para aliviarlle o peso ata a cima do Paraño⁸.

X. Un pobo de servizos, a Almuzara

A Almuzara é un pequeno lugar da parroquia e concello de Boborás, Ourense, onde confluían varios camiños de arrieiros. Por aquí pasaban os arrieiros de A Estrada, Forcarei e Cerdedo. Tamén os que partían de Bandeira e Silleda, pasando polo Irixo. Atopábanse neste punto os que viñan da zona de Lalín. Era, por tanto, un nó estratéxico, onde lles prestaban moitos servizos ós que se adicaban a esta actividade comercial. Había mesóns e pousadas onde descansaban, comían e pasaban a noite, tanto os animais como as persoas.

Un dos mesóns máis importantes era a casa de Elixio Fernández Penelas⁹. Outro era o de Áureo Peña Salceda, do que informa o seu fillo Manuel Peña Fernández, de 91 anos de idade.

8 A información deste mesón facilitouma, moi amablemente, María Rodríguez Adán, filla do propietario e muller de 90 anos de idade.

9 Informa o seu fillo Ramón Fernández Fernández.

Servizo importante era o que prestaba o “pelexeiro” ou peliqueiro, Lino González Núñez, quen amañaba os pelellos vellos e tamén facía os novos.

Antes da guerra civil do 36, tiñan almacén de viños “Os Castrelos”. Este almacén anteriormente fora dos señores do Pazo da Almuzara, onde gardaban os seus coches de cabalos, que usaban nas súas longas viaxes, segundo información de Anibal García.

Tamén na Almuzara, os arrieiros mercaban a carne e o pan de Cea para, na casa onde cargaban o viño, preparar a comida para todos. Os da casa poñían as patacas, as verzas, o sal e o viño. Facíase un xantar copioso e succulento, ben regado co mellor viño da adegá.

Había dous irmáns que eran ferreiros. O que máis permaneceu no oficio foi Fidel Rodríguez Lama¹⁰, tendo como actividade principal ferrar os cabalos e mulas dos arrieiros que reclamaban este servizo, considerando que os arrieiros eran os que habitualmente ferraban as súas propias mulas.

XI. Os corredores de viño

No Ribeiro, figura importante era a do “corredor”¹¹. A súa función consistía en acompañar ós arrieiros ás distintas adegas, das que el tiña coñecemento da calidade dos viños e segundo as posibilidades económicas do comprador podía haber trato. O vendedor do viño dáballe unha comisión ao corredor.

En Salón había un antigo e importante corredor chamado Manuel Pousa, de alcume “O Vilas”. Cando deixou esta actividade recolleu o testemuño o seu xenro Antonio Díaz.

En Pazos de Arenteiro, concello de Boborás, era corredor Benito Santiago, pai de Indalecio Santiago¹², fundador da dinastía dos

10 Informa o citado anteriormente.

11 Silverio Cañada, editor. Gran Enciclopedia Gallega. Tomo II, pág.216. Buscar termo “arrieiro”.

12 Informa de tódolos corredores Xesús Santiago Iglesias, de Pazos de Arenteiro, de alcume “O Canario”, descendente dos “Artilleiros”.

“Artilleiros”. Outros corredores, descendentes dos anteriores, Xosé, Leonardo, Baltasar e Severino Santiago Pérez, irmáns.

En S. Tomé de Serantes, concello de Leiro, había catro irmáns que eran corredores de viño, andaban polos “Blancote”. Estes eran Roxelio, Avelino, Xosé e Moisés Blanco Santiago.

En Leiro desempeñaban este oficio o Sr.Varela, Rafael, que era sobriño do anterior e Benitiño, este foi axudante da Martina, corredora no Carballiño

No Carballiño tiña moita sona a referida Martina, contando cunha clientela moi numerosa, e tamén Sieiro.

En Castrelo de Miño, “O Campante”, “Os Rusos” de Ventosela, “O Pericocho” e “Os Freixidos”.

No Barral, Castrelo de Miño, había “Os Osorio”, que máis tarde convertéronse en grandes adegueiros, que aínda hoxe están activos.

Outros corredores importantes, co mesmo apelido, na parroquia das Neves, antes S. Estevo do Barral, eran Xosé Osorio Rodríguez, máis coñecido por Pepito, nado no ano 1907. Tamén traballaba con el o seu irmán Alberto.

Xenro de Pepito foi Serafín Senra Osorio, quen seguíu co oficio ata que finou.

Outro corredor do Barral era Honorato.

En Cenlle, Áurea e Tomás.

Cando se ía merca-lo viño, era moi importante a proba nas adegas, levando os arrieiros algún acompañante, case sempre era o corredor, para poder aconsellarse con el.

A proba facíase estando en xaxún, sen comer nin beber. Nunha cunca grande quitaban por un espicho o viño da cuba, dándolle voltas na cunca para apreciar a transparencia, a cor e o aroma. Ao caer con forza o viño na cunca facía coma un rosario, e no seu maxín o arrieiro pensaba: *“si te quedas, voume; si te marchas, quédome”*. Polas paredes da cunca o viño tiña que formar coma unha póla de carballo. Si a tinta se esvaía o viño era froxo. Despois bebían un grollo, enxau-gando a boca, e cuspiáno fóra. Feito este requisito, era cando sabo-

reaban o viño con moita parsimonia. Aínda que o viño fora dos mellores sempre lle atopaban algún defectiño para rebaixalo de prezo.

Sempre que comprador e vendedor non chegaban a pórse de acordo no prezo do viño, era cando o corredor partía pola metade a diferenza. Entón dábanse un apertón de mans, e trato feito.

COMARCA DE TERRA DE MONTES

XII. Arrieiros do concello de Cerdedo

1. Parroquia de S. Estevo de Pedre

Comezando pola parroquia de Pedre, diremos que xa o Marqués de Ensenada, no famoso Catastro de 1752, menciona nesta parroquia a tres arrieiros de viño: Andrés Fernández, Juan Valiñas e Ignacio (i). Estimáballe como ganancia a cada cabalería mular 180 reais e as cabalares 170 r.

Na carballeira de Fornelos, tamén desta parroquia, aínda se conservan as paredes dunha casa vella que, no s. XX, foi almacén de viños do arrieiro Benito Ricoi, o home da “Coscorella”. Desde este almacén repartía o viño, que traía do Ribeiro, polas casas particulares e tabernas dos arredores. Unha noite, os da competencia, abríronlle ás pipas, picáronlle os pelellos e as botas, derramándose o viño pola carballeira. Non sei se como consecuencia desta perda, alá polos anos 1920, emigrou para o Brasil¹³.

2. Parroquia de S. Xoán B. de Cerdedo

Na parroquia de Cerdedo, arrieiros de moita sona foron os Troitiños, familia que xa de antigo lle viña o oficio. Constantino Troitiño Nieto (Tino) e o seu irmán Antonio herdaron o oficio de seu pai, Constantino Troitiño Sieiro, nado este no lugar de Figueroa, da

13 Informante D. Casimiro Valiñas Peleteiro, párroco de Pedre.



Carromato dos Troitiño, no que aparece en primeiro lugar Ramón Barcia Antelo, o criado da casa, de alcume “Parroa”; no medio, ben portado, o propietario Constantino Troitiño Sieiro, e sentado no carro o seu fillo Laureano. Esta foto tomouse en Pontevedra diante da “Casa comercial Severino Martínez”. Ano aproximado 1920.

parroquia limítrofe de S. Martiño, ano de 1886. Xa o pai del, Domingo-Antonio Troitiño Seara, que nacera en Pardesoa, fora tamén arrieiro.

Tiveron unha recua de catro mulas e un macho, chamado “Cuco”, moi valente e corpulento. Máis tarde puxéronse en carromato¹⁴.

Irmán de Constantino Troitiño Sieiro era Xosé, que tamén tiña carromato e foi arrieiro coma el, tendo sona de moi bo catador de viños, ata tanto que seu pai lle quitou a recua de mulas que lle dera. A súa casa, en Cerdedo, era mesón de arrieiros.

Cando Antonio, Laureano e Tino Troitiño xa eran uns mozotes ousaron dicirlle a seu pai que había que modernizarse, deixar as

14 Información de Filomena Troitiño Nieto, de 92 anos de idade, quen me facilitou moi amablemente a fotografía do carromato de seu pai. Asemade, contoume as historias da súa familia con moita cordialidade, realismo e bo humor. Quédolle moi obrigado.

mulas e o carromato e poñerse nun camionciño para ir ao Ribeiro. Mais, o pai cheo de carraxe retrucou –“O *camión ten moitos cabalos e se falla un para. No carromato, con menos cabalos, aínda que falle un cabalo os outros tiran e nunca quedamos na estacada. ¡Non hai camión!*”. Pouco máis tarde mercouse o camión, porque o progreso e a modernidade impúñase.

Os Troitiños combinaban o transporte do viño co de outras mercadorías. Así, ían a Pontevedra facendo parada en Sacos, na de Bruno; en Mourente, na de “Ferradás”. Do almacén de Carrascal, nas Corbaceiras, traían o sal, carbón, etc. O cal traíano da “Caleira”, de Mollabao. De ida, ás veces, tamén levaban, pasados os duros traballos do verán, as mulleres que ían ós baños a Marín.

O reparto do viño facíano por tódalas parroquias e lugares do concello de Cerdedo. Asemade, repartían tamén por Caroi, Corredoira e Sacos.

Os arrieiros que o Marqués de Ensenada sitúa en Cerdedo son:

- Miguel Cobelo, dúas mulas e dúas “hacas”.
- Miguel Cadavid, tres cabalerías.
- Gregorio Lois, tres cabalerías.

Reguláballe a cada cabalería mular 180 reais e polas cabalares 170 reais de vellón.

XIII. Arrieiros do concello de Forcarei

1. Parroquia de Sta. María de Aciveiro

Situémonos en Aciveiro, no lugar de Lamasgalán de Arriba, e atopámonos coa “Casa de Fausto”, que era o nome polo que andaban estes arrieiros de toda a vida, exercendo esta profesión de xeración en xeración. Informa Hermandino Doval Villaverde de seu avó, Andrés Doval Álvarez, e de seu pai Antonio Doval Castro, nado este último en 1886. Todos foron arrieiros.

Tiveran unha recua de oito mulas e un cabalo. Cada mula transportaba de seis a sete olas de viño.

O pai de Hermandino puxérase nun carromato de catro mulas e un macho.

Ían polo viño a Liñariños, Pazos de Arenteiro, Laxas, Cameixa, Vieitez, Berán, Lebosende, Leiro, Riobó, Gomariz, Cenlle, San Amaro, San Sadurniño, etc.

O itinerario destes arrieiros era Lamasgalán de Arriba, Noveliza, a Rochela, Vilariño, Portela de Lamas, Beariz, Feás, Almuzara, etc. Este itinerario de ida e volta cubríano en dous días.

A venda do viño facían por Millerada, Covas, Dúas Igrexas, Aciveiro e a zona de Silleda.

Referidos a esta parroquia o Marqués de Ensenada menciona ós arrieiros seguintes e di: que a estes regulóuselles por cada unha das súas mulares 180 reais e ás cabalares 110.

- Juan Antonio de Muras, Bernardo do Val, Bernardo Filloi, Benito Morgade, Benito Filloi e o seu fillo que tamén é cereiro. Diego Cortizas, Josph Nercellas, Domingo Barreiro, Joseph Touriño, Gregorio Gohais, Juan Rozados, Domingo Filloi, Benito Balsearos, Ignacio Caramés, Francisco Filloi, Lorenzo Rozados, Mauricio Rozados, Ángel Gestoso, Juan Rozados, Malaquías Álvarez, Juan Cendón, Domingo Villaverde, Manuel Pichel, Bernardo Cardesín, Bernardo Barciela, Ángel Villaverde, Rápale Barreiro, Francisco Doval e o seu fillo Pedro Bieitez?, Pedro do Couto, Antonio Truitiño, outro Manuel Pichel, Andrés do Val, Manuel Ramos, Thomás Villaverde, Juan Pereira, Miguel Bieites?, Manuel Villaverde.

2. Parroquia de S. Nicolás de Ventoso (Ventoso)

No lugar de Vilapouca, pretiño de Soutelo, había un arrieiro que andaba polo Roquiño, Severino Janeiro Prado¹⁵, quen tiña un carro-

15 Dos datos referidos ao Roquiño informa a súa filla, de oitenta anos de idade, Cuncesinda Janeiro Dapena.

mato con seis mulas. O alcume de Roquiño víñalle de seu pai, que andaba por Roque de Sanguñedo, aínda que este non fora arrieiro.

O Roquiño quixo modernizarse e mercou un camionciño, que lle puxo de nome “O Mixto”. Mais, como non se afacía co camión volveu de novo ao carromato, con tan mala fortuna que morreu como consecuencia do couce dunha mula cando ía, en Sacos, camiño de Pontevedra. Finou á idade de 42 anos en 1941.

O reparto do viño era en cabalo polos lugares de San Marcos, Sanguñedo, Vilariño, Ventoso e Millerada. En Folgoso, cliente habitual era D. Benigno Vilaboa, o Sr. Cura da parroquia, con quen tiña moita amizade.

Este rueiro de Vilapouca pertencía á parroquia de Ventoso (Ventoso), pero pola proximidade a Soutelo, o 5 de decembro de 1987, no pontificado de Rouco Varela, pasou a formar parte da parroquia da Madanela.

No Catastro de Ensenada, con relación a esta parroquia, non figura ningún arrieiro. Aparece como traficante de viño Antonio de Penas.

3. Parroquia da Madanela (Soutelo de Montes)

En Soutelo de Abaixo había a “Casa dos Carteiros”, hoxe moi renovada, da que eran donos Gumersindo García e a súa dona Benita Dapena, que tiñan a concesión de Correos, panadería e venda de viños. Alá polos anos 1915 tiñan carromato de cinco mulas para levar o correo de Soutelo a Forcarei e ir polo viño ao Ribeiro¹⁶. Viaxaban tamén a Marín levando aquelas mulleriñas a quen despois do verán o médico receitáballes moito descanso e baños de mar. Os de Marín, desprezativamente, chamábanlles “As Poubanas”.

O camiño do Ribeiro, saíndo de Soutelo, pasaba pola Ermida, o Regueiro, o Paraño, Brués e a Almuzara, onde collían o ramal que máis lles conviña: cara o Carballiño ou cara a Pazos de Arenteiro.

16 A fotografía do carromato e a información sobre “Os Carteiros” foi cortesía de Vicente Bugallo García, “Tena”, neto do propietario do carro.



Carromato dos “Carteiros”, de Soutelo. O que está onda o carro, fillo do dono, é Ánxel García Dapena. No balcón están o matrimonio Gumersindo García e Benita Dapena con algúns dos seus fillos e fillas.

O Catastro do Marqués de Ensenada fai relación dos seguintes arrieiros nesta parroquia, regulándolle a cada cabalería mular 180 reais e as cabalares 110.

- Jacinto Golias, 3 “hacas”, 330 rs.
- Francisco Cabada, 4 “hacas”, 440 rs.
- Juan Fernández, 4 “hacas”, 440 rs.
- Christóbal de Barro, 2 “hacas”, 220 rs.
- Domingo Casdo, 6 “hacas”, 660 rs.

4. Parroquia de S. Martiño de Forcarei

No lugar de Cachafeiro, Virxinia López Fernández, muller de oitenta e sete anos de idade, despois de convidarnos en cordial e amena conversa, ao seu fillo Luís Guzmán López e a quen subscribe, a unha cunca de viño na antiga taberna da súa propiedade, lembra ós seguintes arrieiros do lugar:

Indalecio López Balseiros, que aínda fora parente dela e padriño, tiña carromato. O reparto era por Gaxín, Cabanas, Covas, Castrelo, o lugar da Ponte, Forcarei, etc.

Outro arrieiro importante era Ramón Fernández Chamosa, propietario tamén da fábrica de curtidos. Tiña carromato e nove mulas. Facía o reparto do viño por Castrelo, Parada, Folgoso, Millerada, Dúas Igrexas, etc.

Gumersindo Márquez, o “Señor Amede”, foi arrieiro de sona. Tiña carromato e vivía na Ponte Freixeira. Cando abandonou o carromato e mercou un camión púxolle de nome: “*El fundador de su pueblo*”, porque el foi o primeiro en construír casa no lugar.

É moi célebre Benedicto, xenro do señor Amede, home pándego onde os houbese. Cando ía a Pontevedra, onde non o coñecían, e quería resaltar de viva voz os encantos de algunha moza, que a carón del pasaba, dicíalle. -“*Adiós, guapa*”. Ela contestaba airosa. -“*No puedo decir yo lo mismo de usted*”. El retrucáballe. -“*Pues, diga mentiras como yo*”. O inxeño e agudeza dos paisanos desta terra é sorprendente.

Tamén na ponte Feixeira houbo outro arrieiro chamado Manuel Morgade Rei. Tivo recua e carromato de 5 mulas. O reparto do viño era por Millerada, Castrelo, Parada, Folgoso e as parroquias limítrofes. Alá polos anos 1930, mercou un autocar para ir ás feiras, festas e mercados. Ao longo de moitos anos facía a liña, mércores e sábados, Forcarei-Pontevedra-Vigo-Pontevedra-Forcarei.



O arrieiro Indalecio López Balseiros, deferencia da súa afillada Virxinia López Fernández.

Chofer do “Numancia”, que así lle puxera ao coche, era o seu fillo Euloxio Morgade Varela. Quen atendía a taberna da Freixeira era o seu xenro Xesús Canabal Barreiro, que andaba polo “Xuano” e seguíu varios anos co viño.

Estes arrieiros de Cachafeiro non só levaban viño, senón que tamén utilizaban os carros para transportar outras mercadorías. E ata para levar ós canteiros, que despois de pasar o inverno nas súas casas, ían traballar ás obras.

Dentro da parroquia de Forcarei hai un pequeno lugar chamado “As Casetas”, onde houbo un arrieiro de nome Xosé María Doval Muras¹⁷ con recua de mulas, indo ao Ribeiro para a súa taberna e para vender polos arredores. Tamén carrexaba sal de Pontevedra e cal de Vilagarcía.

A carón do anterior vivía Manuel Garrido, que repartía o viño polas casas de cerca, non saía lonxe.

Nesta parroquia figuran, no tantas veces mencionado Catastro de Ensenada, os seguintes arrieiros:

- Thomás Ferrín, Rosendo Mouteira, Gregorio Fernández, Gregorio de Camba e Eliseo Pichel.
- Como traficante de viño menciona ao sobredito Thomás Ferrín.

5. Parroquia de S. Pedro de Quintillán

Na Graña de Cabanelas, parroquia de Quintillán, eran arrieiros de viños Xosé Andión Garrido¹⁸, pai de Francisco Andión Cabada e avó de Xosé Andión Armada. Tiñan carromato e repartían o viño pola zona da Baña, Negreira. Paraban na casa de Cosme, de Nantón, onde gozaban en propiedade dunha adega que ultimamente lle venderon ós da casa onde paraban. Tamén repartían o viño por toda a zona de Montes.

¹⁷ Informa Xosé Doval.

¹⁸ Informante Xosé Andión Armada, que foi de neno con seu pai ó Ribeiro.



Caseta de Xosé Andiión Garrido. Foto de Santigonzaga.

Na estrada de Forcarei a Codeseda, no cruce que leva a Levoso, tiñan unha caseta onde almacenaban o viño que traían do Ribeiro.

Estes, ademais da Almuzara, facían parada no fondo do Paraño, en Nogueira de Xendive, Boborás.

Da parroquia de Quintillán era tamén Manuel Arca Carracedo¹⁹, finando ós 50 anos de idade, en 1952. Tivera unha recua de oito mulas, adquirindo máis tarde un carromato. Seu pai tamén fora arrieiro cunha recua de dez mulas.

O camiño do Ribeiro facíanlo saíndo de Quintillán, pasando por Forcarei, Vilapouca, Soutelo, A Ermida, Feás, dirixíanse a Salón, cruzaban cara a Pazos de Arenteiro e Liñariños. Nestes lugares aprovisionábanse de viño, retornando para a casa pola Almuzara, onde facían noite. Outras veces paraban na casa de Manuel do Regueiro. A viaxe leváballe dous días.

¹⁹ Informa Isidro Arca Villar, que de mozote acompañaba a seu pai na procura do viño do Ribeiro.



De Santigonzaga: A primeira caseta pola esquerda era de Manuel Rozados Fernández, hoxe vendida ós “Cregos de Quintillán”. A segunda, de Andrés Garrido, da Graña. A terceira, de Xosé Cabada Morgade, de Cabanelas. Foto de Santigonzaga.

Cando regresaban almacenaban o viño na súa propia casa e levábane a Sta. Comba e á zona de Xallas. Ían pola Estrada, Ferreiro, Ameneiro, Osebe, Bugallido, Ortoño, Bertamiráns e Pontemaceira.

Na Graña de Cabanelas, tamén da freguesía de Quintillán, era arrieiro Manuel Rozados Fernández²⁰, nado no ano 1896. Este depositaba o viño, ao regreso do Ribeiro, nunha caseta que tiña na Baiuca. Polos anos 1950 puxérase nunha camioneta e nun autocar de viaxeiros.

“*Baiuca é un termo de xermania que funcionaba nalgúns lugares como sinónimo de taberna*”²¹. Por iso onde estaban estas casetas nas que se almacenaba o viño –había catro ou cinco– chamábanlle “As Baiucas”, tomando este nome o monte próximo e o lugar.

Manuel Fernández²² igual que o anterior, era da Graña de Cabanelas. Depositaba o viño nunha caseta, a primeira da dereita indo de Forcarei cara A Estrada, na Baiuca. Hoxe é doutro propietario.

Repartía o viño por Castrelo, Ribela, Liripio, etc.

20 Informa Francisco Rozados, “Rochi”, neto do arrieiro.

21 Rafael Chacón Calvar e Manuel Rodríguez Alonso. Dicionario Crítico de dúbidas e erros da Lingua Galega, páx. 58. Edicións do Castro. A Coruña 1993.

22 Información de César Nercellas Cabada, gran coñecedor da zona e descendente de arrieiros.



De Santigonzaga: Caseta que foi de Manuel Fernández. Foto de Santigonzaga.

Estes dous arrieiros eran coetáneos e polos anos 1950 estaban activos.

O termo “Graña”, que se lle aplica a Cabanelas, vén de que no medioevo fora unha granxa do Mosteiro de Aciveiro, e moi posiblemente eran os que abastecían de produtos agrícolas e de viño ós fraides do convento.

O Catastro fai referencia a:

- Gregorio de Val.
- Pedro Salgueiro.

XIV. Arrieiros do concello de A Lama

1. Parroquia de Sta. Ana da Barcia do Seixo

No rueiro de Cambeses, nesta parroquia da Barcia, houbo un arrieiro de moita sona e gran poderío económico. Chamábase Severino Cortizo Vidal²³, era fillo de Miguel Cortizo Cambeses,

²³ Informa Naír Cortizo González, neta do arrieiro, a quen lle agradezo me facilitase os libros de contas de seu avó, de onde se tomaron os datos do itinerario ó Ribeiro e o reparto do viño.

tamén arrieiro, e María Vidal, abrindo os seus ollos á luz de este mundo o 28 de xuño de 1883, no lugar de Os Moreiras, nesta mesma freguesía. Casa no lugar de Cambeses adicándose ao transporte, venda e reparto de viño do Ribeiro. Tiña unha recua de 20 mulas, o que nos dá idea do seu estatus económico e volume comercial. Mais, non hai gusto cumprido. No Pé da Mua, Pena Corneira, había unha muller cobizosa e de mal ollo, que sempre que pasaba por alí, aldraxábaos mofándose del - *“Arrieiro de 20 mulas, dezanove son prestadas e as outras súas”*.

O camiño que o levaba ao Ribeiro era por Doade, Beariz, Feás, Almuzara, Carballiño e por todo o Ribeiro compraba viño, pero en Leiro era onde máis se abastecía.

Tiña unha zona de reparto moi ampla que comprendía as parroquias da Barcia, Caroi, Corredoira e Presqueiras; en Cerdedo, entre outros, era cliente seu o farmacéutico da localidade, D. Constantino Gamallo Soto. Tamén repartía por Covelo, Seixido, As Antas, Rebordelo, Carballedo, A Lama, Pontecaldelas, O Pelete, Loureiro de Cotobade, etc.

Este home, emprendedor e negociante, pecha os ollos á luz deste mundo o 25 de novembro de 1964.

Nesta mesma parroquia, no lugar de Os Moreiras, houbo un arrieiro chamado Severino Cortizo Cambeses²⁴, parente (non irmán a pesares da coincidencia dos apelidos) do nomeado anteriormente Miguel Cortizo Cambeses, que casou con Balbina Bouzas Carballal e debeu nacer polos anos 1850. Un fillo deste arrieiro, moi novo por certo, levando viño a Valongo co pai, subiu a unha cruz que había no adro da igrexa, destemperándose ámbolos dous, cruz e rapaz, finando este do tráxico accidente.

O itinerario que o levaba ao Ribeiro, era saíndo do seu lugar de Os Moreiras, chegaban a Portela da Cruz, e pasando por Doade, seguía o camiño do arrieiro anterior.

24 Informa María-Victoria Moreira Varela, bisneta do arrieiro.

O reparto era pola zona, Valongo, A Lama, Pontecaldelas, Caroi, Corredoira, Aguasantas, etc. Este arrieiro era dono de dez ou doce mulas.

O Borralleiro é un lugar da freguesía da Barcia, onde houbo un arrieiro que atendía polo nome de Dorindo Antón Fernández²⁵, natural de Taboadelo, rueiro da mesma parroquia.

Ó casar fixo almacén de viño e casa de cantería para vivir, moi boa por certo, no referido lugar do Borralleiro. Foi arrieiro de sete mulas, pódose máis tarde nun carromato, do que conservan na casa, como unha reliquia, o pescante. Finou no ano 1933. O seu fillo, Manuel Antón Cota, seguiu os pasos do pai no oficio, pasando posteriormente a propietario dun coche para o transporte do viño.

O itinerario do Ribeiro era pasando por Doade, Beariz, Magros, Feás e Pazos de Arenteiro. Outra ruta era por Avión, Pedra Corneira, Paredes e Leiro. Outras veces seguían a Beiro, S. Clodio, etc.

O reparto era pola Barcia, Seixido, Covelo, Antas, A Lama e Pontecaldelas, chegando ata Tourón.

O Marqués de Ensenada nomea a 40 arrieiros nesta parroquia da Barcia. Son arrieiros de viño, porque do contrario especificaría como fai noutras parroquias de Montes. Os nomes son estes:

- A Antonio, fillo de Benito Antón, pola utilidade que ten de dúas mulas e un “haco” de carga no exercicio de arrieiro regulámoslle ao ano 340 reais.
- A Bernardo do Val polo mesmo exercicio, fillo de María González, con dous “hacos” de carga regulámoslle de utilidade ao ano 200 reais.
- A Manuel Justo polo mesmo exercicio por dúas mulas e dous “hacos” de carga regulámoslle ao ano 400 reais.
- A Joseph Portela con tres “hacos” de carga regulámoslle ao ano 300 reais.
- A Andrés Moreira, o mozo, considerámoslle de utilidade ao ano 300 reais.
- A Antonio Vidal, con dous “hacos” de carga, ao ano, considerámoslle 200 reais.
- A Alberto Cerdeira, con dous “hacos” de carga, considerámoslle ao ano 200 reais.

25 Informa, con atención esmerada, María Ánxeles Antón González, neta de Dorindo e filla de Manuel, ámbolos dous arrieiros. Esta amable informante aínda leva o apelido do primeiro arrieiro que figura na relación do Marqués de Ensenada.

- A Alonso Barreiro, polo mesmo exercicio, considerámoslle ao ano, con 3 “hacos” de carga, 300 reais.
- A Fernando Carreira, por 3 “hacos” de carga, 300 reais.
- A Fernando Vidal regulámoslle, por dous “hacos” de carga, 200 reais ao ano.
- A Francisco Barreiro, con 3 “hacos” de carga, regulámoslle ao ano 300 reais.
- A Pedro Justo, con dous “hacos” e unha mula de carga, regulámoslle ao ano 320 reais.
- A Rosendo Moreira, con tres mulas e un “haco”, regulámoslle ao ano 460 reais.
- A Roque de Frubida?, con tres mulas de carga, regulámoslle ao ano 360 reais.
- A Esteban? Malvar, por un “haco” regulámoslle 100 reais.
- A José Moreira, fillo de Elena Cortizo, régúlaselle por 5 mulas de carga 600 reais.
- A Juan Frubida?, con tres mulas de carga, regulámoslle ao ano 360 reais.
- A Roque, fillo de Andrés Varela, con 3 “hacos” de carga, regulámoslle ao ano 300 reais.
- A Juan, fillo de Alvaro Vidal, con dos “hacos” de carga, regulámoslle ao ano 200 reais.
- A Pedro Adán, con dous “hacos” de carga, regulámoslle 200 reais ao ano.
- A Luís Vidal, con 3 mulas e un “haco” de carga, regulámoslle ao ano 580 reais.
- A Sebastián Vidal, con unha mula e dous “hacos” de carga, regulámoslle ao ano 320 reais.
- A Cristóbal de Carballal, con 2 mulas e un “haco” de carga, regulámoslle ao ano 340 reais.
- A Manuel Carballal, con 4 mulas de carga, regulámoslle ao ano 480 reais.
- A Domingo de Carballal, o mozo, con 4 mulas de carga, regulámoslle ao ano 480 reais.
- A Miguel Carballal, fillo de Domingo Carballal, o vello, con dúas mulas de carga, regulámoslle ao ano 240 reais.
- A Miguel Carballar, con tres mulas de carga, regulámoslle ao ano 360 reais.
- A Francisco Carvallar, xenro de Andrés Carvallar, con tres mulas de carga, regulámoslle 360 reais ao ano.
- A Francisco Fernández, con 3 mulas de carga, regulámoslle 360 reais.
- A Pascual Moreira Cambeses, por dous “hacos” de carga regulámoslle 200 reais.
- A Pedro Malvar, con dúas mulas e un “haco” de carga, regulámoslle 340 reais.
- Nivardo? Vilanova, con dúas mulas e un “haco”, regulámoslle ao ano 340 reais.
- A Ignacio, fillo de Gregorio Cota, con tres “hacos” de carga, regulámoslle 300 reais.
- A Andrés Moreira Cornedo, con dous “hacos” de carga, regulámoslle 200 reais ao ano.
- A Antonio Cota, con dous “hacos” de carga, regulámoslle ao ano 200 reais.
- A Andrés, fillo de Antonio Moreira, con tres “hacos” de carga, regulámoslle ao ano 300 reais.
- A Francisco Cota, con tres “hacos” de carga, regulámoslle ao ano 300 reais.

- A Gabriel Garrido, con dous “hacos” de carga, regulámoslle ao ano 200 reais.
- A Benito, fillo de Santiago Corval, con 2 “hacos” de carga, regulámoslle ao ano 200 reais.
- A Thomás de Soto, cun “haco” de carga, regulámoslle ao ano 100 reais.

XV. Concello de Beariz

1. Parroquia de Sta. María de Beariz

No concello de Beariz hai tres parroquias que pertencen á Terra de Montes. Son as parroquias de Sta.Cruz de Lebozán, S. Salvador de Xirazga e a de Sta.María de Beariz. Nestas parroquias había poucos arrieiros, porque dada a proximidade ao Ribeiro cada un ía polo viño para si, polo seus propios medios. Ou lle collían o viño a outros arrieiros que por alí ían de camiño.

Polos anos 1940-50 arrieiros desta parroquia eran: Xosé Roo Gulías, de Alvite, rueiro da parroquia de Beariz, tiña cabalos.

Francisco Rodríguez, de Beariz, tiña dúas mulas.

Emilio Gulías Pérez²⁶, máis coñecido polo tío Emilio, era natural de Alvite, sendo en principio tratante de gando nas feiras. Casou con Francisca Fornos Valiñas, construíndo nun solar do sogro, Camilo Fornos, unha casa en Beariz. Nela puxo un mesón e mercando dous cabalos empezou a andar de arrieiro, indo el mesmo polo viño a Cabanelas, Salón, Albarellos, Leiro, Beade, etc.

No lugar de Muradás vivía Claudino Rivas Muradás²⁷, quen repartía o viño en odres pola parroquia.

Entre os anos 1920-25 era arrieiro da Bouza Xosé Ogando Guerra, con dous cabalos e unha mula.

No inventario de Zenón de Somodevilla aparecen nesta parroquia:

26 Informa Xosefa Gulías Lavandeira, neta do arrieiro Emilio e a cunhada deste, Hermosinda Mirón, muller de 91 anos de idade.

27 Informa Xesús A. Gulías Lamas, investigador, natural de Beariz e gran coñecedor da zona. Quedándolle moi agradecido pola valiosa información das parroquias de Beariz e Lebozán.

- Bartolomé Paz, dúas cabalerías.
- Jacinto Troitiño, dúas cabalerías.
- Cristóbal de Otero, dúas cabalerías.
- Domingo Diz, dúas cabalerías.
- Domingo Quireza, unha mula.
- Bartholomé Ramos, dous cabalos e unha mula.
- Pedro Fernández, dúas cabalerías.
- Pablo Sieiro.

2. Parroquia de Sta.Cruz de Lebozán

Xosé Lorenzo, de Sta. Cruz de Lebozán, tiña varios cabalos.

Dentro desta parroquia, no lugar dos Liñares, era arrieiro famoso “O Fírvida”, que era o pai de D. Manuel Fírvida Lorenzo, párroco de Beariz ata 1947. Tiña seis mulas.

Na Ermida, tamén desta parroquia, vivía o arrieiro Castor, máis coñecido como “O Artilleiro da Ermida”, tiña carromato e sete cabalos. A ruta del para o Ribeiro era por Lebozán, Beariz, Feás, Salón e Pazos de Arenteiro.

Repartía o viño polas parroquias limítrofes, principalmente por Beariz.

Este arrieiro combinaba este oficio co de peixeiro. Traía o peixe no seu carromato da Vila de Pontevedra, facendo ruta pola estrada 541 e repartindo principalmente por Beariz. Facíalle moita competencia, no negocio do peixe, “O Tiñoso”, de Pardesoa. Este tiña carromato e catorce cabalos, dos que uns descansaban mentres que os outros ían de viaxe.

No Catastro de Ensenada figuran como arrieiros de viño:

- Francisco Gulías, 4 cabalerías.
- Bartholomé Rodríguez.
- Ignacio Lorenzo.

COMARCA DE TABELIRÓS

XVI. Arrieiros do concello de A Estrada

Deixando atrás os concellos de Cerdedo, Forcarei, A Lama e Beariz, entramos no concello da Estrada e, de un xeito especial, nas parroquias situadas ao sur do concello, as que limitan con Forcarei e Cerdedo. Nestas parroquias de Liripio, Sabucedo, Codeseda, Vinseiro, Arca e Nigoí proliferan gran número de arrieiros, quizais por estar no camiño do Ribeiro ou próximas a el.

1. Parroquia de S. Xoán de Liripio

No lugar de Cabanelas, da referida de Liripio, aparece Xosé Caramés Garrido, que no 1889 inscribe no Rexistro Civil de A Estrada ao seu neto Manuel Nercellas Caramés²⁸, figurando na partida como maior de idade, casado e de profesión arrieiro. O cativo era fillo lexítimo de Manuel Nercellas Carballo e da súa muller, Concepción Caramés García. Tiña unha recua de mulas, facendo o reparto do viño por Santiago e a súa bisbarra.

Tamén de Cabanelas e parentes do anterior eran Xoán Caramés, Miguel Caramés, Lorenzo Caramés e Xacobo Caramés. Tiñan unha recua de dez mulas sendo Santiago e os arredores o lugar principal de reparto. Os Carameses foran unha familia importante de arrieiros, desempeñando esta profesión xa en 1809.

O itinerario pasaba, en chegando a Soutelo de regreso do Ribeiro, pola ponte de Ventoxo, O Cachafeiro, Gaxín, cruzaban a ponte medieval de Gomial, A Mámoa en Castrelo, ata A Baiuca. Aquí o camiño bifurcábase e uns collían o camiño da Portela, Codeseda, Nigoí e A Estrada. Outros ían por Quintillán, Meavía, Vinseiro, A Pena e A Estrada.

²⁸ Informa o seu tataraneto, César Nercellas Cabada, bo amigo e compañeiro de docencia no Colexio Público de S. Xoán B. de Cerdedo.

Constante Guinarte Guinarte, tamén desta freguesía, facía o reparto do viño, en bestas de carga, pola cidade do Apóstolo e arredores. Este arrieiro debeu finar polos anos 1950.

Xosé Cabada Morgade pechou os ollos a este mundo no ano 1.986, sendo o derradeiro arrieiro dunha familia adicada a esta actividade comercial. Xa seu pai, Antonio, tivera carromato de dúas mulas. Províanse de viño no Barral, Castrelo de Miño, Ribadavia, Leiro, etc. Ao final pasou a ter camiión propio.

O reparto era por Pontemaceira, Portomouro, etc. Tiña unha caseta en Pontemaceira e outra na Baiuca, onde almacenaba o viño.

En Cabanelas había outro arrieiro chamado Xosé García, que repartía o viño polas parroquias limítrofes, en bestas de carga, sen saír a fóra.

O Marqués de Ensenada, 1.752, recolle no lugar de Liripio, da parroquia do mesmo nome, os arrieiros seguintes:

- Juan da Silva ten seis cabalerías e fai de porte tres moios e dous canados de viño en cada viaxe...2.260 reais.
- Manuel Nercellas ten cinco cabalerías coas que fai de porte dous moios e medio en cada viaxe...800 reais. Ten 66 anos de idade, viúvo, vivindo con el o seu fillo Gabriel Nercellas, de 43 anos, e un criado.
- Domingo Pumares ten 5 cabalerías coas que fai de porte, en cada viaxe, dous moios e medio de viño, 800 reais.

No lugar de Quintáns:

- Juan Antonio García ten 4 cabalerías coas que fai de porte dous moios e medio de viño, 800 reais.
- Bartolomé de Arca ten seis cabalerías coas que fai de porte tres moios e medio de viño en cada viaxe.
- Lucas de Arca ten 5 cabalerías facendo en cada porte dous moios e medio de viño, 800 reais. De 45 anos de idade, casado e con tres fillos.
- Gabriel Ventoso ten 6 cabalerías coas que fai de porte 3 moios e medio de viño en cada viaxe, 960 reais. Arrieiro de 36 anos de idade, casado e con 4 fillos.

No lugar de Cabanelas:

- Joseph Guinarte ten sete cabalerías coas que fai un porte de tres moios e tres canados de viño en cada viaxe, 1.200 reais.

- Vitorio Cavada ten 4 cabalerías coas que fai de porte en cada viaxe dous moios, 640 reais.
- Andrés Carvalho, ten cinco cabalerías coas que fai de porte en cada viaxe dous moios e medio de viño, 800 reais. Casado, con dous fillos e dúas fillas, de 44 anos de idade.
- Gonzalo García ten 5 cabalerías facendo de porte en cada viaxe dous moios e medio de viño, 800 reais. Casado, de 20 anos de idade e ten unha filla.
- Ignacio Guinarte ten catro cabalerías facendo de porte en cada viaxe dous moios de viño. 640 reais. Está casado, de 68 anos de idade e ten unha filla.

Lugar de Xestás:

- Miguel Caramés ten sete cabalerías facendo en cada viaxe catro moios, 1.280 reais. Arriero, de 34 anos, casado, con tres fillos e dúas fillas.
- Andrés Caramés ten seis cabalerías coas que fai de porte en cada viaxe 3 moios e medio de viño, 960 reais. Labrego e arriero, 50 anos de idade, casado, con dúas fillas.
- Ignacio Taboada ten 5 cabalerías facendo de porte en cada viaxe dous moios e medio de viño, 800 reais. Arriero, de 40 anos, casado e con dous fillos.

Como se pode comprobar nesta relación de arrieiros, que nos facilita o Marqués de Ensenada, podemos concluír que a parroquia de Liripio é un viveiro de transportistas de viños. Tiñan unha actividade comercial moi intensa e o campo de traballo era moi extenso.

Estes arrieiros da parroquia de Liripio facían dezaseis viaxes ao ano, na procura do viño ao Ribeiro, segundo fai referencia o repetido Catastro de Ensenada.

2. Parroquia de S. Lourenzo de Sabucedo

No Catastro do Marqués de Ensenada figuran 10 arrieiros nesta parroquia de S. Lourenzo de Sabucedo, podendo supoñer que na maior parte dos casos herdaron esta profesión dos seus devanceiros.

- Ambrosio Cavada, 5 cabalerías coas que facía de porte dous moios e medio de viño en cada viaxe.
- Antonio de Castro con seis cabalerías, porta tres moios de viño en cada viaxe.
- Torcuato Alonso, 5 cabalerías que traen en cada viaxe 3 moios de viño.
- Phelipe Ovelleiro, con 4 cabalerías, fai en cada porte dous moios de viño e unha ola.

- Santiago Gosende, con 6 cabalerías, fai de porte en cada viaxe 3 moios e medio.
- Lucas Monteagudo con sete cabalerías fai de porte en cada viaxe tres moios e dous canados e medio.
- Miguel Gosende con 5 cabalerías fai de porte en cada viaxe dous moios e dous canados e medio.
- Juan de Bouzas, con 6 cabalerías, fai de porte tres moios e dous canados e medio en cada viaxe.
- Juan Cavada con 7 cabalerías fai de porte en cada viaxe tres moios e dous canados e medio.
- Ciprián Ovelleiro con 7 cabalerías fai de porte en cada viaxe catro moios e unha ola²⁹.

Segundo o Marqués de Ensenada, estes arrieiros facían cada un dezaseis viaxes ao Ribeiro, o que nos dá unha idea da gran actividade que desenrolaban e a cantidade de viño que transportaban.

Antonio Castro Monteagudo³⁰, arrieiro, figura segundo no Marqués de Ensenada como veciño de Sabucedo. Suponse que os seus devanceiros eran tamén arrieiros, sendo fundadores dunha dinastía de arrieiros que alcanza ata mediados do século XX. Fillo del foi José de Castro Gosende. Deste nace Felipe Castro Cabada³¹, 1799, que era labrador e arrieiro, segundo consta no libro de contas da Rapa das Bestas.

Fillo do anterior é Jacobo Castro Cabada, 1826-1.904. En 1.866, descendente do anterior, nace Lino Castro Garrido³², seguindo a profesión de arrieiro, que lle vén por tradición familiar dos seus antepasados. O oficio de arrieiro, ao xeito tradicional, en Sabucedo, morre con este personaxe, finando el en 1951.

Este derradeiro arrieiro almacenaba o viño na súa casa e facía o reparto pola zona de Sta. Comba, Cee e Corcubión, na provincia da Coruña.

29 Manuel Cabada Castro. "A rapa das bestas", de Sabucedo, páx. 92 . IR INDO EDICIÓNS. Vigo 1992.

30 Manuel Cabada Castro. Breve historia xenealóxica do apelido "Castro", inédita.

31 O. C. anteriormente.

32 O. C. anteriormente.

A abundancia de arrieiros en Sabucedo venlle dada pola antiga dependencia “servizal” desta parroquia co mosteiro de freiras bieitas de Codeseda³³.

3. Parroquia de Sta. Cristina de Vinseiro

No lugar da Pena, que pertence a esta parroquia, había uns arrieiros que viñan desempeñando esta actividade, de pais a fillos, dende tempo inmemorial.

Manuel Troitiño Rozados tiña unha recua de 10 a 12 mulas, quen máis tarde púxose nun carromato. En cada mula levaba dous pelellos de viño, de 4 olas cada un, (64 litros). Fillo do anterior era Manuel Troitiño Neira, que seguiu os pasos do pai, morrendo ós 60 anos de idade, en 1943. Fillo deste, arrieiro coma el, foi Daniel Troitiño Núñez³⁴, pódose xa nunha camioneta. Converténdose ao final nunha empresa de autocares para o transporte de viaxeiros, empresa que aínda hoxe traballan os seus descendentes. Esta transformación deuse en case tódolos arrieiros. Irmán del foi Manuel Troitiño Núñez, tamén arrieiro coma os anteriores. Vivía na parroquia de Cereixo, finando con el este sacrificado á vez que led o oficio.

O reparto facíano pola propia parroquia, polos arredores e principalmente na Vila da Estrada.

O Catastro do Marqués de Ensenada fai referencia nesta parroquia de Vinseiro ós seguintes arrieiros:

- Blas González, Bartolomé de Sanmartín, Marcos de Noia, fillo de Martín Fernández e Miguel da Pena. Regulándolle a cada un deles, en cada ano, de utilidade 420 reais de Vellón.
- A Antonio de Sanmartín, tamén arrieiro, pola industria do viño ao ano, 588 reais.
- Domingo Antonio Folgar, fillo de Rosa de Andujar, regúlanlle 504 reais de utilidade ao ano.

33 Manuel Cabada Castro. “A rapa das bestas”, de Sabucedo. “Historia e antropoloxía dunha tradición”, páx.91. IR INDO EDICIÓN. Vigo, 1992.

34 Informa María Núñez Gestoso, muller de Daniel Troitiño Núñez, de 93 anos de idade, casou con dezanove anos.

4. Parroquia de S. Xurxo de Codeseda

Nesta parroquia de Codeseda houbo un arrieiro chamado Xosé Quivén, que tiña dous cabalos.

O reparto do viño facíao pola parroquia e arredores.

Juan Eirín³⁵, arrieiro do lugar de Abragán, Codeseda, quen debeu nacer arredor dos anos 1890, tiña unha recua grande de mulas. O seu fillo, Xosé Eirín Rivas, herdou de seu pai o oficio e chegou a ter ata 20 cabalerías entre mulas e eguas. Tiña moitas cabras para abastecerse de pelellos. Varios criados que atendían o moito traballo que había na casa, queixábanse da comida que lle daban. Porque cando mataban as cabras dáballes de comer os miúdos, alimento que non lles gustaba e dicíanlle - “*¡isto non vai, mi amo!*”. —“*¡Comede, caracha, comede!*”, contesta o amo, home que arelaba engrandecer a casa e tiña moito afán de riqueza. Finou alá polos anos 1940. Continuou coa tradición familiar o seu fillo Manuel Eirín Torres, que se puxo nun camiión para ir o Ribeiro. Facía o reparto, ademais de Codeseda e A Estrada, por Santiago, a zona de Negreira e Sta. Comba³⁶.

Arrieiro da Devesa era Juan Eirín Cadavid, tamén da parroquia de Codeseda, que nada tiña que ver cos anteriores. Repartía por Codeseda, Ribela, Quireza, Sabucedo, etc.³⁷.

Outro arrieiro importante de Codeseda foi Manuel Álvarez Rodríguez³⁸, natural de Nogueira de Ramuín, Ourense. Antes de adicarse a arrieiro fora vendedor de teas, e namorándose do pobo de Codeseda, el e a súa dona, establecéronse nesta parroquia montando unha casa de ultramarinos, teas e venda de viños. Decatándose que o viño tiña moita saída púxose nunha recua de mulas e máis tarde nun carromato, vendendo viño na súa taberna e polas parroquias limítrofes, converténdose ademais en arrieiro de moita sona.

35 Informa Senén das Quintas, Codeseda.

36 Informa o anterior.

37 Informa idem.

38 Deste arrieiro informa o seu neto Luís Álvarez Fraiz e a irmá deste, Beatriz, muller de 78 anos de idade, fillos ámbolos dous de Pepe de Manolo.

Este arrieiro era home moi curioso, ata tanto que a un carpinteiro do lugar, amigo seu, encargoulle en vida construír o cadaleito que o había levar á sepultura, gardándoo na casa de autopsias que hai no adro da igrexa, en espera de que chegase o seu pasamento.

Fillo do anterior, e arrieiro coma el, era Xosé Álvarez Gómez, máis coñecido por Pepe de Manolo, que seguiu a tradición familiar de arrieiro.

O abastecemento de viño facíano no Barral, Castrelo de Miño. De regreso, camiño da casa, despois de pasar Leiro, subindo S. Fiz de Varón, había unha fonte onde facían o primeiro descanso. Dábanlle de comer ós cabalos e de beber na fonte. Despois de repoñer forzas, mulas e arrieiro, subían o Torrón, pasaban por Carballiño, a Almuzara e no fondo do Paraño facían noite no mesón de Manuel Rodríguez García. En coroado a costa do Paraño baixaban cara a Soutelo, camiño de Codeseda, pola ruta de costume.

Repartía o viño na zona de Codeseda, Nigoi e parroquias limítrofes.

No Ribeiro, como corredor, tiña ós “Osorio”. Estes, máis tarde, convertéronse en almacenistas de viño, sendo moi famosas as “Adegas Osorio”, aínda hoxe en activo.

Este emprendedor e dinámico arrieiro fundou unha empresa de transporte de viaxeiros. O “Plus Ultra”, que así se chamaba o coche co que empezou esta actividade, recorría tódalas feiras, festas e mercados da zona.

No Catastro de 1752, tantas veces repetido figuran nesta parroquia de Codeseda, como arrieiros de viño, as persoas seguintes:

- “Esteban Picallo, arrieiro, con seis cabalerías fan en oito meses dezaseis viaxes ao Ribero de Avia e de cada un de portes tres moios e medio e por cada moio de aluguer regulóuselle 20 reais de vellón.
- Manuel Cavada ten 5 cabalerías coas que fai de porte tres moios e unha ola en cada viaxe e ao ano dezaseis viaxes e ademais do aluguer de 20 reais que se lle regularon en cada moio regulóuselle de utilidade polo comercio do dito viño oito reais en moio.
- Andrés de Silva ten sete cabalerías coas que fai de porte catro moios e medio e ao ano dezaseis viaxes e regulóuselle en cada moio o mesmo que a dito Manuel Cavada cos oito reais máis en moio.

- Manuel de Bartolomé ten 5 cabalerías coas que fai de porte dous moios e medio de viño en cada viaxe.
- Melchor Nercellas ten 6 cabalerías coas que fai de porte 3 moios en cada viaxe.
- Ignacio Ri. Ten 4 cabalerías coas que fai de porte dous moios en cada viaxe.
- Ignacio García ten outras catro coas que fai de porte o mesmo.
- Ignacio Sieiro ten seis cabalerías coas que fai de porte tres moios en cada viaxe.
- Pedro Gòmez ten 5 coas que fai de porte en cada viaxe dous moios e medio.
- Juan Antonio Caramés ten 5 coas que fai de porte en cada viaxe o mesmo.
- Pedro Cerviño ten 2 coas que fai de porte un moio en cada viaxe.
- Juan Antonio Paz ten 5 coas que fai de porte en cada viaxe dous moios e medio.
- Francisco de Castro ten 5 cabalerías coas que fai dous moios e tres olas en cada viaxe.
- José Gosende? Ten 3 coas que fai en cada viaxe moio e medio.
- Joseph de Brea ten 2 coas que fai de porte un moio en cada viaxe.
- Ambrosio Vilaboa ten 5 cabalerías coas que fai de porte en cada viaxe 2 moios e medio de viño.
- Antonio García ten tres cabalerías coas que fai de porte 2 moios en cada viaxe.
- Andrés García ten 4 coas que fai de porte en cada viaxe o mesmo.
- Outro Andrés García con unha cabalería coa que fai de porte medio moio en cada viaxe.
- Juan Cavada ten 3 cabalerías coas que fai de porte en cada viaxe moio e medio.
- Antonio do Souto ten 6 cabalerías coas que fai de porte en cada viaxe 3 moios.
- Antonio de Arca ten 5 cabalerías que fan de porte en cada viaxe 2 moios e medio.
- Jacinto Lorenzo Rodríguez ten 5 coas que fai de porte en cada viaxe o mesmo.
- Cosme Barciela ten 5 coas que fai en cada viaxe o mesmo.
- Manuel Ferrón ten 5 coas que fai de porte dous moios e medio en cada viaxe.
- Gregorio Caramés ten 5 cabalerías coas que fai de porte en cada viaxe o mesmo.

Todos eles fan 16 viaxes ao ano e en cada un o importe que vai expresado e regulóuselle en cada moio 20 reais de vellón.

5. Parroquia de S. Miguel de Arca

Arrieiro de Arca, no lugar de Nodar, era Jaime Sanmartín³⁹, con dúas mulas, non tiña carromato. Repartía o viño pola parroquia e chegaba ata Verdía, pasando o Tambre nunha barcaza.

39 Informa Luís Álvarez Fraiz, neto de arrieiro e veciño de Nigoí.

Outros arrieiros desta parroquia eran os Porto de Carballal que emparentaron cos López. Repartían o viño nas parroquias do concello da Estrada.

Nesta parroquia de Arca o Marqués de Ensenada nomea como arrieiros a dezasete persoas, que mencionamos seguidamente:

- Blas García.
- Pedro de Barros, fillo de Juan
- Manuel de Barros, irmán de Joseph Manuel Piñeiro, tamén arrieiro e siseiro.
- Miguel Carballo.
- Antonio Blanco, Manuel de Castro, Antonio das Heyras, Cayetano Berdura, Ignacio Ferrón, Manuel de Ameixeiras, Pedro da Fonte, Manuel das Ameijeiras, Antonio Rodríguez, outro Antonio Rodríguez, Juan de Silva, Manuel Rodríguez e Simón Picallo.

6. Parroquia de Santiago da Somoza

Xosé María López Silva⁴⁰, do lugar de Cernadela, parroquia da Somoza, tiña almacén de viños. Tivera recua de mulas e carromato, despachando o viño na Estrada e comarca.

Este arrieiro tiña dous fillos cregos, un deles foi o párroco de Nigoi, D. Manuel López Costa, bo catador de viño e, por esta razón, asiduo acompañante do Sr. Ignacio cando ía ao Ribeiro para a súa taberna.

Contan de D. Manuel que, estando na taberna do Sr. Ignacio, famoso panadeiro de Nigoi, un día abafante de calor no verán, atopouse cun neto de arrieiros, que pedía un tinto con gasosa para apagar a moita sede que traía. O Crego botoulle a man ao peito e díxolle todo anoxado: " ¡*Ou viño, ou gasosa...!*" *¿Ou xa non es neto de arrieiros?* Este mozo resultaba ser tamén parente do Crego.

O Catastro de Ensenada fai relación dos seguintes arrieiros:

- Juan Durán y Pedro Antonio de Castro arrieiro de seis cabalerías a cada un regulámoslle ao ano mil seiscientos quince reais de vellón.
- Pascual Durán por catro cabalerías mil oitocentos reais de vellón ao ano.
- A Andrés Ferro con cinco cabalerías mil cento oitenta e oito reais de vellón ao ano.

40 Informa Xosé A. López Pampín

- A Joseph Raigosa por catro cabalerías considerámoslle oitocentos e sesenta e catro reais.
- A Francisco Durán, arrieiro, de tres cabalerías regulámoslle setecentos e oitenta reais de vellón ao ano.

7. Parroquia de S. Miguel de Curantes

Na Pena do Foxo, lugar desta parroquia, había a casa de Fontes, onde moraba un arrieiro de moita sona, chamado Manuel Iglesias Muras⁴¹, que tivera unha recua de 7-8 mulas, pódose máis tarde en carromato de 5 cabalerías. Seu pai, que tamén fora arrieiro, chamábase Antonio. Este finou atropelado polo seu propio carro.

O itinerario cara ao Ribeiro era pola Rocha, Silleda, Laro, Freixeiro, Alto da Romiña, Irixo, Carballiño, etc.

Cando se puxeron nun camiión ían ao Ribeiro dúas veces por semana, o que nos indica o volume do seu negocio.

O reparto era pola Estrada, O Foxo, Curantes, Olives, Fraiz, Escuadro e Silleda.

No Catastro de Ensenada figuran doce arrieiros nesta parroquia:

- A Domingo Marque, Clemente de Judans?, arrieiros, regulámoslle de utilidade a cada un 588 reais.
- A Frco. Doporto, arrieiro, regulámoslle 500 reais ao ano.
- A Ángel Lomas, Jacobo de Bera, Miguel Doporto, Silvestre Pereira, Simón Paseiro, tamén arrieiros, regulámoslle a cada un ao ano 420 reais.
- A Benito Pereiras tamén arrieiro regulámoslle 168 reais, ao ano.
- A Juan Antonio Requeyjo, Juan de Marque e Pedro Pereiras regulámoslle de utilidade ao ano, a cada un, 84 reais.

8. Parroquia de Santiago de Taberós

A finais do s. XIX aparece como arrieiro Xosé López Porto⁴², de Taberós. Empezou cunha recua de 12 mulas, pasando posteriormente a carromato de 4 mulas e un macho de apoio. Os seus fillos,

41 Informa Avelina Iglesias Quintillán, neta do arrieiro Antonio, de 81 anos de idade.

42 Informa o seu bisneto Xosé A. López Pampín, propietario actualmente de “La Flor”, antigo mesón de arrieiros na Estrada.

Manuel e Xosé, en unión co pai, en 1.900, fundaron o almacén e as cocheiras de Rebordelo, en Tabeirós

Nesta parroquia en 1752, no Catastro de Ensenada, figuran como arrieiros no lugar de Tosar:

- Pedro López, arrieiro e labrador.

No rueiro de Sar:

- Juan Folgar, labrador e arrieiro.
- Pedro de Somoza, labrador e arrieiro.
- Silvestre Loureiro, labrador e arrieiro.

No lugar de Tabeirós:

- Antonio da Vila, labrador e arrieiro.

9. Parroquia de San Paio da Estrada

Xosé López Porto, fillo do arrieiro de Tabeirós, sepárase comercialmente do pai e do irmán, poñendo na Estrada o mesón “La Flor”, sen abandonar a profesión herdada de seu pai. Alá polos anos 1920 mercou un camioniño de gasolina para ir ao Ribeiro. A pesares de ter camiión, o reparto facíao coas mulas porque os camiños que levaban ás casas particulares e as tabernas das aldeas seguían sendo congostras estreitas e lamacentas.

Fillo do anterior é Xosé López López⁴³, que segue co oficio do pai, tendo por herdeiro ao seu fillo Xosé Antón López Pampín, quen na actualidade leva en propiedade o que foi mesón “La Flor”, aínda que xa sen mulas nin carromato. Este foi mesón de arrieiros e peregrinos, camiño de Compostela.

Para o viño de cedo ían ao Ribeiro Alto: Belle, Toén, Alongos, Untes, Sta. Cruz de Arrabalde, Barbantes e Barbantiños.

Referido a Untes había un refrán que dicía: “*Cando pases por Untes bebe e non preguntes*”, fai referencia a que o viño desta zona era

43 Informa o seu neto, Xosé A. López Pampín.

algo agre, porque era o primeiro viño que se vendimaba para vender en Ourense, no cedo.

De regreso do Ribeiro o itinerario era por Carballiño, Almuzara, Feás, Beariz, Soutelo, Cachafeiro, Castrelo, A Baiuca, A Portela, Codeseda, Taberós e A Estrada.

Cando era para o tarde os tintos de Salón, Albarellos, Cabanelas, Pazos de Arenteiro, eran moi bos. Polos brancos ían a Beade, Regadas, Vieitez, Gomariz, Cenlle, S. Clodio, Castrelo de Miño e O Barral. Tamén teñen ido á Ribeira Sacra, Abelenda, Rúa de Petín e O Barco de Valdeorras.

O reparto era pola Estrada e comarca, fundamentalmente. Pero tamén repartían pola Ramallosa, Luou, Calo, os Ánxeles, a Picaraña, etc.

En Figueroa de Abaixo, a carón dunha ponte vella, había unha pousada de arrieiros, denominada “Mesón da Estrada”. Tamén paraban arrieiros na de “Mato”.

10. Parroquia de S. Martiño de Calobre

Nos Liñares, en Calobre, houbo un arrieiro moi importante e de moita actividade comercial chamado Manuel Frende Armada⁴⁴. Naceu en Pardemarín alá polos anos 1880, acompañando, de oito anos, a súa nai cando esta ía ao Ribeiro. Muller viúva, moi nova, con catro fillos, sendo el o único varón. Casou en Rubín, vivindo algúns anos en Pardemarín. Ao pouco tempo estableceuse na Ponte Liñares, onde construíu un gran almacén de viños, adicándose sempre ao oficio herdado de súa nai. Tivo unha recua de 10 a 12 mulas e máis tarde fíxose cun carromato de 5 cabalerías. Contan deste arrieiro, que ferrando unha mula que non paraba quieta, deulle tal puñazo que a

44 Información de Pepe Porto Matalobos e as netas do arrieiro, Xosefa e Carmen Fernández Frende, das que recibín un trato excelente, proporcionándome a fotografía do arrieiro e a súa familia.



Deferencia das irmáns Xosefa e Carmen Fernández Frende. A muller que está sentada é a nai do arrieiro e os dous que están de pé, apoiados nela, o arrieiro e a súa dona.

pobre mula caeu rendida no chan. Home forzado e robusto que chegou acadar 130 Kg. de peso, a pesares da súa pequena estatura.

Na cabeza das pipas, xa cando o negocio foi prosperando, poñíalle unha inscrición en letras grandes: “VILLA FRENDE”, para que ninguén lle cambiase os seus envases. Foi home moi tenaz no traballo, facendo moito pola vida.

Hoxe os seus descendentes rexentan unha panadería que leva o nome do río que por alí pasa, o Liñares.

Nesta parroquia, na relación do Marqués de Ensenada, non figura ningún arrieiro.

O camiño que seguían para o Ribeiro era por Sta. Cristina de Vinseiro, Forcarei, Soutelo, etc.

Por Callobre, Moreira, Rubín, Olives, Pardemarín, Ribela e A estrada, facían o reparto do viño.

COMARCA DE TRASDEZA

XVII. Concello de Silleda

Parroquia de S. Tirso de Manduas

Fóra xa do concello da Estrada, na Bandeira, do concello de Silleda, houbo un arrieiro chamado Servando Vázquez Abades⁴⁵, que tivera catro mulas. Seu pai fora Xesús Vázquez Calvo, que naceu alá polos anos 1840. Este viñera de criado para andar co gando na casa de Manuel García, de Ferrosos, A Bandeira. Este amo, arrieiro antigo e moi rico, descendía da nobre familia dos Fernández de Deza⁴⁶. Na época deste arrieiro ían polo viño a Toro, Zamora, levándolle a viaxe, entre ida e volta, 18 días. En ocasións tamén traían o viño do Barco de Valdeorras, cubrindo a viaxe en 9 días. Máis habitualmente ían ao Ribeiro de Avia.

Continuou co oficio Manolo de Servando, fillo de Francisco García Bernárdez e Alberta Vázquez Abades, irmán esta de Servando.

Manolo de Servando⁴⁷, como arrieiro, foi ampliando o campo de operacións comerciais pola zona próxima á Estrada: Curantes, Pena do Foxo, Callobre, Olives, etc. Asemade que o arrieiro da Pena do Foxo, Manuel de Fontes, se ía retirando desta actividade comercial, o da Bandeira foi acaparando todo o mercado. Esta é a razón pola que, no concello da Estrada, incluímos a un arrieiro de fóra, a Manolo de Servando.

O itinerario que seguían dende a Bandeira para ir ao Ribeiro era por Silleda, Laro, Freixeiro, Alto da Romiña, Irixo, Carballiño, o Torrón e xa no Ribeiro, Beade, S. Clodio, Riobó, etc. Para abastecer

45 Informa Manuel García Vázquez, máis coñecido por Manolo de Servando, de Bandeira, de 89 anos de idade.

46 Información de D. Xosé Espiño Matos, Crego da Bandeira, investigador e coñecedor da historia da zona.

47 Informa o propio Manolo de Servando, home de amena conversa, co-fundador da “Festa da Empanada” e gran versificador satírico dos entroidos da Bandeira. Esforzado loitador pola exaltación e progreso do seu pobo.

ós clientes do concello da Estrada, Manolo de Servando, ía por Moalde, a Rocha e baixaba á Pena do Foxo, Curantes, etc.

XVIII. As cantigas ou coplas

Os arrieiros foron causa e orixe de moitas cantigas ou coplas. Ás veces eran satíricas, outras festivas, de costumes ou tema amoroso. Pero sempre zumegan alegría, bo humor e moito siso. Eran persoas de ben comer e mellor beber. Naqueles tempos a comida era pouca e ruín. En troques a bebida era exquisita e copiosa. Por iso non resulta estraño que, algúns deles, dado o contacto diario que tiñan co froito fermentado das cepas do Ribeiro, gorentasen degustar con verdadeira fruición o delicioso néctar do deus Baco, converténdose en grandes e entendidos catadores de viños, facilitando que o canto e o bo humor foran os acompañantes cotiáns das súas viaxes. Destas cantigas dos arrieiros faranse eco os coros galegos, que as espallarán por toda Galicia, facendo un labor divulgador moi importante.

Estas cantigas terán diversas variantes segundo o lugar onde se canten.

Algunhas coplas relacionadas cos arrieiros, sen esgotar o repertorio, son as seguintes:

Coplas de arrieiro:

Arrieiros son os homes,
arrieiros os homes son;
levan amor feiticeiro
cravado no corazón⁴⁸.

A vida do arrieiro,
non hai vida coma ela;
a semana no carreto
e o domingo na taberna.

48 Escolma de Cantigas, recopilación de textos: Maestro Rey Ribero, editado por Caja de Ahorros Municipal de Vigo en 1978, páx. 36.

Lévame no carro, leva,
carreteiriño das uvas;
lévame no carro, leva,
comerei as máis maduras.

O cantar do arrieiro
é un cantar moi baixiño;
cando canta en Ribadavia
resoa no Carballiño.

O cantar do arrieiro
é un cantar moi guapo,
ten unha volta no medio
para dicir ¡ arre, macho!⁴⁹

Cantiga social:

A vida dos arrieiros
é moi mala de levar;
á noiteña déitanse tarde,
pola mañá madruggar.⁵⁰

Cantiga 242

¡Válame Dios, ai de min,
poder que ten o diñeiro!;
¡Unha nena coma eu
casada cun arrieiro!⁵¹

Cantiga 243

A vida dos arrieiros
éche unha vida pesada,
de día non oen misa,
de noite non dormen nada.⁵²

C.535

49 Ramón Cabanillas. "Antífona da Cantiga". Editorial Galaxia. Vigo 1951, páx. 129, cantiga 534.

50 Xesús Alonso Montero. Cantigas Sociais. Colección "O Moucho", nº 10, de edicións Castrelos, 3ª edición 1973, páx. 33.

51 O. C. Anteriormente.

52 Ramón Cabanillas. "Antífona da Cantiga", Editorial Galaxia, Vigo 1951, páx.129.

O primeiro amor que eu teña
 ha de ser un arrieiro,
 que non ten bota sen viño
 nin ten bolsa sen diñeiro.⁵³

Copla 539

“O cantar do arrieiro” ten distintas variantes, unha delas é esta:

O cantar do arrieiro
 é un cantar moi baixiño,
 cántano en Ribadavia
 resoa no Carballiño

Non te cases co arrieiro
 que leva a vida penada,
 nin oe misa ós domingos
 nin dorme soo na cama.

Outra forma diferente, propia dos arrieiros de Cerdedo, é a seguinte:

O cantar do arrieiro
 é un cantar moi baixiño,
 cántase en Ribadavia
 resoa no Carballiño.
 Hai ruíña, hai ruada,
 vinde mozos e vellos á foliada.

Fun ao viño ao Ribeiro
 e pasei pola Almuzara,
 e no alto de Soutelo
 bateume a neve na cara.
 Hai ruíña, hai ruada,
 vinde mozos e vellos á foliada.

O arrieiro de Murada
 vai polo Paraño arriba,
 mociñas de Vilapouca
 téndelle a carne cocida.

⁵³ O. C. anteriormente.

¡Hai ruíña, hai ruada,
vinde mozos e vellos á foliada⁵⁴.

Outra copla moi coñecida é a que leva por título:

Teño unha morena ...

Teño unha morena
alá en Dacón,
outra en Maside,
e outra no Torrón;
outra no Torrón,
outra no Torrón
e a do Carballiño
non dixo que non.

Teño unha morena ...

Debaixo da túa casa
tres amoríños plantei,
unha oliveira e un romeiro
que xamais esquecerei,
un oliveira e un romeiro
que xamais esquecerei.

Teño unha morena ...

Canta miña compañeira,
canta miña compañeira,
que te teño de axudar
de casada e de solteira,
que te teño de axudar
de casada e de solteira.

*Teño unha morena ...*⁵⁵

54 CD das Pandereteiras de Barro, Cerdedo, cantada por Manuela Cortizo Medal.

55 Tomada do CD das Pandereteiras de Barro, Cerdedo.

Copla ao Roquiño de Vilapouca:

A muller de Roque Troque
está bailando na eira,
Roque Troque está mirando
como a muller se peneira⁵⁶.

Copla ao gaitero de Soutelo:

O gaitero de Soutelo
foi tocar a Sta. Marta
e no medio do camiño
estarrigáronlle a gaita⁵⁷.

Os arrieiros da Estrada
van polo Paraño arriba
mociñas de Vilapouca
téndelle a carne cocida⁵⁸.

O que trae o arrieiro
é bo viño e non é auga,
alegría tráina o carro
para as tabernas da Estrada.

Neniña si te casas
cásate cun arrieiro
que trae a bota con viño
e a bolsa con diñeiro⁵⁹.

XIX. Refróns

Os refróns son ditos, sentencias, proverbios, que encerran unha profunda sabedoría popular. Fan referencia ós diversos aspectos da vida humana. En Galicia o número de refróns é incontable. A súa orixe

56 Cantoume esta copla a filla do Roquiño de Vilapouca, Cuncesinda Janeiro Dapena, muller de oitenta anos de idade.

57 Facilitoume esta copla María Rodríguez Adán, filla de Manuel Rodríguez García, propietario do mesón que había en Nogueira de Xendive, muller de 90 anos de idade.

58 Desta copla e da seguinte informa Xosé A. López Pampín.

59 Manolo de Servando, A Bandeira.

é anónima e totalmente popular. Aquí recordaremos un número reducido de refráns, que teñan relación cos arrieiros, e os nomes dos que a min mos contaron:

- Odre baleiro, enchelo custa diñeiro⁶⁰.
- Cando o arrieiro vende a bota, ou sabe a pez ou está rota⁶¹.
- Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de cana, perde máis que gana⁶².
- Arrieiro rabudo, malla na albarda e malla no burro⁶³.
- De arrieiro a arrieiro non pasa diñeiro⁶⁴.
- Vale máis arrieiro dunha besta que criado dunha recua⁶⁵.
- Arrieiro dunha besta, non gaña o que custa⁶⁶.
- Mentres auga leve o Miño, no Ribeiro non faltará viño⁶⁷.
- En Soutelo, moito pago e pouco bebo⁶⁸.
- O viño da cuba grande, o caldo do pote pequeno⁶⁹.
- O que queira viaxar ao ceo non pode mirar⁷⁰.

XX. A gastronomía

A gastronomía en Galicia é moi rica e variada, aínda que duns lugares a outros hai bastante diferenca. Esta diferenca vén dada pola diversidade dos produtos, segundo se produzan no litoral ou no interior. Pero sempre os nosos produtos son de altísima calidade. Os

60 Refraneiro do viño, recollido do pobo. Da colección "O Moucho" nº 3. Edicións Castrelos, Vigo 1968, páx. 36, refrán nº. 263.

61 O. C. anteriormente, páx. 41, refrán nº. 320.

62 Gran Enciclopedia Gallega, Tomo II, páx. 216.

63 Idem.

64 Idem.

65 De neno oínlle este refrán moitas veces a miña avoa, Purificación Froiz Caxide, da parroquia de Santiago de Fontao, Vila de Cruces.

66 Refranero General Ideológico Español, páx. 57.

67 Refraneiro do viño. Colección "O Moucho", nº. 3. Refrán nº. 487, páx. 57.

68 O. C. anteriormente, páx. 58.

69 Manolo de Servando, da Bandeira.

70 Constantino Troitiño Nieto, arrieiro, neto e fillo de arrieiros.

cociñeiros do noso país coñecen á perfección esta calidade e logran coa súa gran profesionalidade uns resultados excelentes, por todos recoñecidos e admirados.

Asemade, hai colectivos, como é o caso que nos ocupa dos arrieiros, que pola excesiva presión, que o mesmo oficio lles impuña, e os perigos do camiño, a comida era parca e sinxela. Mais, invención deles foi “A richada”, “A carne ao caldeiro” e “As sopas de cabalo cansado”.

1. A Richada

A “Richada”, prato apetitoso e nutritivo da zona de Forcarei, do que agora, nesta vila, fan exaltación tódolos anos, ten a súa orixe nos arrieiros. Un dos arrieiros, que por alí pasaba, deulle á cociñeira do mesón unha pouca carne que traía para que lla pasase pola tixola. Posta a tixola ao lume, sen dar tempo a fritila ben, o arrieiro reclamaba o prato na mesa con moita insistencia, porque tiña moita presa:

- “Aínda richa, está moi dura” -dixo a cociñeira.
- “Non importa, si está dura richámola” —contestou o arrieiro.

Desde entón este prato gorentoso recibe o nome de “Richada”.

Neste ano que andamos, 2008, no mes de Decembro, celebrarán en Forcarei a XVI “Festa da Richada”, ensalzando este nutritivo prato. Non estaría de máis que nesta festa fixesen presente e loasen tamén a figura dos arrieiros, porque neles e nesta vila, a Richada, tivo a súa orixe.

2. A carne ao “Caldeiro”

A carne ao “Caldeiro” é outra comida que nace cos arrieiros. A carne que levaban os arrieiros cocíana, á noite, con unto e sal. O pemento picante botábanllo no momento de comela, segundo o gusto de cada quen. Ás veces acompañábase cunhas patacas cocidas. A carne, que sobraba da cea, o arrieiro levábaa ao outro día para o camiño.

O caldo da carne era moi apetecido polos arrieiros, sobre todo no inverno, cando facía moito frío, porque tiña moitas calorías.

3. As “Sopas de cabalo cansado”

As “Sopas de cabalo cansado” é unha sobremesa que rememora a vida dos arrieiros. Aínda hoxe figura na carta-menú de “Casa Trabazo”⁷¹, na Porta do Sol, A Estrada.

Cando os cabalos ían moi esgotados e non eran capaces de continuar o camiño, os arrieiros dábanlle unhas codias de pan, enchoupadas en viño, con azucre. Recuperadas as forzas, as bestas seguían o camiño. De aí tomaron o nome de “Sopas de cabalo cansado”, sopas milagreiras, que lles daban azos para tirar con forza.

XXI. As conclusións

Algunhas conclusións que se poden tirar deste traballo que estou a piques de rematar, son as seguintes:

- a) Que, segundo o Marqués de Ensenada, tantas veces aquí citado, os arrieiros en 1752 eran en número elevadísimos, dándose un descenso moi acusado na primeira metade do s. XX. Este descenso ocorre por mor da mellora das vías de comunicación e do paso da tracción animal á tracción mecánica. Esta permite reducir as viaxes ao Ribeiro co conseguente incremento do viño transportado, pola meirande potencia e capacidade dos camións.
- b) Que este oficio foise transmitindo de pais a fillos, de xeración en xeración, dende tempo inmemorial. Isto compróbase porque moitos dos apelidos que figuran no Catastro de Ensenada continúan aparecendo a mediados do século XX.
- c) Moitos corredores convertéronse en almacenistas de viños. É o caso das “Bodegas Osorio”, no Barral; “Os Castrelos”, na Almuzara; en Castrelo de Miño, “O Campante”, etc.

71 Informa Maruxiña Trabazo, de “Casa Trabazo”, A Estrada



“La Trucha”, autocar dos Troitiños de Cerdedo, cortesía de Filomena Troitiño Nieto, filla e neta de arrieiros. O neno que se albisca na cima do coche é Cesariño Troitiño Troitiño, descendente dos arrieiros de Cerdedo.

- d) A meirande parte dos arrieiros pasaron a transportistas de mercadorías con camións e autocares de viaxeiros, en feiras, festas e mercados. Podemos citar “O Numancia”, na ponte Freixeira, Cachafeiro; “Os Troitiños”, na Pena, en Vinseiro; “A Conquista”, dos Carteiros de Soutelo; “La Trucha”, dos Troitiños, en Cerdedo, etc.

Estes autocares eran convertibles, despois de quitarlles os asentos, en plataformas para transportar viño e outras mercadorías.

- e) Os arrieiros, por regra xeral, tiñan un estatus económico máis elevado que o resto dos seus conveciños.
- f) Pola relación social, que lle viña dada en virtude do oficio, os arrieiros gozaban da amizade de avogados, xuíces, médicos, boticarios, garda civís e ata cregos. Estas amizades, ás veces, usábanas

- en beneficio propio, outras para facer favores con interese, “movéndolle eficazmente” a vontade.
- g) Outra das conclusións que se pode extraer é que os arrieiros foron persoas dinámicas e emprendedoras, de carácter alegre e moi comunicativo.
- h) Nas parroquias próximas ao Ulla non había arrieiros, porque consumían o viño da súa propia produción, aínda que non fora tan bo coma o que viña do Ribeiro.

XXII. Os parabens

En primeiro lugar a miña explícita e recoñecida gratitude a tantas persoas, a maioría delas de venerable idade, que coa súa información contribuíron a levar a cabo este modesto traballo.

Moi especialmente a Juan Andrés Fernández Castro, director do Museo do Pobo Estradense, “Manuel Raimóndez Portela”, por brindarme a oportunidade de escribir sobre os arrieiros de Tabeirós-Terra de Montes; de compartir un tempo, en amena e grata conversa, con tan variadas persoas e de diversa idade, poñendo por escrito as lembranzas dos seus devanceiros.

Para Puri Rodríguez González, hai anos compañeira de docencia en Armenteira, pero sempre atenta e disposta a colaborar xenerosamente, tomando datos do Arquivo Histórico de Pontevedra, onde recadou con paciente adicación os diferentes arrieiros que figuran no Catastro do Marqués de Ensenada.

A Santigonza, acrónimo de Santiago Gonzáles Gamallo, ledo acompañante de fácil e abundante verbo, excelente reporteiro gráfico como se pode comprobar pola fotografías que ilustran o tema que nos ocupa.

A Juan Carlos Vilar Pérez, debuxante pontevedrés de técnica depurada, e excelente pintor realista, pola súa inmediata resposta a colaborar na ilustración deste pequeno artigo.

Non podo esquecer ós acompañantes que me introduciron, pasando pola Almuzara, nas entrañas do Ribeiro: Antonio Troitiño Fortes, neto e bisneto de arrieiros, gran coñecedor de adegas e corretores no Ribeiro de Avia. A Herminio Sande Lado e Manuel Castro Nogueira, cregos de S. Andrés de Xeve e Bora, que nos fixeron máis gratas e levadeiras algunhas destas viaxes, na procura de información sobre os arrieiros da nosa terra. Igualmente a Elisardo Nieto González, que coa súa presenza fixo máis fluída e amistosa a conversa con algúns informantes.

Quero agradecer, anticipadamente, ao descoñecido lector que, con tempo, paciencia e humor, remate a lectura deste modesto artigo. Será para min a meirande e gozosa recompensa á tarefa realizada.

E para rematar, a todos, uns e outros, gratidade e parabéns pola parte que lles toca neste modesto traballo.

Cerdedo, Marzo de 2008



A lamprea do Ulla. Gastronomía, tradición e folclore

Juan Fernández Casal

Fagamos un exercicio de memoria e situémonos nos anos anteriores ó cincuenta do século pasado na rúa compostelana da Raíña. Pola mañá cediño vense dúas mulleres con senllas panelas á cabeza das que penduran uns peixes redondos e longos. Van vestidas con faldas negras coas que varren o chan e calzan zocos forrados con chatolas que troquelean sobre as lousas.

¡Lampreas, vendo lampreas fresquiñas, de onte á noite. Lampreas de “Sesures” que son as mellores do mundo. Merquen estas lampreas que hoxe son moi baratas!

Entran nas casas de comidas que tanto abundan neste lugar e nas que se pode comer o máis típico e sabedeiro da cociña galega, tanto pola variedade de mariscos coma polas outras receitas culinarias e, se nestas casas non completan a venda, seguen rúa abaixo, petando nas portas das vivendas particulares:

¡Señora aquela!, ¿quere unha lamprea de “Sesures”?, élle fresquiña. Soamente me quedan estas dúas e déixollas a vintecinco pesos cada unha.

E así van de porta en porta ata que rematan toda a mercancía:

¡Señora aquela, señora aqueloutra, cómpreme ...!




Son de “Sesures”, as mellores do mundo. Debuxo de Xosé Coto)

Estas dúas peixeiras, cada unha pola súa banda da rúa, seguen a ofrecer esta mercancía e pasan da Raíña para a Algalía, a Fonte de San Antonio, vendendo lampreas de “Sesures”. A todos aqueles que residiran entón en Santiago, faríanselles coñecidos estes pregóns destemperados que a máis de un de un espertaría pola mañán cedo. Este sistema de venda ambulante servía para introducir no mercado de Santiago unha parte considerable da pesca dos lampreeiros ulláns. Estas mulleres coas súas cestas de lamprea esperaban o tren *de Varela*, como se lle chamaba naqueles tempos á liña de tren mixto que pasaba camiño de Santiago ás seis da mañá conducido polo señor Varela, claro está. A partir das sete, xa estas peixeiras comezan a pregoar a mercancía e, rematada a venda, volven para a súa casa no mesmo tren *de Varela*, que partía ó mediodía camiño de Vilagarcía, facendo parada en Cesures. Levan na faldriqueira sesenta ou setenta pesos produto da venda. Algunhas veces non daban vendido a totalidade da mercancía e debían procurar outros clientes.

Pero non era Santiago o único mercado. As prazas de Cesures, Padrón e outras vilas próximas completaban este sistema comercial, ademais dos encargos que previamente lles facían os restaurantes, as casas particulares e especialmente as panaderías para elaborar, sempre por encarga, as famosas empanadas de lamprea. A lamprea, pero...¿que é a lamprea?

Coido que moitos dos nosos veciños estradenses no coñecen este saborosísimo peixe. Outros poida que o coñezan pero no seu aspecto máis negativo pois asóciano á forma atavicamente repulsiva da cobra, tanto máis noxentas por seren de moito maior tamaño. E poida que algúns, cando se lles di que poden facer un succulento prato de comida, quedan abraiados e reméxense-lles as tripas. Pois para estes estradenses que non coñecen a lamprea, e para aqueloutros que a rexeitan vai este traballo informativo; para min sería unha boa recompensa que aprendesen a apreciar as bondades gastronómicas deste peixe. Pero antes de introducirmos de cheo no mundo da pesca da lamprea e nas súas variantes comerciais e gastronómicas será ben que aclaremos que cousa é a lamprea, un dos bocados máis esquisitos que pode ofrecer a cociña de río do val do Ulla. Fagamos pois unha descrición da protagonista deste tema: a lamprea. Algunhas informacións foron recollidas dos libros de bioloxía mariña nos que aparecen nomes latinos moi arrevesados, polo que pido perdón. Pero, por outra banda, abundan as informacións facilitadas polos propios mariñeiros, autores principais destes relatos.

La familia Blanco-Santos encarga el proyecto de rehabilitación de la ruinas al prestigioso arquitecto Don Juan Navarro Baldeweg¹ (Santander, 1939). Dadas las características del lugar, se realiza un proyecto arquitectónico integral, restaurando y adecuando las edificaciones existentes al uso de vivienda unifamiliar, dentro del respeto total por las construcciones existentes y catalogadas como de

1 Juan Navarro Baldeweg (Santander, 1939), Premio Nacional de Artes Plásticas 1990, Medalla Oro Tessenow 1998, Medalla Oro al Mérito en las Bellas Artes 2007. Algunas de sus obras: Casa de la Lluvia en Liérganes, Palacio Festivales en Santander, Palacio de Congresos y Exposiciones en Salamanca, Pabellón Entrenamiento Villa Olímpica Barcelona, Recinto Ferial Silleda, Museo y Centro Cultural Salvador Allende en Santiago de Chile, Museo de las Cuevas de Altamira Santillana del Mar, Palacio de la Música y de las Artes Escénicas de Vitoria, Instituto del Conocimiento en Amersfoort, Países Bajos, Instalación Pabellón Italia 9º Bial en Venecia, Italia, etc.



interés histórico-artístico. Actualmente se están realizando las obras de rehabilitación.

Asimismo, el escultor alemán Ulrich Rückriem² (Düsseldorf, 1938) ha realizado un proyecto específico para el lugar, interviniendo el paisaje mediante la instalación de un conjunto de cuatro esculturas, realizadas en granito rosa Porriño, y situadas en distintas localizaciones de la finca. La columna en la “carballeira”, la estela al margen del camino del prado, el cubo en la zona de las peñas y una pieza a ras de suelo situada delante del pajar.

Fuentes documentales y bibliografía

ARCHIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA; (libros de bautizados, casados y difuntos, de las parroquias de San Jorge de Codeseda y Santa Marina de Ribela (A Estrada –Pontevedra), y de Santa Eulalia de Codeso (Boqueixón – A Coruña).

ARCHIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. Catastro del Marqués de la Ensenada. Libro Real de Legos. Protocolos y notarios (testamentos).

ARCHIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. Protocolos (testamentos)

ARCHIVO DEL REINO DE GALICIA. Fondo Real Audiencia, serie vínculos y mayorazgos.

Documentación particular, facilitada por D. José Blanco Fondevila y su esposa D^a Sofía Santos Pérez.

2 Ulrich Rückriem (Düsseldorf, 1938)

Profesor de las Academias de Arte de Hamburgo y Düsseldorf.

Su obra se expuso en importantes muestras tanto individuales como colectivas de las más prestigiosas galerías y Centros de Arte del mundo. Asimismo forma parte de la colección de los museos más importantes. Ha participado en numerosos simposios de escultura y de arte público en las últimas décadas. Sus intervenciones con carácter definitivo se encuentran en los proyectos más sobresalientes de arte público en Francia, Irlanda, Bélgica, Alemania, Suiza, Luxemburgo, Reino Unido y España.

Hoy en día el artista está considerado como uno de los máximos exponentes de la escultura europea de vanguardia.

REGISTRO CIVIL de Caldas de Reis.

REGISTRO CIVIL de Santiago de Compostela.

CADENAS Y VICENT, V., *Diccionario Heráldico*, 5ª ed., Hidalguía, Madrid 1998.

FARIÑA JAMARDO, X., *Os Concellos Galegos* Tomo IV, Fundación Pedro Barrié de La Maza, A Coruña 1993.

PÉREZ COSTANTI, P. *Linajes Galicianos*, edición completada y ampliada de Eduardo Pardo de Guevara y Valdés. Ara Solis Consorcio de Santiago, 1998.



Novos escritos de Xosé Manuel Cabada Vázquez

Manuel Cabada Castro

Trátase de escritos do poeta e político estradense que non figuran entre os recollidos na edición publicada hai algúns anos sobre a obra de Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1936)¹. Dadas as características e circunstancias concretas da curta vida de Cabada Vázquez así como da axitada época que lle tocou vivir, seguirá sendo posible ou presumible que se atopen aínda pequenos escritos non incluídos na devandita edición². O fin, pois, desta nota é informar ós lectores da obra de Cabada Vázquez da existencia e do contido destes novos escritos.

Trátase, en primeiro lugar, dun escrito en prosa do ano 1930 e doutro en verso do ano seguinte, e, en segundo lugar, de tres cartas (dos

1 XOSÉ MANUEL CABADA VÁZQUEZ, *Obra completa. Poemas e outros escritos*. Edición, introducción e notas de Manuel Cabada Castro (A Estrada, Fundación Cultural da Estrada, 2001).

2 Na *Introducción* á edición díciase xa que a pretensión de “*Obra Completa*” había que entendela “coa salvidade, naturalmente, de que poida aínda atoparse no futuro algún escrito ata este intre descoñecido” (*o. c.*, p. 22). Respecto dos escritos en prosa e verso, na época da edición desta obra non foi posible a consulta directa dalgúns números do “*El Emigrado*”. Agradezo por iso a Xoán Carlos Garrido Couceiro terme comunicado hai un par de anos a nova da dixitalización existente dos números (se ben aínda non todos) publicados entre os anos 1927 e 1935 deste xornal estradense. Pois foi precisamente en dous números desta época onde puideron dar cos escritos ós que nesta nota me refiro. No que se refire ás cartas, son aínda recentes a incorporación do arquivo de Filgueira Valverde ó Museo de Pontevedra e a súa practicamente completa catalogación.

anos 1929, 1931 e 1933) dirixidas a Xosé Filgueira Valverde (incluída tamén a resposta a unha delas por parte de Filgueira Valverde).

Verbo do escrito en prosa, baixo a rúbrica de “Grandes poetas e libros maxistrales” aparece no nº 345 do *El Emigrado* (7 agosto 1930) un escrito que leva como título “*Do Ermo*” por Noriega Varela. Da posible ou probable existencia deste escrito había xa en realidade unha certa información, que proviña do propio Cabada Vázquez, pois este nunha recensión súa sobre a obra poética *Señardá* de Aquilino Iglesia Alvariño anunciaba outra posterior sobre *Do ermo* nestes termos:

Por nuestra parte, al escribir estas líneas creemos hacer una obra de justicia, dando a conocer a los amantes de nuestra literatura regional al joven poeta mindoniense, cuyo lirismo sigue muy de cerca al de Noriega Varela, el admirado poeta de la Montaña, del que hablaremos muy en breve, con motivo de su nueva edición de ‘Do ermo’, que también acaba de aparecer’.

Pois ben, o contido do escrito, agora descuberto, de Cabada Vázquez sobre Antonio Noriega Varela é o seguinte:

Acaba de porse á venda unha nova edición de ‘D’o Ermo’, o libro de ouro do inspirado poeta da Montaña, Noriega Varela. Vén, sobor das outras edicións, aumentado con novos poemas, i-é costeadá polo Concello mindoniense, que quixo d’iste xeito rendir un belo homenaxe ó autor, e dar un fermoso exempro a cantos se adican a facer homenaxes en hoteles e comilonas.

Noriega Varela, n’ise feixe de inspiradas poesías, ofércenos súa i-alma de poeta-cantor das cousas homildes. El mesmo se define i-encadra cando nos di que “o meu lirismo feito de cousas pequenas e homildes, de verbas sentidas e sinxelas, un lirismo como o da nosa Rosalía...” En cada verso sabe plasmar o seu namoramento lírico das estrelañas do ceo, e dos sorrisos das flores do ermo, porque “Toda humilde beleza me namora”.

“Embreñarse procura”, e síntese feliz na fragosa montaña onde vive súa i-alma divorciada do barullo do mundo.

Iste poeta —poeta de verdá, limpo de influxos ultraizantes e futuristas— sabe levar da man ó lector de ‘D’o ermo’ de poema en poema e de verso en verso pra zugar e gorentar o celme lírico que el soupo emborear abondosamente en cada páxina i-en cada folla, que, com’as froliñas dos toxos, son tamén, pol-o seu contido, froliñas d’ouro vello:

3 En “Vida Gallega”, 10 maio 1930 (Cf. X. M. CABADA VÁZQUEZ, *Obra completa...*, 309).

¡Oh, d'o yermo o preciado tesouro!:
 as froliñas dos toxos son d' ouro!
 D' ouro vello son, mai, as froliñas
 dos bravos toxales, ¡das devociós miñas!...

Noriega sabe sentil-a beleza, e sabe recollel-a para ofrececel-a apreixada e quintaesenciada en catro verso, que son todo un poema:

É de prata a folerpiña,
 d' ouro vello a frol da xesta:
 ¡ben pode rumber o monte,
 señor de tanta riqueza!.

I-en catro versos compendia tamén todo o seu amor á montaña, onde vive súa musa queirogenta, i-onde a brétema —que é ceguiña— “anda sempre descalza, e si se espiña, sangrar, non sangra; pero chorar, chora”...

O sol y-o mar â montaña
 moito lle poden querer:
 coróalle o sol a testa
 e bícalle o mar os pés.

Sabe distinguirse e amostrarse ergueito e orixinal, sen amaneiramento e pedantería. Seus versos ispidos e limpos de zarzallos e ripios, ben medidos i-estructurados, son d'unha feitura impecable, e revelan no poeta unha i-alma de artista enxebre, i-un fondo coñecemento da meiguice da nosa fala, d'isa doce fala que il define cando di que:

Nosa fala é un paxariño,
 que adoita faguél-o niño
 no seyo do hirsuto monte,
 ben na póla d'un espiño,
 ben â beira d'unha fonte.

... ..

É a que requebr' â aurora,
 prendada da incerta lus,
 y-en galego, cando chora,
 lle canta Nosa Señora
 pra que adormeza, a Jesús.

As poesías de “Do Ermo” foron xa, na súa maoría, vertidas ó dinamarqués por Johan Kok, ó inglés por Aubrey Bell, i-ó francés por Philéas Lebesgue, o cal é, de por si, a millor apoloxía do autor i-a millor gabanza do libro.

Nos anaqueles de toda bibrioteca galeguista e nas mesas de traballo dos amantes da nosa literatura vernácula non debe faltar esta xoia do noso parnaso.

Vaian, n'estas sinxelas liñas, nosa cordial embora ó admirado Cantor da

Montaña, i-ó Concello mindoniense nosa felicitación sincera pol-o homenaxe que soupo renderlle costeando a edición de tan preciado libro.

Xosé M. Cabada Vázquez.

Neste comentario ó escrito *Do ermo* Cabada Vázquez aduce algúns versos desta obra poética de Noriega que pertencen a poemas cos títulos seguintes: “Embreñarme procuro...”, “Toda humilde beleza...”, “As froliñas d’ os toxos”, “Musa queiroguenta”, “É de prat’ a folerpiña...”, “O sol y-o mar...”, “A brétema” e “Nosa fala”.

Noriega era unha trintena de anos maior que Cabada Vázquez, aínda que sobreviviría a este uns dez anos debido á prematura morte do poeta estradense. Moitas temáticas da poesía de Cabada Vázquez teñen en realidade unha marcada semellanza coas de *Do ermo*. De aquí a simpatía coa que Cabada Vázquez acolle a poesía de Noriega e a súa capacidade versificadora. Nas biografías de ámbolos dous danse incluso certas similitudes, como o feito da súa formación humanística durante algúns anos en centros eclesiásticos (Santiago de Compostela no caso de Cabada Vázquez e Mondoñedo no caso do poeta lucense). En boa parte de aquí procedía tamén a común amizade e tamén afinidade literaria dos dous con Aquilino Iglesia Alvariño (oito anos máis xove que Cabada Vázquez), que fora tamén seminarista en Mondoñedo. Noriega e Cabada Vázquez pertenceron así mesmo ó lusitano “Instituto Histórico do Minho” con sé en Viana do Castelo. Neste sentido, tanto Cabada Vázquez como Noriega coñecían e apreciaban os poetas portugueses como Guerra Junqueiro, Teixeira de Pascoaes, etc⁴. Pola súa parte, Cabada Vázquez gustaba tamén de cantar poeticamente “*as cousas homildes*”, tal como el o aprecia na poesía do autor de *Do ermo*. E por iso apreciará neste tamén que estea “*limpo de influxos ultraizantes e futuristas*” e que versifique “*sen amaneiramento e pedantería*”⁵. Xustamente

4 Sobre a relación literaria de Cabada Vázquez con estes poetas portugueses pode verse M. CABADA CASTRO, *Paixón poética e militancia galeguista. Estudio biográfico sobre Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1936)* (Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 2001), p. 150.

5 Sobre as críticas de Cabada Vázquez ás correntes literarias do ultraísmo, etc., así como sobre o seu posterior achegamento ás novas correntes modernistas ou vangardistas pode verse M. CABADA CASTRO, *Paixón...*, pp. 153-161 e tamén X. M. CABADA VÁZQUEZ, *Obra completa...*, pp. 29-30.

neste sentido escribía, por exemplo, A. Iglesia Alvariño sobre a obra *Vagalumes* de Cabada Vázquez:

“En sus versos, de noble porte tradicional, palpita la emoción ingénita de las cosas íntimas, de las cosas de todos los días. No precisa el poeta para llenar de emotividad los bellos moldes de sus rimas recurrir a abstracciones idealistas y equilibrios de pensamiento. Su musa está lejos de todo conceptismo. Es sencilla y llana [...]”⁶.

Noriega é para Cabada Vázquez, segundo o seu comentario sobre *Do ermo*, o “poeta da Montaña”, e quizais sexa posible ver en conexión coas *Montañesas* de Noriega, concretamente co seu poema “Teño amores na montaña”, o poema que publicará Cabada Vázquez no verán de 1931, un ano xustamente despois de publicado o devandito comentario e algúns meses tamén despois de saír á rúa o seu poemario *Vagalumes*. Velaquí o poema de Cabada Vázquez que leva como título “Montañesa”:

Pra ir morrer na túa beira
amarridas de saudade
ceibo eu as coitas min as,
irtas arelas, ó aire:
ten delas dor, monta esa,
a das olladas soaves.

Hei de mandarche, senlleiro,
irmán na dor e nos males,
nun alongado suspiro
o meu curazón sangrante:
xa coidarás, monta nesa,
amor e agarimo darlle.

Lelías da miña terra,
ó teu ouvido soaves,
ledos che han levar nas azas,
mainos, mainiños os aires;

6 A. IGLESIA ALVARIÑO, “*Vagalumes*”. *Versos gallegos por José M. Cabada Vázquez*: “Faro de Vigo”, 12 marzo 1931, p. 7.

e a dona has ser do poeta,
do seu corazón amante,
o agarimo dos seus fillos,
¡a santa Paz dun fogare!⁷

Naturalmente, é sobre todo no eido político onde Cabada Vázquez contrasta especialmente con Noriega, pois mentres Cabada Vázquez foi un decidido galeguista, en canto que estivo vencellado primeiramente ás “Irmandades da Fala” e foi despois activo participante na asemblea fundacional (I Asemblea) do Partido Galeguista a finais do 1931, Noriega, aínda que inicialmente anticaciquil, mantívose á marxe do movemento político galeguista ou foi incluso contrario ó mesmo⁸. Como dicía del Carballo Calero, Noriega “non estaba feito para a acción, senón para a paixón”⁹. Neste contexto e en relación así mesmo coa obra *Do ermo* non carecen de interese as informacións que sobre Noriega nos dá R. Otero Pedrayo, bo coñecedor e amigo tanto de Cabada Vázquez coma do poeta lucense.

“Non tiña confianza nos galeguistas, e nin xiquer manifestou o agradecemento debido ós que lle publicaron ‘Do ermo’. Quixo moito ó pai de Camilo Xosé Cela, e penso que dos galeguistas sóio me quixo a min, pola demorada vecindade e conversa de Trasalba. En Trasalba madureceu o ‘Do ermo’. Está vivido no monte Rodeiro, no Vedral, no Medelo. Son ‘ermos’ pequenos, máis ben illós de ermos na comparanza dos largacíos do norde, o cal confirma a sentenza de se cinguir o espírito de Noriega ás cousas pequenas, ós acordos ben demarcados”¹⁰.

7 Cf. X. M. CABADA VÁZQUEZ, *Obra completa...*, 248.

8 “Noriega non só non pertenceu ao movemento galeguista, senón que se opuxo a el e o combateu con teimosía”, dinos X. RAMÓN FREIXEIRO MATO na súa obra *A cara oculta de Noriega Varela (Biografía e textos esquecidos)* (Santiago de Compostela, Laiovento, 1992), p. 123. “Non tivo Noriega unha concepción política de Galiza como país nen creu nas súas institucións, tampouco creu no seu idioma como vehículo normal de comunicación entre todos os galegos. Non foi, pois, ideoloxicamente galeguista” (id., o. c., p. 126). Ver tamén X. RAMÓN FREIXEIRO MATO, *Da montaña o corazón (Producción literaria e lingua en Noriega)* (Lugo, Fundación Caixa Galicia, 1993), p. 10.

9 R. CARBALLO CALERO, *Historia da literatura galega contemporánea 1808-1936* (Vigo, Galaxia, 1981), p. 542.

10 Cf. CARBALLO CALERO, o. c., p. 547.

O escrito en verso de Cabada Vázquez (que aquí asina o seu escrito co pseudónimo de “Pepe da Xila”) é un poema publicado, algúns meses despois, no nº 361 (16. I. 1931) do mesmo xornal “El Emigrado”. O poema está dedicado a San Mauro, padroeiro da súa parroquia natal de Codeseda, cuxa festividade se celebra no día anterior, o 15 de xaneiro. Pola data da súa publicación no xornal estradense pódese dicir que viría case a coincidir coa publicación do poemario *Vagalumes* (no que o poema non está recollido), pois, segundo indico noutro lugar, *Vagalumes* debeu de saír á rua a finais de xaneiro ou na primeira quincena de febreiro de 1931¹¹. Velaquí o contido do poema:

O ano pasado
por este tempo
tiña unha reuma,
que ¡nin os demos!
Fun ó San Mauro
de Codeseda,
e n’un instante
quedei sin ela.

Santo grorioso
e milagreiro,
que das meiciña
e das remédeo
a cantos chegan
a ti de lexos
para decirche
que’ están tolleitos,
qu’ están barados,
que’ están enfermos;
eu tamén oxe
hastra ti chego,
antre a riola

11 Cf. M. CABADA CASTRO, *Paixón...*, p. 138.

POSTALES ESTRADENSES



IGLESIA DE CODESEA (Foto G. Amblig)

En cuya villa se celebraron ayer y anteayer las tradicionales fiestas de **SAN MAURO** a las cuales están dedicados estos versos:

O ano pasado
por este tempo
tiña unha ruína,
que lán os demost
Fún ó San Mauro
de Codesea,
e n un instante
quedó sin ela.

Santo gregorioso
e milagroso,
que dá medicina
e dá remedio
a cantos chegan
e ti de lexos
para decidida
qu' están tolleitos,
qu' están barados,
qu' están enfermos;
eu tamén ore
bastra si chego,
entre a xela
dos teus romeiros,
e unha pregaría
traio nos beizos:

Eu sei de corpos
fortes e rexos,
como carballos,
como pititeiros,
sáns e briosos
como becerros;
mais, se ti os vises,
como eu os vexo,
déranche noxo
ó ver que dentro
acochan soio,
¡probes enfermizos!,
almas encenques

l-entendementos
com' os dos vermes
l-os dos xuvenços;
e así badúan
ós catro ventos
¡verbas... e verbas...
sin ningún senso!,
¡-andan ¡coitados!
buscando creto
antr'os paisanos,
e ant'os labregos
pr'á costa d' eles
viviren cheos,
escalar postos,
¡xuntar diñeiro!

Pr'eses barados,
pr'eses tolleitos
—senón de corpo
d'entendemento—
probes espritos
que ós meus labregos
así embaucan,
oxe che pego,
gorrioso Santo,
¡les dá libretos
¡sona medicina,
¡agrá remedio!

O ano pasado
por este tempo
tiña unha ruína,
que lán os demost
Fún ó San Mauro
de Codesea,
e n un instante
quedó sin ela.

BEBE DA XELA

Estradenses: Protexed las Industrias Locales.

dos teus romeiros,
e unha pregaría
traio nos beizos:

Eu sei de corpos
fortes e rexos,
como carballos,
como piñeiros,
sáns e briosos
como becerros;
mais, se ti os vises,
como eu os vexo,
déranche noxo
ó ver que dentro
acochan soio,
¡probes enfermizos!,
almas encenques
i-entendementos
com' os dos vermes
i-os dos xuvenços;
e así badúan

ós catro ventos
¡verbas... e verbas...
sin ningún senso!,
i-andan ¡coitados!
buscando creto
antr'os paisanos,
e antr'os labregos
pr'á costa d' eles
viviren cheos,
escalar postos,
¡xuntar diñeiro!

Pr'eses barados,
pr'eses tolleitos
—senón de corpo
d'entendemento—
probes espritos
que ós meus labregos
así embaucan,
oxe che pego,
gorrioso Santo,

lles dés lixeiro:
 ¡santa meiciña,
 sagro remédeo!...

O ano pasado
 por este tempo
 tiña unha reuma,
 que ¡nin os demos!
 Fun ó San Mauro
 de Codeseda,
 e n'un instante
 quedei sin ela.

No ano anterior (o 7 de xaneiro de 1930) publicara xa no “El Emigrado” outro poema dedicado tamén ó San Mauro de Codeseda, pero diferente do aquí presentado¹², aínda que ámbolos dous co mesmo carácter festivo e popular.

No tocante ás novas cartas de Cabada Vázquez, dirixidas todas elas a X. Filgueira Valverde, atópanse estas no Museo de Pontevedra, despois da incorporación a este do arquivo de Filgueira Valverde.

O texto da primeira carta é o seguinte:

Sant-Yago 17 San Xoán do 1929

Distinto amigo Filgueira: Sentín moito non poder-o saudar ahí como eu arela-
 ba, pra darlle as gracias en nome de Camilo e no meu propio pol-o intrés con
 que tomou a encomenda que lle fixeramos pra D. Lino. Por máis que fun por
 dúas veces á súa casa e outras dúas ó Museo non poden topar con vostede.
 Vallan estas liñas pra confirmar o que xa verbalmente lle dixen ahí á súa nai.
 Adiántolle esa concesión de cen indulxencias, que me encarregara súa nai.
 Saúdos na súa casa e un estreito abrazo pra vostede do seu affmo. s. s.

Xosé M. Cabada V.

Pazo de Raxoi, Sant-Yago¹³

Engado seguidamente a resposta, seis días despois, de Filgueira á precedente carta de Cabada Vázquez:

12 Está recollido en X. M. CABADA VÁZQUEZ, *Obra completa...*, 206-207.

13 Museo de Pontevedra, Fondo de Xosé Filgueira Valverde (Filgueira, 313-2).

José M. Cabada Vázquez
(Pontevedra) Edoesceda

Santiago 17 Jan Aven do 1829.

Distinguido amigo Filgueira: Sentiu muito sura
poderlo saudar ahí como eu ardeaba, fora dar
lle as gratias e nome de Camino e no meu
proprio p'p'o interio conque tevon a encomenda
que me fixeraramos pra O. d'no. Por mais que
fui por duas veces a sua casa e outras duas
o Museu non poiden topa con vostede. Valla
estas lixas pra confirmar o que xa verbalmen
te lle disse ahí a sua boa Mãe.
Adiantalle en concessão de camin
dubrenial, que me encargara sua Mãe.

Saudos na sua casa e um
respeito abays pra voste do seu affm. M.
e amigo. Xosé Cabada Razo de Razo, Santiago

Carta de Cabada a Filgueira Valverde. Arquivo do Museo de Pontevedra.

José M. Cabada Vázquez
 Exco de Xogay - Santiago

9. de Dec 1927

Dono Filgueira. O dia deus fállese na
 xuntanza polo Colexio de Obres e Adm. de Santiago
 da formación dos Colexios provinciais, e como
 consecuencia de iso reunímonos fai dous días
 aquí en Vigo uns cantes licenciados e acordamos
 abricarnos fa ti, para ver de levar a cabo
 a formación do Colexio de Pontevedra. Cigu;
 sen contar os cadeirados do Instituto, mais foi
 os auxiliares, reunímonos uns doce en catorce
 e convina que ti nos dixeras que día pro-
 diale chegarvos até nós os de Pontevedra
 co gacío de fexonalos devandito Colexio. Con-
 vintu que, a mais dos da isa cidade, avisar
 a Nítter Búa e mais a Naya que está
 con el e os demais que ti coñezas, fíro

novos facer funcionar ese Colexio canto antes.

Períome que fose en que che ocre
 que facer obres lites encheres, e cum-
 pro gustosamente, fexandochu mandados no
 encargo e con contatos axiña, fixando obra
 que vindes.

Un abrao de

Cabada

M.

D. IS. volue a facer unha nova
 xuntanza en Santiago, e convina levar a
 alguns acordos e levantar a aprobación
 o Regulamento do Colexio.

SEÑAS: APARTADO 66-VIGO.

23-VI-29

Sr. Cabada Vázquez

De toda a miña consideración:

Recibín a súa carta co encargo que moito agradecín. Sentín moito non estar na casa cando Vde. veu verme porque tiña moito interés en coñecelo e quixera falarlle de un feixe de cousas que os católicos de Galiza temos por facer e que compre escomenzar de seguida.

Supoño que Manuel García, noso común amigo, teralle falado algunhas veces de que os de Pontevedra tiñamos pensado editar un catecismo ou un devocionario en galego. Isto é sinxelo. Temos solucionada a parte económica e o que fai falla é que Vde. e mais el se tomen o traballiño de proporcionar o orixinal. Pra o catecismo a cousa é ben doada, traducilo, porlle algún apéndice e nada máis. O do devocionario é máis discutible, porque anque García e algún de aquí soñen co P. Vilaríño, eu son máis da escola benedictina e preferiría que se traduxese algo do Misal, ben asequibre, con diviña craridade, pra o noso pobo. Os benedictinos de Lophem-lez Bruges forneceriannos bo motivo: a tradución de parte de un dos maravillosos Misales de Dom Lefebvre. As ilustracións do Catecismo e do Misal, poucas o boas, poden ser de Camilo Díaz.

Nada máis. Da recomendada: non me teñan agradecimento porque iso non é nada. Ademais os *galegos*, e mais os da banda de acá temos a obriga de nos axuntar hastra pra o das recomendacións.

Saúdos a todos, especialmente a García, Camilo, e demais amigos. Dispoña do seu aff^o s. s.

q. e. s. m.

P/D Pra eso do Catecismo e do libríño deben consultar moitas cousas, incluso de Filoloxía, co grande Amor Ruibal.

Como breve comentario a ámbalas dúas cartas, só un par de indicacións. O “grande” Amor Ruibal, do que fala aquí Filgueira, morrería só ano e medio despois das datas destas cartas, o 4 de novembro do 1930 ós 61 anos de idade. Pola súa parte, desde o curso 1927-1928, Cabada Vázquez vivía con Amor Ruibal no mesmo Pazo de Raxoi, como preceptor dos Nenos de Coro da basílica compostelá. Como se ve, Filgueira (cinco anos máis novo que Cabada Vázquez) aparece aquí como o verdadeiro incitador, en estreito contacto con Cabada Vázquez e Manuel García García, do proxecto de tradución ó galego dos devanditos escritos eclesiais, resultando ser así Cabada Vázquez –tal como dirá aínda Filgueira unha cincuentena de anos

máis tarde – “o mediador antre o egrexio mestre compostelán e o grupo pontevedrés”¹⁴. No que se refire ó Catecismo, sabemos que Cabada Vázquez iniciou, polo menos, a súa tradución ó galego, porque se conservan dúas páxinas manuscritas coa tradución do comezo do Catecismo do P. Astete¹⁵. Sobre este proxecto de tradución o propio Cabada Vázquez alude ó interese que tiña nel Amor Ruibal: “Alguna vez llegó a decirnos [Amor Ruibal]—comenta Cabada Vázquez inmediatamente despois do pasamento do sabio compostelán — que emprendiésemos la traducción al gallego del Catecismo y del Kempis, y que él nos ayudaría en la difícil tarea. Su muerte nos privó de la realización del propósito”¹⁶. Na súa carta Filgueira refírese tamén a “Manuel García, noso común amigo”. Trátase de Manuel García García, nado en San Isidro de Montes (no concello de Campo Lameiro), que firmaría pouco despois, o 25 de outono do 1931, xunto con Filgueira, Cabada Vázquez e outros destacados galeguistas (como Risco, Otero Pedrayo ou Cabanillas), a coñecida *Afirmación Católica dun Grupo de Nacionalistas*¹⁷.

A segunda carta de Cabada Vázquez a Filgueira Valverde é a seguinte:

9 outubro 1931

Amigo Filgueira: O día dous falouse na xuntanza do Colexio de Dres. e Ldos. de Santiago da formación dos Colexios provinciais, e como consecuencia de iso reunímonos fai dous días aquí en Vigo uns cantos Licenciados e acordamos dirixirnos a ti pra ver de levar a cabo a formación do Colexio de Pontevedra. Eiquí, sen contar os cadeirádegos do Instituto, mais si os auxiliares, reunímonos uns doce ou catorce e convíña que ti nos dixeras qué día podíades chegarvos ata nós os de Pontevedra co gallo de formal-o devandito Colexio. Convíña que, a mais dos de isa cibdade, avisaras a Núñez Búa e mais a Noya que está con el e os demais que ti coñezas, pois convén facer funcionar ise Colexio canto antes. Pedíronme que fose eu quen che escribise facéndoche istes encárragos, e cum-

14 Cf. J. FILGUEIRA VALVERDE, *Limiar*. En: “Logos. Revista de Cultura Relixiosa” (Barcelona, Ed. Sotelo Blanco, 1983), IX-X.

15 Poden lerse estas dúas páxinas en X. M. CABADA VÁZQUEZ, *Obra completa...*, 327-328.

16 Cf. X. M. CABADA VÁZQUEZ, *Obra completa...*, 329.

17 Cf. M. CABADA CASTRO, *Paixón...*, pp. 78-83.

pro gustosamente, pregándoches non nos botes no esquezo e me contestes axiña, fixando o día que vindes.

Un abrazo de

Cabada

N.

O 15 volve a facerse unha nova xuntanza en Santiago, e conviña levar xa algúns acordos e someter a aprobación o reglamento do Colexio.

SEÑAS: APARTADO 66 - VIGO¹⁸.

En relación co contido desta carta, indico unicamente que Cabada Vázquez era desde antes do verán deste ano 1931 licenciado en Filosofía e Letras (Sección de Historia) pola Universidade de Santiago e desde o día primeiro do mes de outubro deste mesmo ano comezara a súa actividade docente en Vigo no colexio “Apóstolo Santiago” dos xesuítas. O proxecto do que aquí se fala levaríase efectivamente a cabo. Entre os papeis do poeta e político estradense figura, en efecto, o seu carné de colexiado ou de pertenza ó “Colexio Oficial de Doctores e Licenciados en Ciencias e Letras, Distrito Universitario de Santiago, Sección Provincial de Pontevedra”. Hai constancia, ademais, das reunións do devandito Colexio no Instituto Nacional de Pontevedra, ás que asistirían no ano 1933, por exemplo, entre outros, Cabada Vázquez, Filgueira ou Ferro Couselo¹⁹. Na carta alúdese tamén, polo demais, ó destacado político galeguista Xosé Núñez Búa como tamén a Celestino Noya Rodríguez.

Velaquí, por fin, o texto da terceira e última carta (do 12 agosto do 1933) a Filgueira:

Hoxe 12 - 8 - 33

Querido Filgueira: Qué é da vosa vida? Qué tal marchades todos esos bos amigos que vivides no cubil dos centralistas? Nada sei de vós, nin nada saberedes tampouco vós de min. Somentes o Castelao me dixo que os amigos iban ben.

Eu eiquí cos irmáns cataláns. Fannos traballar moito, pois máis ben parece que

18 Museo de Pontevedra, Fondo de Xosé Filgueira Valverde (Filgueira, 313-42).

19 Cf. M. CABADA CASTRO, *Paixón...*, p. 94.

queren decatarse da resistencia física de cada un; sobor de todo o Dr. Bassols, que tomou a cousa tan en serio, que nin que fosemos rapaces do Instituto. En xeral, os do grupo de Latín é xente moi ben preparada. Coido que se atopa aquí a millor xente. Somos dezaioito, o cal supón unha intensidá no traballo maor do que ahí. Estamos con tradución directa e inversa, tendo nesta como fito o estilo de Cicerón. O Dr. Galindo dános a traducir párrafos de Plauto, con tódolos xiros arcaicos, pra que engadamos un comentario morfolóxico-fonético. Eu tiven necesidade de adequerir unha chea de obras extranxeiras: francesas, italianas, latinas. Xa veremos o que hai no remate da cousa. Pol-o de agora coido que non vou mal. No adiante xa veremos.

Saudei no teu nome ó Dr. Balcels, mais coido que millor sería que lle puxeses unhas liñas. Con todo pra el, coido que terei por eiquí quen me sirva. A Jordi Rubió inda non poden vel-o. O Dr. Galindo sabe quen son e coñéceme, mais samente lle dixen no comezo que lle traguía saúdos teus e de Portela, non prestando casque atención. Non embargantes, estou contento del.

Dime algo da marcha dos cursillos ahí. Cando finarán? Serán ou non eliminatorios? En que vai a consistir a Memoria? Coido que ahí estaredes máis orientados do que nós.

Da estancia aquí dos galegos xa che falará Castelao. Tratáronnos moi ben e agasalláronnos a cotío. Eu apenas poden falar con eles, pois, como che dixen, temos moito traballo.

Dálle lembranzas miñas a Apraiz, e dille que estou vivindo no 29 - 1º da Vía Layetana, onde el viveu tamén. Trátanme ben e, polo de agora, estou contento.

O calor, anque abrasa, coido que non é tan forte coma ahí. Que tal sigues da túa indisposición? Eu cando cheguei tiven que botar tres días na cama e mandar chamar o médico. Agora estou ben.

Un abrazo pra todos ises amigos de

Cabada Vázquez

Señas: Universidad de Barcelona²⁰.

En relación con esta carta, noutro lugar²¹ expliquei xa como Cabada Vazquez, despois da súa docencia durante dous cursos en Vigo, emprendería viaxe a Barcelona para realizar no verán do ano 1933 na universidade desta cidade os chamados “cursos prácticos” ou cursiños. A normativa e finalidade destes cursos viñan determi-

20 Museo de Pontevedra, Fondo de Xosé Filgueira Valverde (Filgueira, 314-4).

21 Cf. M. CABADA CASTRO, *Paixón...*, p. 97-102.

Ore 12-8-33-

Querido Filgueira: Que é da vosa vida? Que tal marchada? Todos estes vosos amigos que vivídes no cutil dos centralistas? Nada sei de vós, mi nada saberedes tampouco vos de omnibus e Castellao me dixó que os amigos ítan ben -

Eu eiqui cos irmáns cataláns - Tamén traballar moito, pois máis ben pareceu que quera de catarse da resistencia física de cada un: sobre de todo o dr. Bastos, que tomou a cousa tan a sério, que mi que fose un rapaz do Instituto. En xeral, os vosos estudos de Latín e grego moi ben preparados. Cuido que se atopara aquí a mellor xente. Son os verdadeiros, o cal supón unha intervidá nos traballos máis do que láhí. Estamo con traducción directa e inverba, tendo neste campo o estilo de Cicerón. O dr. Salgado dáme a

traducción famosa de Plautus, con todo o xiro arcaico, fra que engadamos un comentario morfolóxico-co-fonético. Cui tenen necesidade de adecuarse unha chela de ditas extranxeiras: francesas, Italianas, latinas. Va veremnt o que hai no remate da cousa. Fato de ago e cuido que non vou mal. No adiante xa veremnt.

Saudoi no teu nome ó dr. Balsecell, mais cuido que mellor sería que lle fuxese unha liña. Con todo fra el, cuido que terei por eiqui queira ma liña - A Lordi Rubio anda moito gu bono vto. O dr. Salgado sabe que non é antecema, mais sonantes lle dican no congreso que lle freque de vós e de Portela, non frestando casque atención. Non embargantes, están contentos de el -

Alime algo da marcha dos cursillos, de Cando finalizarán e de rás ou non eliminatorios? En que vai a consistir a Memória? Cuido

que ahí están os demais orientados de que está
da estancia aquí dos galegos xa che falara
Casterla. Frátaronse omni ben, e acaballáronse
a estío. En estío non puden falar coñecidos, pois como
che dixen, temos omni traballo.

Dalle lembranza omni a Afraire, e dille
que están vivindo no 29-1.º da Via Layetana.
onde él viven tamén. Frátámonse ben e fíllas de
agora están contentos.

D calor, aunque abaxo, coñecido que vos é
tan forte coma ahí. ¿Que tal sigues da tua in-
diferencia? En cando chegares tóves que botar te
na unha canoa e mandarlle chamar ao médico. Ego
na estou ben.

Un abrazo para todos os amigos de
Cetadavázquez
Joñal - Universitat de Barcelona

Carta de Cabada a Filgueira Valverde. Arquivo do Museo de Pontevedra.

nadas polos decretos do Ministerio republicano de Instrucción Pública e Belas Artes, que por medio deles pretendía preparar e seleccionar profesores “encargados de curso” en diversas especialidades para institutos e colexios subvencionados de ensino secundario. Cabada Vázquez elixiría o latín, unha das materias entre as dez especialidades oficiais ás que facían referencia estes cursiños, que terían lugar, fóra de Galicia, nestas cidades: Barcelona, Madrid, Málaga, Santander, Valencia e Zaragoza. Mentres Filgueira, que era xa por entón axudante interino no Instituto de Pontevedra, realizou o devandito curso en Madrid (denominado na carta “cubil dos centralistas”), Cabada Vázquez realizouno pola súa parte en Barcelona, aínda que previamente tivo que relizar unha proba eliminatoria na capital de España. Finalmente, tanto Filgueira como Cabada Vázquez foron seleccionados como profesores encargados de curso, coa diferenza, sen embargo, de que o primeiro volvería ó seu

Instituto pontevedrés, mentres que Cabada Vázquez, por escuras e inxustificables razóns (que analizo no devandito escrito²²), foi desplazado fóra de Galicia a un Instituto de nova creación na lonxana provincia de Valladolid. Na carta alúdese, polo demais, ó reencontro en Barcelona de Cabada Vázquez con Castelao. Efectivamente, foi no verán deste ano cando os deputados Castelao e Otero Pedrayo visitaron conxuntamente Barcelona, unha viaxe que estaba relacionada co denominado pacto de “Galeuzca” (Galicia-Euskadi-Cataluña). A relación amical e política de Cabada Vázquez con Castelao viña xa de cando este fora profesor seu no Instituto de Pontevedra e faríase cada vez máis estreita sobre todo desde a común participación activa (xunto con Filgueira) na fundación do Partido Galeguista en Pontevedra a comezos de decembro do ano 1931.

Máis alá desta correspondencia entre Cabada Vázquez e Filgueira, convén indicar que entre os papeis de Cabada Vázquez se atopa aínda unha derradeira e breve mensaxe, de comezos do ano 1936, de Filgueira a Cabada Vázquez, co seguinte texto: “Felicidades e bo aniversario! Filgueira. 1. I. 1936”. Só tres meses despois morrería, ós trinta e catro xoves anos de idade, Cabada Vázquez en Linares (Xaén).

Como remate destas breves liñas, só me resta agradecer encarecidamente a esta prestixiosa revista a posibilidade que aquí me brinda de presentarlles ós lectores estes novos escritos do destacado poeta e político estradense.

22 Cf. M. CABADA CASTRO, *Paixón...*, p. 102-109.



O movement agrarista na Estrada: un intento de rexeneración política e avance social

Jesús Palmou Lorenzo

A principios do século XX, Galicia é unha das rexións máis atrasadas de España. Aproximadamente o 90 % da súa poboación vive da agricultura, presenta un cativo desenvolvemento socioeconómico, político e cultural, e padece unha verdadeira sangría demográfica que escomenzara na metade do século XIX, cando a predominante economía agraria non é capaz de absorber a man de obra que xera o incremento da poboación no mundo rural; estámonos a referir á emigración.

Se partimos do ano 1900 e botamos unha ollada cara a atrás, atopámonos con moitas das razóns desta situación de atraso da nosa terra no cambio do século, mentras que unha análise do acontecido no recorrer do século XX adéntranos nalgunhas das consecuencias que se derivan desta situación, á que se tenta poñer remate.

A falla dunha reforma agraria esperada e anunciada ao longo de todo o século XIX, fai que a nosa agricultura sexa incapaz de asumir os modos de produción capitalista, por varias causas. En primeiro lugar, é preciso sinalar que estas causas son fundamentalmente de carácter estrutural e polo tanto de difícil remoción, e só a través de medidas de fondo calado -algunhas das cales atopaban coa oposición

interesada de quen sacaban proveito da situación-, e dende unha posición influente política e economicamente, non estaban dispostos a tolerar os cambios que, aínda sendo socialmente útiles e incluso necesarios, puxesen en perigo a súa prevalencia non só no campo económico, senón tamén no político e no social. Constatábase pois un moi superior atraso na Galicia rural campesiña ca na Galicia urbana onde se asenta a burguesía comercial, industrial e parte da fidalguía, que detentan non só o poder económico senón tamén a representación política, como consecuencia do seu maior nivel social e cultural e das eivas do propio sistema. As causas deste secular atraso, deste desequilibrio entre a Galicia rural e a Galicia urbana –que persiste ao longo de todo o século XX–, son fundamentalmente dúas:

A primeira, e fundamental na transición dos séculos XIX ao XX, é a estrutura das relacións de produción agraria, que incide de xeito especialmente negativo no desenvolvemento deste sector. Unha boa parte dos nosos agricultores son traballadores de terras alleas, ben sexa a través do foro que respresenta o 90 por cento da propiedade agraria, ou ben mediante arrendamentos, ou de parcerías. O foro, reminiscencia feudal, ten a súa orixe e a súa xénese na Idade Media, evolucionando de cara a unha contratación sinalagmática, bilateral e conmutativa, con outros aditamentos que o facían odioso; supón a división da propiedade en dominio directo, en poder dos perceptores da renda ou foristas e subforistas, e o dominio útil, en poder do foreiro ou traballador, de tal xeito que esta división da propiedade obriga aos traballadores foreiros a detraer ata o 35 por cento da produción, que deben aboar en rendas aos foristas e subforistas no seu caso, impedindo así que poidan facer fronte ás innovacións que se ían impoñendo e modernizando outras explotacións que non están sometidas a esta carga. Hai que salientar que no século XIX os foros eran xa perpetuos por mor da Real Provisión de Carlos III de 1763 que prohibiu os despozos, e por outra banda, que a desamortización de Mendizábal, que despoizou á Igrexa de importantes extensións de terras sometidas a renda foral, non facilitou a propiedade

plena, xa que o que se transmitía era precisamente o dereito a renda, sen dereito preferente de compra a favor do foreiro posuidor.

A segunda destas causas está intimamente ligada á dimensión das explotacións. A escasa superficie das unidades de explotación agraria, a súa división, o tradicional minifundio, contribúen tamén a facer da nosa, unha agricultura de autoconsumo e policultivo, incapaz de modernizarse e tamén de posibilitar aos agricultores o acceso a outros bens que non sexan de pura subsistencia, incidindo poderosamente no seu atraso económico, cultural, social e político, e forzando a emigración como única saída en moitas ocasións, ben por pura necesidade de subsistencia ao non existir industrias que poidan acoller o exceso de man de obra no sector agrario, ou ben buscando capital para facer fronte á compra da explotación, no caso de parcerías e arrendamentos ou ben para a redención do foro, no caso de que isto fose posible. Xunto a estas dúas circunstancias que xustifican o atraso do agro galego, hai que mencionar tamén a nosa condición de rexión periférica e illada, contribuindo á incomunicación e dificultando as relacións comerciais co resto de España. En resume, a agricultura galega por estas causas é incapaz de competir coa dos territorios e países nos que si se fixo a reforma agraria, que contan con explotacións mellor dimensionadas e sen a carga das rendas forais.

Pero xunto a estas causas endóxenas ou estruturais da situación da nosa agricultura nos albores do século XX, rexístranse tamén outras de carácter esóxeno ou máis coxunturais, que é preciso analizar, por canto inciden, e de xeito importante, no nacemento do movemento agrarista que dalgún xeito tenta facerlles fronte. A mediados do século XIX a gandería galega orienta a súa produción de cara á exportación, fundamentalmente o mercado inglés, acadando no ano 1885 un volume de 34.000 toneladas. Nerbangantes nesta segunda metade do século, a industria textil catalana, a siderurxia vasca, e os cerealeiros casteláns, vense afectados pola importación de produtos que compiten con ventaxa cos aquí producidos e, en consecuencia, a presión destes sectores, con moito máis peso políti-

co nas decisións do Estado, impoñen o arancel proteccionista de 1891, que prexudica gravemente a agricultura galega máis especializada xa na produción gandeira, e polo tanto, necesitada de importar grandes cantidades de millo, agora cun importante gravame que encarece a produción, impedindo que poida competir coas exportacións de carne que chegan ao Reino Unido dende Estados Unidos, Canadá e Arxentina. En consecuencia, a finais de século practicamente tiñan desaparecido as exportacións de carne ao Reino Unido. Ademais a agricultura galega deberá facer fronte á necesaria mecanización e introdución de novas técnicas de cultivo e a aplicación de fertilizantes como elementos fundamentais de competitividade dunha agricultura integrada en mercados máis amplos, aparecendo tamén por esta vía a necesidade de organizacións agrarias que, dende a unión e a reivindicación, fagan fronte a estes novos retos.

A falla dunha rede de entidades de crédito agrario, obriga aos agricultores, con ocasión de malas colleitas, pago de rendas, ou calquera outro gasto extraordinario, a acudir a prestamistas usurarios. Non se pode dicir que fose xeneralizado, pero acontecía con certa reiteración, que os prestamistas garantiran a devolución dos créditos mediante contratos de venta con *pacto de retro* a data fixada, onde o valor da garantía era moi superior ó do préstamo e dos intereses, case sempre usurarios. Son coñecidos casos en que chegada a data do vencemento do préstamo e do *pacto de retro*, o prestamista usurario sácabase do medio para evitar o pago e así facerse coa propiedade que o garantía. A xeralización da usura e as graves consecuencias que iso traía, e que se deixaron sentir especialmente no agro galego, fixeron que o Goberno promulgara a chamada Lei Azcárate de represión da usura de data 23 de xullo de 1908.

Finalmente, no eido político, a Restauración alfonsina dá paso ao turnismo sustentado no caciquismo local e na xeralización do nepotismo e a arbitrariedade como práctica política. Se ben é certo que o caciquismo non é algo propio e exclusivo de Galicia –tendo no mundo rural e agrario o seu principal caldo de cultivo–, a súa inci-

dencia e efectos son especialmente relevantes nunha terra na que o 90 por cento da súa poboación é rural e agricultora.

Estas circunstancias, o atraso de noso agro, xunto coa actitude comprometida de moitos intelectuais e profesionais liberais que contribuíron a encauzalo e fixar algúns dos seus obxectivos, e a participación de emigrantes galegos que aportaron a súa experiencia asociativa e tamén o capital necesario para a liberalización da terra das rendas foráís, determinan, fixan as particularidades do agrarismo galego, diferenciado doutras manifestacións asociativas e corporativistas que se dan noutras partes de España e de Europa.

O movemento agrarista

A asociación campesiña que comeza timidamente a finais do século XIX, constitúe o punto de partida do movemento agrarista, que ao longo dos anos non se vai manter uniforme, nin na súa orixe nin tampouco nos seus plantexamentos e obxetivos. Será sen embargo unha constante nas súas distintas manifestacións a consecución e establecemento dun novo marco no que sexa posible un maior desenvolvemento económico, social e político do campesiñado.

Xorden as primeiras asociacións de campesiños e gandeiros a partires do ano 1896 ligadas territorialmente á parroquia; nun contexto xeral, español e europeo, no que o asociacionismo pretende facer fronte á situación orixinada pola competencia, froito dunha primeira globalización amparada na mellora do transporte, especialmente marítimo, e as consecuentes transformacións operadas na segunda metade do século XIX; defensoras, en definitiva, dos intereses dos campesiños, e nun contexto específico de España e Galicia, marcado pola Restauración e a praxe política dela derivada: a introdución do sufraxio universal masculino e a legalización do asociacionismo.

Neste dobre contexto, o asociacionismo, nas súas dúas vertentes, as sociedades agrarias –máis vinculadas ideoloxicamente ás correntes

anarquistas, republicanas e socialistas—, e os sindicatos agrícolas, ligados á doutrina social da Igrexa, de corte conservador, expáñdense con gran rapidez, especialmente as primeiras, que escomenzan na provincia de Pontevedra estendéndose de seguido a toda Galicia, contándose en 1900 un total de 49 sociedades agrarias, unha delas na Estrada, que fora creada en 1898. Pola súa banda, os sindicatos agrícolas de inspiración social católica e contrarios á ideoloxía socialista, xorden na primeira década do século XX, acadando tamén unha importante implantación en Galicia, sendo os seus fundamentais obxectivos a formación, a mellora das explotacións a través da súa mecanización, mellora de cultivos e comercialización, fronte ao carácter moito máis reivindicativo e antiforista das sociedades agrarias.

Pero iste inicial despegue do asociacionismo agrario, amparado pola promulgación da Lei de Asociacións de 1887, sufríu un importante esmorecemento como consecuencia da represión gubernativa a que foi sometido e das liortas internas entre as distintas ideoloxías políticas; nacen daquela as Cámaras Agrarias como elementos de fomento da gandería e da divulgación das novas técnicas agrogandeiras a través de publicacións especializadas.

Pero é sen dúbida a crecente concienciación cidadá —e non só no agro senón tamén en amplas capas da poboación das cidades e vilas sobre a necesidade de poñer remate aos foros, é dicir o antiforismo, o elemento impulsor dunha nova e máis importante fase do agrarismo que comeza no ano 1907 co nacemento de tres entidades que dalgún xeito serán o referente futuro do agrarismo.

Solidaridade Galega, nace no seo do republicanismo coruñés, imitando a Solidaridade Catalana que no mesmo ano 1907 tivera un importante éxito electoral. Ademáis de republicanos, participan neste movemento importantes representantes do rexionalismo galego e doutras correntes conservadoras como Eugenio Carré, Lugrís, Vázquez de Mella e Portela Valladares. Tras importantes éxitos electorais, conta Solidaridade no seu haber coa posta en marcha e organización das Asambleas Agrarias de Monforte en 1908, 1910 e 1911,

pero unha vez máis, son as contradicións internas coas manobras caciquís, as que poñen fin ao movemento entre 1911 e 1912. No movemento solidario está o xermolo do nacionalismo galego a través das Irmandades da Fala, cousa que non debe sorprenden se temos en conta que é precisamente no ámbito rural onde se conservan e trasmiten os máis importantes elementos definidores da identidade galega como pobo: a lingua e o dereito civil propio.

Unión Campesiña, de inspiración anarquista, abandoa pronto esta orientación, para rematar escindíndose e integrándose o sector máis forte en Solidaridade Galega dous anos máis tarde da súa fundación.

Finalmente, o Directorio Antiforalista de Teis parte das asociacións agrarias da mesma parroquia e remata agrupando a máis grande parte das asociacións da provincia de Pontevedra, sendo o seu elemento aglutinador a campaña antiforal nesta provincia. Entre os seus máis destacados líderes atópase Chinto Crespo, profesional da agricultura, que pasou dous anos desterrado na Estrada e Manuel Lago que a presidía, sendo colaboradores habituais os avogados pontevedreses Prudencio Landín e Alfredo Vicenti. Tamén o Directorio proba sorte na política con escaso éxito. Unha vez máis, a acción gubernativa inspirada polo caciquismo, dou ao traste con este movemento.

Esmorecían pois os tres movementos asociativos nados en 1907 creadores do agrarismo como fenómeno de masas, que con obxectivos no campo agrario, pero tamén no campo político, loitando ora contra o caciquismo ora contra unhas contribucións excesivas e inxustas e os foros, non foron quen de aglutinar a forza dun agrarismo debidamente organizado en torno a un líder e a un proxecto.

A pesar deste fracaso, non rematou a forza nin a idea do agrarismo, e aparece a chamada Liga Agraria “Acción Galega” liderada polo cura de Beiro Basilio Álvarez, que no ano 1912 publica o “manifesto” no que emprega unha linguaxe radical e incitadora á violencia con frases como “*non esquezades que o tirano saiu da legalidade, e que, polo tanto, a lóxica empuxa ó emprego de procedementos violentos*”. O seu programa incidía nos mesmos temas que xa inspi-

raran as asociacións anteriores: redención de foros, extinción do caciquismo, vías de comunicación, fomento do turismo, protección da industria autónoma, bancos e caixas de aforros agrícolas, cooperativas, industrias rurais e pecuarias, e non aceptar para Galicia máis deputados ca os representantes das aspiracións agrarias.

- Historia del Levantamiento, Guerra y Revolución de España*. José María Queipo de Llano, conde de Toreno. Madrid 1953.

La Guerra de la Independencia. José Antonio Vaca de Osuna. Madrid 2002.

La Guerra de la Independencia en Astorga. M^a del Carmen Gómez Bajo. Astorga. 1986.

La maldita guerra de España. Ronald Fraser. Madrid 2006.

Libertad y Victoria. José Navas Ramírez -Cruzado y Arsenio García Fuertes. Coruña 2004.

Los ejércitos gallegos contra Napoleón en la Guerra de la Independencia. José Navas Ramírez-Cruzado. Coruña. 2004.

Los franceses en Galicia. Historia militar de la guerra de la Independencia en Galicia. Juan Manuel Osuna Rey. La Coruña 2006

Revista de Historia Militar. N^o extra de 2004,2005 y 2006. Varios autores.

Páginas Web:

www.1808-1814.org

www.jpna.info



A Estrada en panexírico. Cincuenta anos de evocacións na prensa periódica (1949-1999)

Juan L. Blanco Valdés

A xeito de introito

Hai algúns anos, en ocasión de revisar o estensísimo arquivo documental de meu pai Mario Blanco Fuentes para ser doado ao noso Museo local —arquivo do que fan nomeada parte os fondos hemerolóxicos— xurdiron ante os meus ollos con notable frecuencia unha variedade de recortes de prensa de índole literaria, ou doutra índole (histórica, etnográfica...), publicados normalmente —con moi poucas excepcións— nos especiais que os xornais tiraban —e seguen tirando— co gallo das festas patronais de san Paio entre o 24 e o 29 de xuño, textos nos que, como ben se pode intuír, a razón que lles dá orixe determina tamén o seu carácter laudatorio, costumista, festivo, evocativo, lírico... en relación non só coa vila en si senón aínda coa terra da Ulla ou Montes e as súas belezas, monumentalidade, curiosidades, persoas e personaxes. O segmento cronolóxico que o inventario ofrecía era redondo: cincuenta anos, os que mediaban entre a colaboración máis antiga conservada, de 13 de novembro de 1949 en *El Pueblo Gallego*, e a máis moderna, en *Faro de Vigo* de 23 de San Xoán de 1999. A doenza do inventariador agravouse

tras este último ano —Mario Blanco faleceu en 2000— resultando lóxico que a recompilación se deteña naquel ano.

Dispoñendo eu daquela de máis tempo —e, con seguridade, de máis enerxía— do que dispoño hoxe, estimei unha boa idea antoloxizar estes textos e dálos ao prelo, non se antes redactar unha introdución crítica, desenvolver un sistema de referencias de cada un dos autores, establecer uns criterios de edición, e demais preparativos e disposicións editoriais de rigor en obra de tal natureza. O alento do libro estaba para min en non deixar para os ratos un papel tan agariñosamente gardado e custodiado, e transmitir á posteridade, poñéndoo por impreso, un inventario de ideas, sentimentos e sensibilidades de tempos e circunstancias moi distintas, pero sempre co denominador común do amor pola *patria chica*, a preservación e estímulo do cal creo eu que é signo de bonhomía e profiláctico de moitos males.

Verbo dos autores e do devandito sistema de referencias, non se crea que este derivaba estritamente da necesidade de esclarecer a identidade dos redactores por seren estes descoñecidos. Antes ben, sorprendeume especialmente a categoría do elenco: Álvarez Insua, Ben-Cho-Sey, Borobó, Bouza Brey, Castroviejo, Cunqueiro, Filgueira Valverde, Fraguas, Labarta, Otero Pedrayo, Pura Vázquez... A respecto dos nomes menos coñecidos, a tarefa resultaba, tomada como incentivo erudito ao que sempre fun afeccionado, estimulante.

Como primeiro paso imprescindible para a proposta editorial, elaborei un inventario a xeito de bibliografía alfabética das colaboracións, con adición dalgunhas notas crítica. Pero, consciente do labor e investimento en tempo que implicaba a preparación ulterior da edición coas esixencias técnicas descritas, fixen primeiro, con tal inventario como anexo a un breve memorando, as consultas pertinentes de cara a ponderar as posibilidades editoriais do proxecto. Xa fose porque non dediquei os folgos e entusiasmos necesarios para defendelo, xa por non ter chamado ás portas axeitadas, xa porque, nas que toquei, o meu interese non foi compartido, o certo é que,

como tantas veces acontece, a cousa quedou na vía morta e aos poucos, entre as urxencias cotiás, esquecín o asunto.

Pero como ninguén coñece a fin de todos os camiños, velaí que unha esplendorosa mañá do último xullo, unha chamada telefónica do director desta benemérita revista, que o é tamén do Museo estradense, Juan Andrés Fernández Castro, fixo espertar o proxecto do *stand-by* no que, por case seis anos permanecera aletargado, e me propuxo redactar co xa feito unha colaboración para este volume de *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, que ben puidera servir de aperitivo para, no seu caso e de aparecer algún xusto pretendente, vestir con roupas novas o vello proxecto e dar ás prensas o libro ideado pero nonato.

Acollín con ledicia a inopinada pero oportuniísima *trouaille* de Juan Andrés e gabei con entusiasmo a súa proposta de converter o material xa inventariado en artigo desta nova entrega da nosa prezada revista. Repártanse, pois, con xustiza os méritos, pois se o material é meu, a oportunidade de que o lector estea lendo estas liñas é con exclusividade imputable ao bo ollo, inesgotable curiosidade intelectual do meu querido amigo.

Nin que dicir ten que todos e cada un dos artigos relacionados obran nos fondos do Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela.

A introdución feita, descrita a orixe das liñas que seguen e as razóns explicadas, abonda de presentación e imos ao choio.

Inventario

Para a consignación da fonte en cada caso, uso das seguintes

Abreviaturas

- BIP** = *Boletín Informativo del Pescador. Sociedad de Pesca Río Ulla*
DP = *Diario de Pontevedra*
EPG = *El Pueblo Gallego*
FV = *Faro de Vigo*
HL = *Hoja de los lunes (Vigo)*
LN = *La Noche*
LVG = *La Voz de Galicia*

ALLER ULLOA, Ramón M^a: *Pesca en el Cielo*, BIP, 29.06.56

ÁLVAREZ INSUA, Waldo: *Tradición estradense. Una herencia por un crimen*, LN, 23.06.56¹.

— *Autobiografía [Evocación de la villa en el tiempo de la Revolución de Septiembre]*, LN, 24.06.60.

— *Tiempos viejos. Siluetas del Ulla*, LVG, 20.06.69²

ARAÚJO ULLOA, José³: *La Estrada lugar de avanzada al campo y al río*, LN, 23.06.56

ARCOS GARCÍA, Lino⁴: *La Estrada, joven y bella*, EPG, 13.11.49

ASELA [¿?]⁵: *En la tierra de Tabeiros surgió La Estrada*, LN, 23.06.51

B.: *Os sombreiros de alcacén*, FV, 24.06.69

BARREIRO, C: *A Estrada en romaxe*, DP, 24.06.58

1 Editado por José Docampo Vázquez. Reproducido por O. Arca Caldas, *Waldo Álvarez Insua. Etradense, emigrante, escritor*, A Estrada: Asoc. Fillos e Amigos da Estrada, 1997, pp. 57-59.

2 Trátase da reprodución parcial dun artigo escrito —ou publicado orixinalmente— en 1888 e reproducido logo, segundo Arca Caldas, *op. cit.*, pp. 67-71, en *El Emigrado*, 1924.

3 Seguindo: *Presidente de la Sociedad de Pesca «Río Ulla»*.

4 Foi Xefe de Correos. O 13 de marzo de 1966, co gallo da súa xubilación, tributouse un xantar de homenaxe. Na foto, o párroco Manuel Castiñeira e o alcalde Mario Blanco entregan unha placa ao homenaxeado.

5 Parece claro que se trata dun acrónimo.



Homenaxe a Lino Arcos

BLANCO FUENTES, Mario: *Un coche, dos cañas y una «Leica» bastan*, BIP, 29.06.56

BOROBÓ: *La confusión del portugués*, LN, 24.06.55.

? *El Marqués de Riestra*, LN, 24.06.60

BOUZA BREY, Fermín: *Festas nas terras da Estrada*, DP, 24.06.65⁶

CASTIÑEIRAS RODRÍGUEZ, Manuel: *Construir la Iglesia, construyendo una leyenda*, DP, 25.06.70.

CASTROVIEJO, José M^a: *Otro Walton en Galicia*, FV, 24.06.54

— *Perfil. La Estrada en su valle*, FV, 24.06.54

— *La feracísima Estrada*, LVG, 22.06.68

CUNQUEIRO, Álvaro: *Por el Ulla a Tierra de Montes*, FV, 24.06.54

[DIARIO DE PONTEVEDRA]: *Castelao en La Estrada*, DP, 24.06.66.⁷

DÍAZ JÁCOME, Xosé^s: *Romaxe* [soneto], FV 23.06.51

6 Reeditado co mesmo título en LVG, 22.06.68.

7 É unha fotorreportaxe a toda páxina con fotos e comentarios. Compriría reproducila facsimilamente.

8 O escritor e xornalista mindoniense José Díaz Jácome mantivo boa relación vital e literaria coa terra estradense. Participou cunha composición titulada *A volta derradeira* na ofrenda poética que en 1962 se lle tributou a Manuel Cabada Vázquez con motivo da inhumación dos seus restos en Codeseda. Cfr. Juan L. Blanco Valdés, «Dous inéditos de Otero Pedrayo e Díaz Jácome», *Boletín Galego de Literatura*, vol. 19 (1998). Juan Ramón Díaz, durante dúas décadas director de *La Voz de Galicia*, é fillo de Díaz Jácome.


18 FARO DE VIGO

DOMINGO, 23

LA ESTRADA: FIESTA

EL SEGURO CAMINAR

Por Antonio FRAGUAS Y FRAGUAS



Una vista de un jardín estradense. Tan bello como otros que se reproducen en estas páginas.

NOS hiento, nos ha tentado o siempre la palabra, el sencillo topónimo indubitable del camino. No es recuerdo terco y un poco abatedo de la vieja senda ruggia y revuelta, apreada en largos y penosos decires de fatigados caminantes. En La Estrada se siente la vocación de caminar, de andar por los caminos con la alforja de una inquietud y el farol de una ilusión. El farol del romero que no se opaga hasta el final de la jornada y alumbró los pasos de una promesa con la delicadeza sencillez de lo oferta campesina.

Había en La Estrada una ermita de la Virgen Peregrina y allí pedían favor, cerca o lejos, los romeros que peregrinaban a Santiago y a San Andrés de Teixido. Muchos generaciones de caminantes que querían redimir sus faltas tenían aquí, en La Estrada, y en sus cercanías la posada, de la que hacían referencia unos y otros y era así como a todos resultaba familiar. Pero los caminos no sólo fueron para santos y penitentes, para alegres "foiteiros" de pasatiempo y para el amador que transita soñando con la amada. Los caminos son la esencia de la historia. El poblamiento, el desarrollo económico y los acontecimientos de ese mundo en sociedad y movimiento, discurren siempre por el camino, pues si alguna vez toman el sendero del atajo es, casi siempre, para volver al camino ancho, al camino seguro, de hombría de bien. Este discurre por los caminos estradenses de la sanada tierra de Tabeirós cuenta en su haber largos y hurrumbrosos episodios de la historia de todos los tiempos, buen ejemplo es el que relata la compostelana cuando Arias Pérez se negó a reconocer al rey Alfonso

al morir su madre doña Urraca. Arias Pérez, tenía sus tierras y fortalezas con el garbo de un gran señor que no admite superior o por lo menos se propone superior así.

Estaba el Rey atorado y no podía venir a la tierra, a la jurisdicción del noble alto, y rogó que realizara el castigo su padrino, el arzobispo Gelmírez. El prelado "habiéndose convalidado dice a Compostelano, a todos sus caballeros y peones y amonestado y ordenado también a los compostelanos que no demorasen concurrir a este ocasión, puso sitio a torre de Tabeirós defendida con fosos y trincheras y la combatió bravamente a hierro y fuego". Para realizar la toma de la fortaleza Gelmírez, "hizo construir una máquina de guerra que vulgarmente llaman gato, y mandó con ella, aplicada a la torre, sacavasen por todas partes y removiesen los sillares de dábago. De este modo, al fin vino a tomar la torre con mucho trabajo y gran dificultad, y luego de tomada la destruyó totalmente".

Sería aquella torre la de Ribbado de la Barreira, de la que aun goza la leyenda del señero "e caminamos que van por el río y hasta lo cruzan por un túnel para llegar al pico, afán de los afanes por los caminos ocultos donde la ley del misterio diosa se de encantados guardianes. En la realidad, quedan ahora ocultos, los viejos subterráneos, mejor los más viejos subterráneos, porque el castillo o torre se hizo de nuevo y siempre fue lo levantaron lo hicieron en el mismo carro. En su primer ocaso « gran Gelmírez fue a dar gracias a tiempo románico, a la iglesia más cercana de donde con profundo dolor rogó a Dios por el alma de sus dos caballeros caídos en la refriega

Faro de Vigo, 23 de xuño de 1968.

- DÍAZ JÁCOME, XOSÉ: *La Estrada* [soneto], FV, 24.06.54
 — *En el Pazo de Oca* [poesía], FV, 22.06.56.
- DOCAMPO VÁZQUEZ, José: *La Estrada, centro turístico de la Zona Norte de la Provincia*, BIP, 29.06.56
 — *¿Qué más te podemos pedir? A nuestra villa, con motivo de sus fiestas patronales*, HL, 23.06.58
 — *A miña vila*, FV, 24.06.61.
 — *Nas festas patronales. A vila da Estrada* [poesía], HL, 17.06.63
 — *Vila da Estrada, vila encantada* [poesía], FV, 24.06.64
 — *130 años de existencia de La Estrada como villa*, FV, 24.06.72
- DOCAMPO PEGO, Manuel: *Cantigas ás festas do San Paio*, FV, 25.06.86
- D'ORS, Álvaro: *El Ulla*, BIP, 29.06.56
- FARO DE VIGO: *Presencia de Otero Pedrayo*, FV, 23.06.68⁹
- FERNÁNDEZ DAPONTE, José: *Si significas camino...* [poesía], LN, 24.06.55¹⁰
 ? *A La Estrada en sus fiestas* [poesía], LN, 23.06.56¹¹
 ? *Sempreviva da i-alma* [poesía]¹², LN, 24.06.58
- FERNÁNDEZ OXEA, José Ramón y¹³: *Topónimos estradenses*, LN, 23.06.56
- FILGUEIRA VALVERDE, José: *Hacia rumbos nuevos*, LN, 24.06.60
 ? *La aprendí a querer*, LVG, 22.06.68
- FRAGUAS FRAGUAS, Antonio: *Perfiles estradenses*, EPG, 18.11.51
 — *El rosal de la leyenda*, LVG, 22.06.68
 — *El seguro caminar*, FV, 24.06.68
 — *Lembranzas da Estrada*, ECG, 23.06.90
 — *Un estradense digno de recordar*, FV, 25.06.96
 — *Festas da Estrada e lembranza histórica*, FV, 23.06.99
- FREIJEDO, Xosé María: *Un poema para A Estrada. Laios dun emigrado*, FV, 25.06.87
- G.P.,J [¿?]: *A Estrada ten nome de camiño*, EPG, 18.11.51

9 É unha breve noticia sobre o pregón das festas que ese ano pronunciou Otero.

10 Asinado en Noia.

11 Idem.

12 Coa adicatoria: *Pra José Docampo Vázquez*.

13 Coñecido polo seudónimo Ben-Cho-Sey.

A ESTRADA EN FESTAS

Mal festa en casa nos,
e nos a porta

D i Saiacon que é escrito o libro dos Proverbios pra darlles a os menos lizeza, aos moitos sabencia, i aos sabios a a mais.

Ita e o libro máis vello que coñecemos en forma refranera. E peñ'a que a Peremofosta seña inda oze unha coñca pouco estudada, podemos decir que dendenón todos os polos cultivados o refrán: e son coñcentes os flocantes, mais tamen os homes entendidos.

E a qu' vtrá tanta revirvota, dirán pra os seus botóns os que están coa lingua na boca i o pensamento na festa. Pú'a a que os galegos somos así: i ó que dabanón chamáu lizeza, nos chamámolle retranca. E ditto refen moito os nosos refráns, ou polo menos, a nosa maneira de aplicación. Ven o caso aquel aforismo da Escola de Salern: *Quæcumq; est manus, et dicit avara manus.* E tradúcion os casteláns con moita figura: *Quero todo el año, y un queso al año.* Pro nos, con bastante máis retranca, decimos: *O quezo, dá máis dun tíño.* (fingimón).

Pro voltemos sobre da mesma mallada.

O balcador das festas galegas é bon sendo por certo, inda máis pola encheita que quizaias hana na casa alta.

Dendes da antiga casola castreña, pasando polo estrebre pote aldeán, deles a tarreira de ferro esmaltado i a oia "expres" de señoras da Vila, sempre houbo fartura o día da festa.

Mais de catrocentos anos antes de que fora mado Cervantes o nos falara das bodas do Cusacho, xa temos noticia dunha ben gorda que se fizo co gallo da sagración de elexta nova de San Martiño de Pazo (Ribeira). Un pergameo que viu López Perreiro do Mosteiro de San Martiño de Santiago, diños que, aiñto que puxo a parroquia, o cabaleiro Santo Martí e máis a súa muller Vindevara Ramires adiantaron: *Dóns carga, de trigo: tres de cento; esta de cebada pras beiras; seis moitos entre viño e sidra; de maniega, mel, pimento e cebolla, quince soidos; unha vaca tosta, outra porcos seis caudros; entre bacurifón, algañosos o gulláns, quince pezas. Seta mota a cristandade reunida; pro eu creo de min que ningún nallu con fame.*

Nos arquivos das parroquias hai lembranza de comidás de hirmandades que custaban un pito, e que os Bispos cortaron de raíz.

Eu codo que poder ser un bon agnel pra abric as voluntades de comer, o pér no nosa unha tabeilla co menú que nos dá Labarta Pose na Festa de Tuberton:

O pérmetro prato decote
era o caldo de repolo
que se fommea con bolo
cocto dentro do pot.

Dimpós sidras os cochelo
o cabrito, a carne esuda,
os pillos en empanada,
e rizo, o lardo con graxas
e as moxillas de pillos,
os moxidos en azer,
as chulas con leite ou tosta,
i as ricas pezas de arroz;
todo mo ben remollido
con bo sidro do Ribeiro,
ata faltar o derradeiro
nosos copas de tostando.

Tód isto é "pete de terra adentro", que está a haber con fartura nas festas da Estrada: pro eu sei que as coñcentes inda gardan algún segredo pra pér lelos nos convidados.

E bueno; basta xa de lería. Agora a mougar, e que bo proveito lles faga.

Alguén estara a decir: ¿Pra cánda deixamos a aplicación do refrán da testeira dista prouta?

A botellas que pra outra vez será, si hai xeito e licencia.

O VELLO MARTIÑO

GARCÍA SABELL, Domingo: *A Estrada, vila aberta*, DP, 27.06.70

GARCÍA SOLÍS, Federico: *Aventuras de un pescador novato*, BIP, 29.06.56.

GONZÁLEZ ALEGRE, Ramón¹⁴: *Notas estradenses*, FV, 24.06.60.

GONZÁLEZ LÓPEZ, Manuel: «*Sesenta Capote*», BIP, 29.06.56

IGLESIA ALVARIÑO, Aquilino: *Descubrimiento de La Estrada. Primer viaje*, LN, 24.06.60.

— *A morte do doncel garrido*, EPG, 24.06.61¹⁵

LABARTA POSE, Enrique: *Semblanza de Marcial Valladares*, LN, 26.06.57¹⁶

LAGO VÁZQUEZ Gil¹⁷: *Dádeme A Estrada de antes á de agora*, FV, 23.06.89

LALO: *Escribir de La Estrada con cariño*, DP, 24.06.69

LANDÍN CARRASCO, Rafael: *La Estrada, recuerdo y esperanza*, EPG, 24.06.61

LANDÍN, Prudencio: *Para Pepe Martínez, en Barcelona*, EPG, 13.11.49

— *Sanjurjo en La Estrada*, EPG, 18.11.51

— *Un juez de La Estrada*, FV, 27.06.53

— *De mi viejo carnet. Un cartero de Santeles*, FV, 03.11.53

— *El buen comer en La Estrada*, DP, 26.06.64

14 Berciano de Vilafranca (1920-1968). Cfr. o post «Máis sobre letras galegas» (<http://fragmentosgutenberg.blogspot.com/2007/05/mis-sobre-letras-galegas.html>) publicado o 14.05.07 no meu blog *Fragmentos da Galaxia*.

15 Reproducido en DP, 24.06.65

16 Haberia que investigar ónde se publicou orixinalmente. Leva a nota previa: *Como complemento del artículo original de Don Mario Blanco Torres [sic, por Fuentes], publicado en nuestro número de ayer reproducimos hoy los siguientes versos festivos de D. Enrique Labarta Pose.*

17 [sic] Cronista Oficial de Vigo.

LOIS [Estévez], J[osé]¹⁸: *Soneto a La Estrada*, EPG, 13.11.49

LOIS ESTÉVEZ, José: *Soneto a La Estrada*, BIP, 29.06.56

— *Canto de júbilo y predicción de esperanza*, LVG, 22.06.69

LOUZAO: *Color de La Estrada*, DP, 24.06.58

NEIRA BALOIRA, Constantino¹⁹: *A Torre da Insua de Veá*, DP, 25.06.70.

NÚÑEZ CASAL, José L.: *La Estrada esperanza y realidad*, EPG, 23.06.57

? *Remanso lírico. Añoranzas de La Estrada*, LN, 27.06.57

OTERO PEDRAYO, Ramón: *Los caminos de luz de la villa*, FV, 24.06.54

— *Terra de Tabeirós, ledó camiño e A Estrada doce acougo*, EPG, 18.11.51.

OTERO VARELA, Alfonso: *Sublimación de la Naturaleza*, BIP, 29.06.56

PIÑEIRO ARES, José²⁰: *A La Estrada hay que entenderla*, LN, 24.06.61

PORTA MARTÍNEZ, Pablo: *A Estrada na obra de Castelao*, ECG, 25.06.88.

PORTO MATALOBOS, Xosé: *Presencia da Estrada*, DP, 24.06.58.

PORTO MATALOBOS, J.[osé]: *Hemingway y el mar*, BIP, 29.06.56.

— *A Estrada, fidalga e xenerosa*, FV, 24.06.61 (?)²¹



18 Prestixioso catedrático de Epistemoloxía das Ciencias Xurídicas e Sociais da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago. Natural de Pontecaldelas (1922), casa na Estrada con M^a Carmen Puente Araújo. Cuñado do tamén egrexio catedrático de Dereito Romano Álvaro d’Ors e tío, polo tanto, do actual catedrático de Dereito Romano da universidade compostelá Javier d’Ors Lois. A biografía e *cursor honorum* de Lois pode seguirse en <http://www.horagar.com>. No último mes de xuño publicou un libro titulado *Hablando de verdad y de Derecho* que recompila as colaboracións do autor en *El Correo Gallego* entre 2000 e 2005 (<http://www.elcorreogallego.es/index.php?idMenu=11&idNoticia=313847>). Lois foi bo amigo persoal de Mario Blanco.

19 Constantino Neira Baloira foi párroco de San Miguel de Moreira e arcipreste de Tabeirós. Participou tamén na ofrenda poética a Manuel Cabada Vázquez á que fixemos referencia na nota 7.

20 Foi alcalde de Pontecesures e bo amigo persoal de Mario Blanco.

Festas nas terras da ESTRADA

Por F. BOUZA BREY

HAI festa maior na vila da Estrada; mais eu ameí tamén aquelas outras menores de Santa Margarita de Callobre, do Amparo de Berres, de San Xurxo de Cereixo... Campaban as horas baixo un sol cariñento que baixaba por enmedio das enramadas, bulían as campás e estouraban os foguetes mentras o viño corría e danzaba a mocidade.

Eran os días en que inda se oían as cántigas que eran crásicas de cada romaxe:

Rapazas de Guimarei
non vaiás ó Santo Estebo
que as mozas de Lagartons
hanvos de facer o pelo.

E as pandeiradas sonaban sin lecer, e as gaitas aturdían as carballeiras. Non había animadores nin se debullaba o corpo co «twist». Ben é certo que a mocidade armaba liortas ó caer da tarde e a xente fuxía sin agardar á noite. A Guardia Civil cacheaba no mesmo campo ós rebuldeiros, e as rosquilleiras encobriaban as armas dos mozos nas cestas dos meindres de Silleda e das rosquillas de Ribadavia. Os carros cos pipotes do viño servían de defenza nas pelexas dos bandos parroquiais. Os triunfadores volvían cantando e atruxando en desafío:

Este o cantar da montaña
este é o cantar montañés.
Mozos de Berres de Arriba
non seis si o aprenderés.

Había outra forza e outra vida. ¿Me llor? ¿Pior? Non o sei. Era, sí, mais espontánea, mais aberta, menos dirixida, mais ceibe, mais individual.

Tiveron sempre sona as festas da Estrada. As da capital polas amplas concurrencias das xentes campesias de unha terra que é o corazón e o cerne de unha ricaz xeografía; polas músicas que tocaban día e noite sin descunso na praza; po-

los xantares solemnes ofrecidos ós amigos convidados de Pontevedra, de Santiago, de Lalín...; polos bailes do Casino; pola xogueta tamén. Había destoncias na Vila xentes de moita personalidade, cada quén polo seu estilo, sempre nobres o cortesés pra as amizades, pra os da mesma política; loitadores e tesoneiros; directores de grupos e con talento pra gobernar a cousa pública; moi villegos e moi ruraies a un tempo, como compría a quenes vivían en contacto cos labregos eran donos de pazos ou de fortes casales e recadaban forós e votos. Médicos, Abogados, Peritos agrícolas e Procuradores eran as profisions que tiñan no mundo aldean mais influxo, que ós seus protexidos parecía omnímodo. Eu afixenme moito a esta vida de grupos triunfantes hoxe, caídos mañan, sin entrar nela; pero observando canto había de inxenio director, de maestría diplomática ou a veces picara nestes xogos políticos, profesionales ou de simple dominio de grea multitudinaria. E sería capaz de ir nomeando un por un a aqueles cabaleiros, a aqueles traxinantes, a aquelas individualidades que mal souperon que eu amaba en todos e cada un de eles un perfil, unha fasquia, unha característica da miña terra. Fóronse indo moitos vellos amigos estradenses sin que no meu silenzo adiviñasen a simpatía que me inspiraban as suas tramoias, as suas loitas, as suas pequenas traxedias na procura de un cargo local ou provincial; mais cando chega o tempo das festas e recibo os convites pra ir a elas, ponme door toparme sin don Mario o fidalgo, sin don Xesús o procurador, sin don Xosé o médico, sin don Manoel o perito, sin don Gonzalo o boticario... e quedome na casa. Vós que non tendes esta laña no corazón debedes de acudir a elas e coñecerdes o ledo señorío propio do seu natural. Eu non podo, non podo...

- PORTO MATALOBOS, José: *Al Ulla* [poesía], DP, 26.06.64
- REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel: *Algunhas lendas estradenses*, ECG, 25.06.88.
- ? : *O campaneiro de Orazo*, ECG, 23.06.89.
- REMUÑÁN, Manuel: *En el Ulla, a mediodía*, BIP 29.06.56
- REY-ALAR, Gonzalo: *La villa feliz en sí misma*, FV, 22.06.56.
- REY ROMERO, Faustino: *Si yo peregrinase a Compostela. La voz del paisaje*, FV, 24.06.54
- RODRIGO DE MAÍSSA, Margarita: *Mes de junio, fiestas en el municipio de La Estrada*, DP, 24.06.69
- RODRÍGUEZ FRÁIZ, Antonio²²: *Galicia y sus hombres. Un estradense que renuncia al título de Marqués*, FV, 24.06.60.
- ROMANÍ, Arturo²³: *En la feria de La Estrada. La gente transeúnte*, LN, 24.06.55
- *Presencia de La Estrada en Galicia a través de su masa coral*, FV, 22.06.56.
- *Por los caminos del Ulla*, LN, 27.06.57.
- SAR, Máximo: *Aspectos estradenses. Sorpresa, feria, paisaje*, LN, 24.06.61
- SIGÜENZA, Julio: *Los estradenses emigrados en América*, FV, 23.06.51.
- *La Estrada aquí y allá*, FV, 22.06.56.
- *Gozo y trabajo. Personalidad alborozada del estradense*, FV, 24.06.60.
- UN ESTRADENSE [i?]: *La Estrada y su rápida formación*, EPG, i?.06.53
- VARELA DURÁN, Alfonso: *Coñece-la Estrada*, ECG, 25.06.88.
- VARELA PAZO, Xosé: *Lembranzas estradenses*, FV, 24.06.88
- VÁZQUEZ, Pura: *A Enreda*, EPG, 18.11.51
- VÁZQUEZ TORRES, Roberto: *A Estrada, una bellísima sinestesia*, FV, 25.06.86
- XAN DE ROMARIZ: *Curiosidades arqueológicas da bisbarra estradense. O Portalón do oeste no Pazo de Oca*, DP, 24.06.69
- *O Portalón do oeste no Pazo de Oca (II)* DP, 25.06.70
- XORXE: *Manoel García Barros, Patriarca das Letras Galegas*, LVG, 20.06.69.

21 É un recorte sen identificación de cabeceira, pero estaba ó lado das páxinas especiais das festas dun FV desa data.

22 Erudito sacerdote, natural de Forcarei e autor dunha exhaustiva monografía sobre o mosteiro de Acibeiro (Pontevedra: Museo de Pontevedra, 1973). Cfr. <http://www.forcarei.net/htmlc/gentes/AntonioFraiz.htm>

23 Foi corresponsal de LN na Estrada, cfr. LN, 24.06.58. Muradán de nacemento, o xornalista especializouse en temas pesqueiros.



Gravados rupestres na Estrada; da Idade do Bronce aos nosos días

Juan Andrés Fernández Castro*

I. Bouza Brey e o petroglifo do castro de Codeseda

Na carta arqueolóxica da Estrada recóllese, como único exemplar de gravado rupestre do concello, aquel que no seu día publicou don Fermín Bouza Brey¹, que exercera na vila o cargo de xuíz durante varios anos. Trátase dun fragmento dunha laxe recuperada da soleira da porta dunha casa de Codeseda, encontrada no 1938 por Jesús Romar no interior do castro das Quintas mentres realizaba labores agrícolas. A pedra foi depositada no Museo de Pontevedra, onde hoxe se conserva, sendo sobradamente coñecida e amplamente citada na literatura arqueolóxica como exemplo de gravado rupestre asociado a un xacemento castrexo, aínda que non temos maneira de saber se a súa ubicación orixinal se situaba no interior ou inmediacións do propio castro ou é un exemplar alóctono de descoñecida orixe, que ben podería ser. Trátase, en todo caso, dunha peza atípica que cómpre poñer en corentena á espera de posteriores investiga-

* Agradecementos: Andrés Fernandez, Roberto Salgueiro, Luis Sanmartín, Alfonso Sanmartín, Ignacio Diéguez, Gerardo Fernández, Antonio de la Peña, José Fuentes, Jesús Mallo, Albino Ríos, Pelayo Bergueiro, Ángel Cao.

1 BOUZA BREY, FERMÍN. "Grabados rupestres del castro de Codeseda" en BRAG T. XXIII, 1942-43, A Coruña 1943, pp.6-10.



Petroglifo de Codeseda publicado por Bouza Brey. Museo de Pontevedra, reproducido con autorización.

cións que aporten algunha luz en torno á súa orixe, técnica de gravado e singularidade do soporte no que se encontra. É tamén digno de salientar o feito de que a pedra fose reutilizada como material constructivo en función non só da súa forma –ignoramos en que momento se realizou o recorte da pedra–, senón, e fundamentalmente, da singularidade e valor máximo-estético dos deseños que reproduce.

Velaquí outro dos frecuentísimos casos de reutilización de materiais arqueolóxicos (aras romanas, miliarios, laudas sepulcrais, muíños castrexos...) con fins constructivos nas casas do rural galego.

II. Un feliz redescubrimento; o xacemento rupestre da Costa dos Cabalos

Unha tarde do mes de abril de 1988, mentres paseabamos polo monte da parroquia de San Xurxo de Veá meu fillo Andrés máis eu descubrimos nunha peneda granítica o que sería o primeiro xacemento rupestre *in situ* do concello da Estrada; moi próximo a este apareceu outra rocha con gravados non prehistóricos, dos que se ofrecerá cumprida información máis adiante. Tomamos fotografías, anotamos o achádego e fómonos coa intención de regresar ó pouco para levar a cabo un estudo máis de vagar do xacemento. Mais velaquí que por diversas causas foise demorando aquel regreso e cando intentei localizar a rocha fracasei no intento; certo é que no intre ardera o monte e medrara despois o mato de forma desmesurada ocultando o pequeno xacemento. Intenteino outras dúas veces, pero ao final perdín a esperanza de reencontrar a pequena estación rupestre da que eran únicos testemuños as fotografías tomadas daquela. Mais velaquí que neste verán de 2008, vinte anos máis tarde, pro-



A rocha da Costa dos Cabalos na primavera de 1988. Obsérvese o tamaño dos pinos que medran no xacemento.

ponme Andrés reemprender a busca do extraviado xacemento; acepto gustoso a oferta mais declino a invitación de acompañalo, bastante decepcionado polos meus fracasos anteriores e lembrando tamén a inmensa fatiga de percorrer con calor aqueles montes esgrevios inzados de toxos arnais. Mais, ¡juventude animosa!, planificaron o traballo dende a casa localizando a área aproximada no SIXPAC e botáronse ao monte. Empezaron ás nove da mañá e localizaron a pedra ás tres da tarde, fatigados, suorosos e a punto de abandonar a busca pois a rocha que vinte anos antes atopamos, e mesmo o seu entorno, cambiaron sensiblemente. Encontrábase aquela practicamente soterrada quedando á vista menos da metade da superficie total da pedra; a arboreda que a rodeaba fora talada recentemente e mesmo algún sector do xacemento foi levemente danado pola maquinaria desbrozadora; tamén se descubriron na superficie da laxe estaladuras superficiais producidas polo lume pero que, afortunadamente, non afectan aos motivos gravados. A outra pedra con gravados modernos, moi sobranceira do terreo, foi moi facilmente localizada.



Paisaxe que se domina dende o xacemento rupestre da Costa dos Cabalos.

II. a. Descrición do xacemento

A estación rupestre que damos a coñecer, a rentes do chan na súa parte superior e elevada uns corenta cm. no extremo inferior –distancia sensiblemente inferior á de vinte anos atrás, o que indica un proceso de colmatación do entorno da pedra–, encóntrase na parroquia de San Xurxo de Veá, Concello da Estrada, nunha paraxe denominada Costa dos Cabalos, inclinada cara ao NE e dende a que se divisa unha ampla paisaxe².

Trátase dunha afloración granítica de grao grosso e de tonalidade crara debido á abundancia de ortosa, mineral responsable da erosión que padece a súa superficie. As diaclasas propiciaron a fragmentación da rocha en catro paneis, dos que tres (1, 2 e 3) conteñen dese-

2 Tódolos xacementos arqueolóxicos mencionados neste traballo foron debidamente comunicados no seu momento á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia

ños rupestres. Na fenda que separa os sectores 2 e 3 medraron dous pinos recentemente talados que na época do descubrimento apenas sobrepasaban o metro de altura. Procedemos a continuación á descrición sucinta do contido de cada un dos tres paneis con rexistro arqueolóxico.


a) Panel 1 ou superior. Obsérvase un só motivo situado no centro do plano consistente en liñas concéntricas discontinuas, rematando a máis externa delas nun engrosamento a modo de circunferencia. O suco é ancho pero moi pouco profundo, chegando a desaparecer nalgúns tramos.

b) Panel 2 ou central. Está ocupado por unha serie de cinco motivos circulares, tres deles unidos por unha liña e os outros dous libres. É salientable a disposición espacial destes motivos, ocupando, en sentido lonxitudinal, a superficie máis apta en virtude da súa horizontalidade e ausencia de irregularidades.

c) Panel 3 ou inferior. Nel é só perceptible unha serie de circunferencias concéntricas de trazo incompleto, ignoramos se foi



O xacemento no verán de 2008; na fenda vense as cachopas das árbores recién taladas.



As diaclasas dividiron a rocha en catro puntos.



No panel 2 encóntrase a meirande parte dos motivos gravados.



Detalle do panel 1.




Círculos concéntricos do panel 3.

Redescubridores do xacemento.





Combinacions circulars dos paneis 2 e 3.



Paneis 1 e 2.


concebido orixinalmente deste modo ou parte dos trazos foron borrados pola erosión sufrida no transcurso dos anos, circunstancia ben probable dada a composición e estrutura da pedra.



A Pedra dos Cabalos e ó seu pé a rocha con cazoletas.

III. O petroglifo da Pedra dos Cabalos

A unha distancia aproximada de 260 m. do anterior, en dirección SE, encontramos outra pedra con figuras rupestres máis serodias, poida que medievais ou modernas, aínda que os sucos dalgunha das figuras presente un perfil que denota venerable antigüidade. Os motivos gravados encóntranse repartidos entre dúas rochas, unha delas vertical, sobranceira, elevada algo máis de dous metros sobre a superficie do chan e que contén, fundamentalmente, cruciformes libres e outros incluídos en cadrados que, nalgún caso, apenas se perciben. Son tamén visibles sucos lineais de difícil adscrición e pequenos coviños e riscos obtidos por percusión de ferramenta metálica. Aos pés desta grande laxe encontramos outra semienterrada, pouco sobranceira e cunha superficie inzada de cazoletas -moitas delas



A pedra inzada de cazoletas.



Detalle dun deseño da Pedra dos Cabalos.

adxacentes ou comunicadas por unha canliña-, e piletas de deseño tendente ao rectangular ou elíptico. A feitura destes motivos -de difícil adscrición cronolóxica-, e a superficie pulida do seu interior suxire o emprego de ferramenta metálica e posterior acabado por rozamento ou frotamento. Cabe a posibilidade de que se trate dun fragmento desprendido da pedra grande; as liñas de fractura, posición e proximidade a aquela así parecen indicalo.

IV. A pedra da Quenlla dos Castiñeiros

Está situada a 1'7 km. aproximadamente da anterior en dirección NO no alto dun outeiro dende o que se divisa unha fermosa paisaxe dominada polo Castro Valente e o río Ulla que discorre mansamente aos seus pés atravesando as veigas de Carcacía, Herbón e Barcala. Encontramos moitas similitudes entre esta rocha e a da Pedra dos Cabalos no que se refire a situación prominente, composición física e textura, tamaño, tipo de motivos representados e adscrición cronolóxica.

Debido precisamente á súa composición e permanente exposición ás agresións meteorolóxicas a súa superficie é abondo irregular e rugosa polo que o gravador precisou aproveitar os escasos lugares adecuados para plasmar os seus deseños, fundamentalmente cruciformes, circunferencias e curvas abertas labrados a pico con diversas



A rocha da Quenlla dos Castiñeiros no alto dun outeiro.



Detalle da Quenlla dos Castiñeiros.

técnicas; como detalle distintivo sinalamos a relación cruciforme-circunferencia, motivo alleo á pedra anterior.

V. Consideracións paisaxístico-espaciais

Dentro da arqueoloxía galega os gravados rupestres prehistóricos gozaron nas últimas décadas –aínda que con certas lagoas, carencias e inflexións–, da atención preferente de moitos arqueólogos fascinados por aquela personalísima manifestación cultural que labrou debuxos de misterioso e descoñecido significado en miles de pedras do noroeste peninsular. A superación daquela teima de antano que cifraba na pedra e no seu contido a fin última do estudo arqueolóxico e o recoñecemento (resignado) da imposibilidade de acceder ao seu significado orixinal propiciou a apertura de novas vías de investigación. Especialmente atractiva é aquela que atribúe aos petroglifos o carácter de elementos organizadores e articuladores do territorio. Admitida a certeza de que a ubicación dos complexos rupestres non foi en absoluto casual queda nas nosas mans o desafío de descubrir os motivos daquelas decisións e as claves do diálogo que se establece entre eles e a paisaxe que os rodea.

Conforme a este criterio paisaxístico poderíamos clasificar os xacementos deica agora descritos en dúas clases:

- a) Pedras para seren vistas dende lonxe –visión concéntrica ou centrípeta–: Pedra dos cabalos, Quenlla dos castiñeiros.

Elixidas en virtude da súa visibilidade, dominando polo seu gran tamaño e posición (erxueitas, moi sobranceiras do chan e ubicadas en pequenos cumios ou no medio de chairas)



O xacemento rupestre desde a distancia.

un sector amplo de terreo. O importante nestes casos é seren vistas dende a lonxanía erixíndose como referencia visual do entorno, circunstancia da que deriva a súa finalidade ou sentido, *lexitimado* ou *certificado* polos signos gravados nelas -fundamentalmente cruces-, que as dotan de persoalidade propia e as distingue das demais pedras. Lamentablemente pouco máis podemos dicir sobre elas pois, a pesar da súa modernidade, ignoramos as claves que nos permitirían hoxe penetrar o seu sentido e interpretar a mensaxe que noutros tempos foi claramente lexible para as persoas que frecuentaron estas paraxes montesías. Non se trata de fitos de lindeiros parroquiais, municipais nin provinciais e non delimitan, que nós sepamos, couto nin xurisdición antiga ningunha. Poida que fosen indicadores de propiedade ou explotación do monte, da caza, do gando silvestre que por alí pacía libremente ou de canteiras. E poida, en fin, que a súa virtualidade residise tan só na súa sobranceira soedade no medio daquel *saltus* de antano; un fito destacado na paisaxe que servise de referencia: “...máis arriba da Pedra dos Cabalos”; “...mesmo a carón da pedra da Quenlla dos Castiñeiros”.

- b) Pedras non perceptibles na lonxanía (e actualmente difíciles de localizar, incluso dende a súa proximidade, en condicións adversas de luz ou cando a súa superficie se encontra parcial-



A igrexa de Frades, nas proximidades da estación rupestre.

mente oculta) pero desde onde sería posible o dominio visual dun determinado territorio, que no caso da pedra da Costa dos Cabalos comprendía os fértiles vales dos ríos Veia e Liñares, -visión excéntrica ou centrífuga-. A selección da ubicación exacta da pedra e dos motivos a representar, así como todo o proceso de gravado, adxudicación de contidos simbólicos e rituais en torno a eles celebrados foron sen dúbida

actos solemnes, profundamente meditados e restrinxidos a certas castes ou élites especializadas entre as que se encontrarían auténticos “artistas” que plasmarían na pedra deseños que en ocasións acadan unha extraordinaria forza expresiva. Estes feitos descartarían a aleatoriedade da elección e suxiren toda unha serie de interaccións entre a propia pedra e os motivos nela representados co modo de apropiación e explotación do territorio onde se ubica.

VI. A Pedra Santeira

Sobre unha pedra granítica moi pouco sobranceira, a carón mesmo da pista forestal que une os lugares de O Casal (S. Xurxo de Veia) e Casa do Frade (S. Miguel de Barcala) encontramos un gravado de orixe claramente moderna como o testifica o seu risco nido e profundo labrado con instrumento metálico. A pedra en cuestión formou parte dunha antiga canteira, salvándose este gravado da destrución por encontrarse nunha área marxinal. A distribución espacial dos motivos representados -unha cruz de longo fuste fixada sobre basa cadrada con cazoleta e dúas letras, “A” e “R” invertida, a ambos lados, todo ilo rodeado dunha orla ou filete de característico deseño, denota a intención do gravador de imitar un escudo heráldico. Conforme ó testemuño de don Albino Ríos, veciño de Santa Cristina de Veia que viviu na súa xuventude nesta parroquia de San Xurxo, a pedra en cuestión



Cruz de alto fuste con pedestal e letras en San Xurxo de Veá. Pedra Santeira.



A rocha de Monte Penide, na parroquia estradense de Parada cos seus enigmáticos signos. Museo de Pontevedra, reproducida con autorización.

e o terreo onde se ubica pertenceron a don Ángel Rodríguez, canteiro de profesión falecido hai anos que quixo deixar perenne constancia da súa propiedade plasmando na pedra a inicial do seu nome e primeiro apelido. Quedaría por explicar a inusual e enigmática reprodución invertida da letra R.

VII. A pedra do Monte Picáns, Parada

Depositada no Museo de Pontevedra, a onde foi transportada en carro de vacas dende a parroquia estradense de Parada a finais do século XIX, encóntrase unha pedra de *arenisca* de superficie uniforme e lisa; presenta a particularidade de conter numerosos signos lineais labrados con instrumento metálico puntiforme no brando material que a conforma; obsérvanse tamén, nalgúns ángulos da pedra, signos evidentes de ter servido para afiar ferramentas. As teorías en canto á súa interpretación son dispares, atribuíndolles algúns o carácter de signos protoibéricos mentres que outros, máis escépticos, redúcenos a simples riscos de instrumentos metálicos sen intención de reproducir mensaxe.



Cruciforme na xamba esquerda dunha casa da Grela, Codeseda.




Ventás e porta no Lugar da Grela, Codeseda.

IX. Linteis, xambas, portas e muros como soporte de gravados

Simbolicamente na porta da casa establécese a fronteira entre o ámbito privado, onde convive a familia e arde o lume do fogar, e un exterior inseguro -antítese do *doméstico*-, que pode devir inhóspito e hostil. Saír da casa supón o abandono do tépedo claustro materno para exporse ós perigos e ameazas do exterior. As portas, xeralmente de madeira, protexían aos moradores da vivenda, preservaban a súa intimidade e resgardábanos contra os rigores climatolóxicos. A porta era, sen embargo, un “punto débil”, unha fenda na muralla da fortaleza familiar que era conveniente asegurar; mais existían ameazas, estas de índole espiritual, contra as que resultaban inútiles trancas e fechos. Cumpría pois reforzar aquela barreira física mediante o emprego do elemento simbólico máis efectivo contra aqueles perigos: a cruz, en todo o seu amplísimo repertorio de formas e ubicacións. É por iso que xambas e linteis de moitas das casas tradicionais, e mesmo hórreos, cortes, palleiras e muíños, se encontran inzados destes deseños -de indubable carácter apotropaico-, que reproducen modelos de moi longa tradición, encontrándose con frecuencia nos xacementos rupestres a carón dos gravados propiamente prehistóricos.



Cruciforme, antropomorfo e xinete da casa de Escariz, Nigoí.



“Esta la hizo Benito Rodríguez da Fraga Escribano de su Magestad año de 1683”.



Man con espada; lintel da casa de Escariz.

Noutras ocasións vemos representados en portas e paredes motivos figurativos esquematizados e abstraccións de moi difícil interpretación. Así, no lintel da porta principal dunha casa do lugar de Escariz, na parroquia estradense de Nigoí, encontramos unha inscrición que dá conta do nome e cargo da persoa que mandou erixir o edificio no 1683 e ó seu carón unha man aprexando unha espada, clara alusión á autoridade que detentaba o seu morador. E na xamba esquerda dunha pequena porta escusada traseira, tras unha coidadosa esculca e posterior limpeza, apareceron dous curiosos motivos que representan unha figura humana moi esquemática e un xinete armado de lanza. Sorprende a similitude destes deseños cos zoomorfos, antropomorfos e esceas de equitación dalgúns xacementos rupestres galegos, o que nos fai pensar que o repertorio de modelos arquetípicos, especialmente a figura humana e os animais, é moi



Motivo gravado na parede da Casa de Recarei, Curantes.



Outro deseño da Casa de Recarei.

limitado repetíndose con moi escasas variacións ao longo do tempo, o que explicaría a similitude entre deseños tan afastados cronoloxicamente. Dende a porta principal da casa de Escariz transmítese unha mensaxe explícita (epigrafía) e outra simbólica (man termendo da espada) que teñen a súa réplica, exclusivamente simbólica e de menor rango icónico, na entrada secundaria.

Moito máis difícil sería explicar as abstraccións gravadas nas paredes da Casa de Recarei, en Curantes (séculos XVII e XVIII), moi esvaidas por mor do chorro de area a presión que se aplicou para retirar o revoco de morteiro. É posible que este agresivo método de limpeza borrara algunhas liñas e trazos facendo hoxe irrecoñecibles na súa integridade os temas representados, mais tamén podemos pensar que os deseños responden á vontade do seu autor quen, de forma deliberada, dotou eses dibuxos de claves ocultas que os fan indescifrables.

Despois da casa, reducto do privado, o muíño, xunto coa igrexa e a taberna, era o edificio de uso colectivo máis importante na sociedade agraria por ser o lugar onde se moía o cereal, elemento básico da dieta rural durante moitos séculos. Era percibido polo imaxinario popular como ámbito de fascinación e misterio, escenario de amorosos lances e habitáculo de meigas e demos ata o punto de erixirse no *locus* máis mencionado no floclore e literatura tradicional galega. Estaban dotados de rexas portas que protexían o prezado froito da terra contra os ladróns, mais precisaban tamén defensas simbólicas:



Cruciformes na xamba dereita do muíño de Vilanova, Remesar.



Xamba esquerda dun muíño de Figueroa, A Estrada.



Pousadoiro e cruces nun muíño da Vilasusán, Remesar.



Pervivencia dos deseños cruciformes. Cruz labrada na xamba esquerda dunha casa urbana da Estrada, construída ca. 1850.

velaquí a frecuentísima presenza de cruces profusamente gravadas nas xambas (case nunca nos lintéis) destes singulares edificios.

A propia folla da porta dos muíños convírtese en ocasións en soporte de gravados realizados con instrumentos cortantes, habitualmente a navalla. O repertorio destas figuracións redúcese a nomes e letras, variacións sobre cruciformes inspirados nos modelos visibles en petroglifos e xambas das portas e, por último, moi esquemáticas representacións da figura humana.

Outras veces un ocasional e anónimo artista pode aproveitar o revoque de certas paredes para consignar mensaxes, inscribir o propio nome e incluso reproducir dibuxos, coma os que tivemos ocasión



Cruciformes na porta dun muíño de Parabela, a carón do río Liñares.



Cruciformes e figura humana esquemática, “fumador 1”, muíño do Liñares.



“Fumador 2”, muíño do Liñares.



Texto gravado na porta do Muíño do río Liñares.



Gravado na parede interior da Casa-Torre de Guimarei.



Cabaleiro da man no peito. Grafito do interior da Casa-Torre de Guimarei.



Signos lapidarios na Torre de Guimarei.

de retratar hai anos no interior da Casa e Torre de Guimarei, antes que o enlucido interior das paredes se esnaquizase definitivamente por mor da humidade. Nalgúns sillares da propia torre encóntranse tamén diversos signos lapidarios, motivos sobradamente coñecidos polo que non precisan maior comentario.

Profundamente labrados nas rochas graníticas de lugares sobranceiros, sen desbotar, lamentablemente, os cumios dos montes - tal é o caso do Monte Pedroso, na parroquia estradense da Somoza, que reproducimos-, algúns incívicos desaprensivos consignan para a posteridade mensaxes de diversa índole, fundamentalmente amorosa. E deixamos para o final o significativo símbolo toscamente labrado nunha pedra do muro que circunda o santuario da Virxe de Guadalupe, coñecido popularmente como A Grella, na parroquia estra-



Gravados modernos (e incívicos) no Cumio do Monte Pedroso, A Somoza.



Máis gravados na fermosa paisaxe da Somoza. Montes de Arca e na lonxanía o Cádavo desde onde se albisca xa Campo Lameiro, capital da arte rupestre.



Escuadra e compás; símbolo masónico nas proximidades do Santuario da Virxe de Guadalupe, Codeseda.

dense de Codeseda. O deseño en cuestión representa o compás aberto cunha escuadra superposta, símbolo masónico por excelencia, mediante o que un *maçon* anónimo, (desobedecendo quizás as severas normas da irmandade), quixo deixar constancia, nas humildes pedras dun valo, da súa presenza neste lugar.

Conclusións

- Os gravados prehistóricos da Costa dos cabalos, no concello da Estrada, veñen ampliar o mapa dos complexos rupestres galegos, sendo unha continuación cara ao norte dos xacementos de Cuntis e Campo Lameiro.
- Quedan aínda xacementos rupestres por descubrir neste concello, especialmente nos pequenos vales interiores dos ríos Veá e Umia e nas ribeiras do Ulla, especialmente nas parroquias de Cora, Couso, San Xorxe de Veá, San Miguel e Santa Mariña de Barcala.

- Como é habitual noutros lugares de Galicia, as rochas con petroglifos pasan absolutamente desapercibidas, incluso para as persoas que frecuentan a súa ubicación, e non demos localizado folclore relacionado con eles. Unha persoa que frecuenta e coñece o monte e que na súa xuventude se gozara en multitude de ocasións a carón da Pedra dos Cabalos, aseguroume que aqueles debuxos que eu lle mostraba non existían daquela.
- Sería desexable que todos os petroglifos galegos, incluso os non prehistóricos, gozasen dun efectivo estatus de protección, considerando coidadosamente o trazado de pistas nas súas proximidades e impedindo a limpeza do seu entorno con métodos agresivos como as cadeas, que rillan a súa superficie chegando a destruír o rexistro arqueolóxico. Tamén mantendo o entorno limpo de maleza para evitar o lume a carón ou sobre eles.

Bibliografía recomendada

- CARRERA RAMÍREZ, FERNANDO; COSTAS GOBERNA, FERNANDO; DE LA PEÑA SANTOS, ANTONIO. *Grabados rupestres en Galicia: características generales y problemática de su gestión y conservación*. Pontevedra 2002.
- COSTAS GOBERNA, FERNANDO; HIDALGO CUÑARRO, JOSÉ MANUEL, DE LA PEÑA SANTOS, ANTONIO. “Arte rupestre prehistórico” en *5000 anos de arte moderna: arte rupestre prehistórica e arte cantemporánea galega*, Vigo, 1999, pp. 21-34.
- CRIADO BOADO, FELIPE; FÁBREGAS VALCARCE, RAMÓN; SANTOS ESTÉVEZ, MANUEL. “Paisaje y representación en la Edad del Bronce: la descodificación del arte rupestre gallego”, en *La Edad del Bronce: ¿primera edad de oro de España?: sociedad, economía e ideología*. Ruíz-Gálvez Priego (Coord.). Barcelona 2001.
- FÁBREGAS VALCARCE, RAMÓN. *Los petroglifos y su contexto, un ejemplo de la Galicia Meridional*. Vigo 2001.

- GUITIÁN CASTROMIL, JORGE. *Arte rupestre do Barbanza: análise iconográfica e estilística de 99 petroglifos*. Noia 2001.
- HIDALGO CUÑARRO, JOSÉ MANUEL. *Arte rupestre prehistórico no Eixo Atlántico*. Vigo 2006.
- DE LA PEÑA SANTOS, ANTONIO; REY GARCÍA, JOSÉ MANUEL. “El espacio de la representación: el arte rupestre galaico desde una perspectiva territorial” en *Pontevedra*, nº10. Pontevedra 1993.
- DE LA PEÑA SANTOS, ANTONIO; VÁZQUEZ VARELA, JOSÉ MANUEL. *Los petroglifos gallegos: grabados rupestres prehistóricos al aire libre en Galicia*. Sada 1996.
- SANTOS ESTÉVEZ, MANUEL; TRONCOSO MELÉNDEZ, ANDRÉS. *Reflexiones sobre arte rupestre; paisaje, forma y contenido*. Santiago 2005.
- VÁZQUEZ ROZAS, ROBERTO. “Los petroglifos gallegos, selección de su emplazamiento y selección de las rocas grabadas” en *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, pp. 69-76. Vigo 1993.
- “El espacio y la animación en los petroglifos gallegos” en *Gallaecia* nº 13 (1992), pp. 51-68. Santiago 1992.



Tempo de lecer no rural estradense a mediados do século XX.

Os testemuños fotográficos de Celestino Fuentes González (1918-1987)

Juan Andrés Fernández Castro
María Jesusa Fernández Bascuas

Introducción

A medida que van saíndo á luz, despois do seu longo proceso de restauración, non deixa de sorprendernos e admirarnos a calidade, riqueza e variedade das imaxes deste impresionante fondo fotográfico “Celestino Fuentes” do Museo Manuel Reimóndez Portela da Estrada. E por calidade non entendemos, unicamente, a perfecta definición da imaxe, que en ocasións se encontra francamente deteriorada a pesar dos esforzos de recuperación; referímonos ó *espíritu* que anima as imaxes de Fuentes, á serena dignidade das persoas humildes, á emoción contida dos grupos familiares ou ó solemne empaque das meniñas vestidas de primeira comunión que miran á cámara sabéndose protagonistas absolutas, raíñas por un día. Imaxes todas elas que cincuenta anos máis tarde despertan saudosas lembranzas dos amigos cos que se compartiron anacos da infancia, de irmáns emigrados, de familiares mortos. Sen embargo non sería esta, a da evocación saudosa dos tempos idos, a única virtualidade das imaxes de Fuentes; a pouco que esculquemos no seu fondo –levamos visionado menos dun 20% das fotos–, iremos descubrindo ó Fuentes cronista do que pasaba ao seu redor, retratando accidentes de tráfi-

co, maquinaria nova que mercaban as industrias locais, imaxes das obras da ponte de Gundián, do ferrocarril e da estación de Santa Cruz de Ribadulla, modelos de mobles e incluso de cadaleitos, enterros ou paisaxes, imaxes todas elas rexistradas por iniciativa persoal e totalmente carentes de ánimo de lucro.

Eliximos nesta ocasión como tema vertebrador desta mostra do fondo as diversas manifestacións da vida en común e o lecer a través de imaxes obtidas por Fuentes entre os anos 1940-1970, aproximadamente, nalgunha das seis parroquias do NE do concello estradense (Arnois, Loimil, Oca, Riobó, Orazo e San Miguel de Castro), ámbito onde se desenvolveu, maioritariamente, o seu traballo fotográfico. Daquela a parroquia conservaba aínda en gran medida o seu carácter aglutinador e identitario, circunstancia que trascende ás imaxes de Fuentes quen rexistra nas súas carpetiñas e bobinas: “A máscara de Loimil”, “O equipo de Remesar”, “As flores de Oca” “Na festa da Paderna de Arnois”; época tamén na que as actividades culturais e de lecer, cando o fenómeno televisivo aínda non se popularizara, se artellaban en torno ó cura párroco, ós mestres e unha serie de organismos oficiais que extendían ó rural o seu labor: Sección Femenina ou Extensión Agraria, por poñer só dous exemplos. Sen esquecer as iniciativas de mozos activos e emprendedores que organizaban nas súas aldeas sesións de teatro, coros, grupos de baile, máscaras ou partidos de fútbol. Os retratos de Fuentes son, en fin, o reflexo dunha sociedade rural que, no ecuador do século vinte, padece graves eivas e carencias pero que, a pesar de todo iso, vese integrada e coherente, segura de si mesma e orgullosa da súa identidade.

Quixemos facer protagonistas deste traballo ás persoas, moitas delas xa desaparecidas, que viviron, sufriron e amaron neste fermosísimo rincón de Galicia; elas mesmas, medio século máis tarde volven a recuperar o seu protagonismo vendo as fotos da súa infancia e xuventude e colaborando con nós na identificación e adecuada contextualización das imaxes que ofrecemos en tódolos casos que o ine-

vitale paso do tempo e a fiabilidade da memoria nolo permitiron. Vaia para todas elas¹ especialmente para dona Teresa Ruibal e don José Manuel Pereiro, veciños de de Oca, a nosa gratitude.

1 Agradecementos: Ademais dos xa mencionados José Manuel Pereiro e Teresa Ruibal; Rita de Rendo; Moncho Faílde; Pilar Pereiras; Alfonso Gómez; Manuel López; Camilo Camba; Esther Baltar; Juan Fernández; Nicanor Fuentes; Rosario González, Rafael e Javier; Nieves Fuentes, Esperanza Formoso, José Manuel Bahamonde.

I. A película *Sonatas*



Fotograma de presentación do filme “Sonatas” inspirado na serie homónima de don Ramón del Valle Inclán.

A filmación de película “Sonatas”, basada na serie homónima de don Ramón del Valle Inclán, veu alterar, durante os tres meses que durou a súa filmación no “Palacio” de Oca, o monótono discorrer da vida no lugar da Plaza. Entre marzo e maio de 1958 os habitantes da comarca e aínda outras xentes chegadas da Estrada, Bandeira, Cira e incluso Santiago tiveron ocasión de ver e admirar, ademais dos famosos actores Paco Rabal,

Fernando Rey, Aurora Bautista ou María Félix, as cargas de cabalería, os coches de cabalos fuxindo a toda velocidade, A Santa Compañía en procesión ou os terribles combates a sable que tiveron como escenario o bosque de Guillufe ou os propios xardíns do pazo protagonizados por un escuadrón de cabalería do Exército debidamente caracterizado de época e especialmente chegado de Santiago de Compostela para actuar no filme. A casa-taberna-panadería de Carrillo, estrategicamente situada a carón da praza, encargábase de dar de comer e beber a todo o elenco de actores e corpo técnico da película dirixida por Juan Antonio Bardem, e pola tarde, tralo remate da diaria sesión, retirábanse a Santiago, onde se aloxaban. Tamén actuaron como extras algúns veciños de Oca. A esposa de Paco Rabal, Asunción, e os dous fillos de ambos, Teresa e Benito, acompañábano a todas horas, e durante os labores de rodaxe do filme paseaban polo pazo ou falaban coa xente que se agolpaba para ver a filmación. Estreouse a película na Bandeira e alá acudiron no coche do Bravo unha morea de veciños ansiosos de ver na pantalla grande as aventuras e desgracias daquel Marqués de Bradomín *feo, católico y sentimental*.



O Marqués de Bradomín (Paco Rabal) e a súa amada Concha (Aurora Bautista) nun rincón dos xardíns do "Palacio" de Oca, Pazo de Brandeso na novela.



Dous soldados libran un combate a sable diante da berlina na que fuxirán os namorados. Á dereita vese unha máquina de producir fume para simular a néboa entre a que xurdirá na película a Santa Compañía.



Tres figurantes pousan para o fotógrafo observados por algúns dos moitos curiosos que a diario acudían a presenciar o labor de filmación. Oca, marzo de 1958.



Paco Rabal (centro) cun grupo de soldados de Cabalería do cuartel de Santiago caracterizados de época e outro co uniforme normal. Detrás, o equipo de rodaxe. Oca, 1958.



Na película actuaron como figurantes varios veciños de Oca; velaquí a Manuel Pazos Batallán con vestiduras de época xunto á súa esposa Aurora Porto. Oca, 1958.



Luisa de Oliveira sobre un dos cabalos da película. Oca, abril de 1958.



Outra fermosa amazona, Paquita Villar, nas proximidades do Pazo de Oca; abril de 1958.

II. As flores

O mes de maio, precursor do verán e mes das flores, era tamén o mes da Virxe María. Daquela as nenas, e en menor medida tamén os rapaces, eríanse en protagonistas dunha serie de fermosos actos, non exclusivamente relixiosos, que se levaban a cabo na igrexa ou no seu adro, sempre dirixidos e ensaiados polos mestres, especialmente a mestra, as catequistas, o párroco e, no seu caso, as mulleres integrantes das asociacións de *Hijas de María*. Esta serie de funcións profano-relixiosas teñen unha longuíssima tradición na Igrexa Católica e a súa orixe situaríanse nos *autos* medievais, nas dramatizacións levadas a cabo no interior da igrexa e nos cantos

de Nadal, de fonda raigame tamén en Galicia. Era o momento tamén de recibir a primeira comunión, ocasión solemne merecedora dos retratos que hoxe damos a coñecer, mais tamén das obras de teatro, dos diálogos inxeniosos do cura preguntando a doutrina ós nenos, das recitacións, bailes folclóricos e obras teatrais. Os nenos eríxense entón en protagonistas pasando os adultos a ocupar un lugar secundario, incluso relegándose nas fotos, cando aparecen, a un segundo plano ou area marxinal, como se aprecia nas imaxes de Celestino Fuentes.



Don Antonio Canabal, párroco de Arnois dirixe a procesión da Inmaculada na que participan varias meniñas lanzando pétalos de flores cos seus brancos traxes de Primeira Comunión. Arnois, 1970.



Nas Flores de Arnois do 1969. Vemos, entre outras, a Rosario González e Margarita de Germán portando a imaxe da Virxe sobre un camiño estrado de flores. Dous anxiños levan as fitas do estandarte.

Enmarcada no arco da porta principal do templo de Arnois , unha meniña recita unha poesía adicada á Virxe mentres Nélide de Buste e outras persoas escoitan con atención e respecto. Arnois, 1969.





En ocasións a alegría das Flores de maio trócase en tristeza. Varias nenas de Oca portan as fitas e o minúsculo cadaleito de María Teresa Marque Cardelle, falecida en Oca o día 27 de maio de 1966, antes de cumprir os dous anos.

No mes das flores, xunto coas meniñas ataviadas co branco traxe da Primeira Comión, era frecuente que participasen outras vestidas co traxe típico galego para recitar poemas ou actuar en breves diálogos de carácter profano-relixioso. Adro de Arnois, maio de 1966.





Un daqueles diálogos interpretados por Gelucho do Gisanteiro (o cura); José de Porto (O alumno da doutrina) e Lidia de Espiño, a anxíña que observa a escea con simpática expresión. Ano 1968.

Flores de maio en oca, 1968. No adro da igrexa a señora Mercedes do Pedrado observa con mirada adusta ás dúas galeguiñas: Canducha de Colazo (esquerda) e unha amiguiña.





Mercedes de Espiño, no centro, con María del Carmen Pereiro e outra meniña nas Flores de Oca do 1970.



Ante o portalón da rectoral de Oca nas Flores de 1958. Mercedes Aмосa, Presidenta da *Asociación de Hijas de María* de Oca con María del Carmen do Mesón, Isabel de Espiño, Elisa de Vilar, Lucita Souto e outra nena.



A directiva das *Hijas de María* diante da rectoral de Oca no 1958: Mercedes Aмосa, María Teresa Tato e Teresa Ruibal. As meniñas de branco son, entre outras, Rosario de Carrillo, Lola Barcala, Lola Paino, Elisa de Vilar, Lucía Souto e Teresa Fariñas.



Non esqueceu Fuentes incluír nesta fermosísima escea familiar detalle técnicos apenas perceptibles: a alineación dos postes da viña e a casa do fondo iluminados polo sol dotan de profundidade a imaxe; unha matiña de primulas medran no chan a modo de homenaxe á comulgante e a afortunada ubicación da meniña, facendo contrastar a albura do seu traxe co escuro atavío de seus pais. A familia Felpete na Agra de Arnois no 1957: de esquerda a dereita, Virtudes, Esperanza, Carmiña, o señor Felpete e Consuelo.



Grupo de comulgantes en Loimil no ano 1960.



Logrado retrato de primeira comunión empregando, a modo de fondo, unha colcha pendurada. Loimil, Flores de 1960.



Cura con breviario e bonete con dúas fermosas galeguiñas en Loimil, ano 1960.



Contraste de brancos e negros nesta imaxe de Fuentes laboriosamente restaurada. Adro de Loimil, 1960.

III. O Entroido

Xorde esta festa das entranas da alma popular co seu repertorio de alegría, crítica e transgresión do orde establecido. Tres foron (lamentablemente xa non o son hoxe) os sinais de identidade do entroido nestes eidos ulláns: a espontánea participación popular, sen exclusión de idades, a participación de homes a cabalo denominados *xenerales*, e as características vestimentas masculinas e femininas que as fotos de Fuentes souberon captar e hoxe constitúen un verdadeiro tesouro etnográfico. O entroido prístino e popular, aquel que don Alfredo Vicenti puido admirar persoalmente durante o seu exilio político no lugar de Castrotién na parroquia de Oca no ano 1873 e que posteriormente publicou na súa obra *A orillas del Ulla (Perfiles gallegos)*, desapareceu definitivamente mais sobrevive aínda na memoria de todos aqueles que un día lonxano cantaron nas charangas e coros, vestiron o traxe de xeneral ou participaron dalgunha maneira naqueles eventos festeiros que quebraban momentaneamente a monotonía da vida rural. As fotos de Fuentes que ofrecemos souberon captar os derradeiros latexos daquel evento desbordante de vida e de alegría.



Máscaras de Vilar, Cira no ano 1960. Inxeniosa composición de Fuentes a partir de dúas liñas converxentes que rematan na xentil figura do xeneral. Os primeiros planos da dereita imprimen profundidade a esta escea de gran valor etnográfico.



Máscaras de Orazo no 1957. Homes e mulleres; nenos e adultos participan activamente nesta celebración xenuinamente popular.



Dúas meniñas disfrazadas e un neno de Orazo no ano 1957.



Unha parella pousa para o fotógrafo; ela porta na man dereita un ramiño de mimosa, a flor do Entroido. Orazo, 1957.



En idéntico escenario retrata Fuentes a estas dúas nenas caracterizadas de Carnaval; unha delas mostra unha boneca e a outra un ramiño de mimosa. Orazo 1957.



Trío de máscaras de Orazo no ano 1957.



Velaquí unha das máis fermosas fotografías do fondo fotográfico de Celestino Fuentes. Un grupo de disfrazados recorta os seus perfís contra o fondo de veigas labradas. Locen con orgullo as súas galas de Entroido sabéndose portadores dunha longa tradición herdada de seus pais e enlazan as súas mans en sinal de unión e amizade. Cira, 1957.



Grupo de máscaras de Arnois no 1958. Fuentes anotou na carpetiña destes clichés: Máscaras de Arnois desde Balboa a Berres.



Pilar Castelao, María Ángeles Castelao e Lola da Fábrica con dúas máscaras descoñecidas ben pándigas no Entroido do 1958.



Leandro (esquerda), o abandeirado Pepe de Agustín e José Manuel de Gómez no carnaval do ano 1958.



Moi interesante imaxe dos integrantes do coro das Máscaras de Arnois; entre os seus compoñentes encontramos a Rosario González, Rosario de Couto, Elena de Juan, Digna do Quinto, Margarita de Sánchez, Nucha do Caminero, Arturo de María, Elisa González, José da Carballeira, Maruja de Mato, María del Carmen de Buste, Argentina Couto, Carmiña de Balbuíño, Canducha do Lisario e Mercedes de Mouriño. Arnois, 1958.



Dous xenerais das máscaras de Arnois no ano 1958.



Grupo de nenos cun gaiteiro nas máscaras de Arnois. Ano 1958.



Diante da escola vella de Arnois pousa para Fuentes este vistoso grupo de cantores do coro de Arnois; son, de esquerda a dereita, María del Carmen de Buste, Pepe de Xan Grande, Mercedes Mouriño, un descoñecido e Maruja de Calzada. Ano 1958.



Fermosa parella: Elisa González e Arturo Torres en Arnois no 1958.

Avelino da Cacharela pasa revista a unha compañía de soldados en formación. Arnois, carnaval de 1958.



IV. Bailes e teatro

Erra quen pensa que as parroquias rurais estradenses constituían un hermo cultural alleo a toda actividade que non fose o propio labor agrícola. Aquí e acolá, dependendo do dinamismo dos mestres, do cura, dalgún seminarista ou estudante ou mesmo dun veciño con inquedanzas, xurdían iniciativas culturais que callaban, as máis das veces, en representacións teatrais levadas a cabo el alpendres, galpóns, a escola ou mesmo casas particulares. Improvisados actores aprendían o seu papel, confeccionaban a vestimenta e con catro panos e dúas táboas construían un escenario iluminado por unhas pobres lámpadas de 40 v. O éxito de público estaba asegurado pois ninguén, agás un enfermo ou eivado, quedaba na casa ese día, e aínda aqueles eran prolixamente informados, ó regreso, da trama, vicisitudes e demais circunstancias da obra en cuestión. Apenas quedan fotos destes eventos culturais nas aldeas, de modo que as poucas que conservamos de Celestino Fuentes constitúen un documento de primeiro orde. Estas fotos son, en xeral, escuras e borrosas, debido, seguramente, ás condicións adversas de iluminación e ausencia de flash; aínda así ofrecemos aquelas que acadan un mínimo de calidade.

Naquela época, organizacións como a *Sección Femenina* e *Frente de Juventudes* para os homes promovían nas zoas rurais actividades cívico-docentes que incluían bailes folclóricos para ambos sexos e educación física para os xoves e rapaces. Posteriormente difundíuse no rural a intervención dos Axentes de Extensión Agraria e de Economía doméstica, dependentes do Miniserio de Agricultura.



Grupo de baile diante do Pazo de Oca nos cursos da Sección Femenina. Eles son José Manuel Pereiro, Antonio de Xiao, Marité de Salgueiro e María del Carmen Pereiro. Ano 1969.



Fermoso ramillete de mozas diante das "caixas" do Palacio de Oca no 1969; de esquerda a dereita: Margarita de Germán, Lola de Porto de Balboa, María del Carmen Pereiro, Tilita de Vilela, Pilar Pereiras, Marité de Salgueiro, Lola de Pillo de Rendo e Mariné dos Besteiros.



O grupo de baile na fonte do patio do Pazo de oca no 1969.



Exhibición de ximnasia das nenas na Praza de Oca; ano 1969.



Agora os rapaces ofrecen a súa demostración. Plaza de Oca, 1969.



Compañía de teatro amateur de Riobó no 1960; entre outros, vemos os seguintes actores: Delmiro, Carlos do Seco, Manolo Collazo, Margarita de Germán, Carmiña de Felpete, Milucho de Santalla e Esperanza de Buste.



Un momento da representación teatral en Riobó no 1960, con gran éxito de público, como pode apreciarse.



Na escola de nenas de Riobó efectuábanse representacións teatrais e actuaban coros de nenas, ensaiadas pola súa mestra. No escairio vemos un grupo de nenas actuando no ano 1956.



Grupo de nenas da escola de dona Maruja Morales na escola de Riobó situada no lugar da Mota no 1956. Na primeira fila, Carmen Hermida, Marina Porto, Felisa Bernárdez, María Sesar e Carmen Louzao. Na fila do medio vemos a Marina Cobián, Matusa Fondevila, Esther Gañete, Bibiana Carregal, María del Carmen Requeijo e Dolores Couto. Na última fila, Rosalía Pereiras e Emma Liste.



María del Carmen Requeijo mostrando o seu fermoso vestido; Riobó 1956.



Elena da Fábrica e Canducha de Eduardo, dúas amigas no esceario. Riobó, 1956.

V. O Ferrocarril

No mes de setembro de 1958 inaugúrase a liña de ferrocarril Zamora-Coruña que precisou salvar o desnivel de Gundián mediante a construción dunha ousada ponte que forma hoxe parte da paisaxe ullá do mesmo xeito que o fará nun futuro próximo o viaducto do AVE, en construción nestes momentos. Moi cerca ubicouse a estación de ferrocarril de Ribadulla, no concello de Vedra. Ambos eventos, de gran repercusión nos medios de comunicación da época pola presenza do Xefe do Estado, Xeneral Franco e do Arzobispo de Santiago, Cardeal Quiroga Palacios, foron rexistrados polo obxectivo curioso de Celestino Fuentes.



Ramiro Barreiro (esquerda) e Ramón Moruja (Ramón de Moruxo) na Ponte Ulla, perto do viaducto de Gundián recién inaugurado por Franco. Ano 1958.



Fermosa perspectiva da estación de ferrocarril de Santa Cruz de Ribadulla no 1958, ano da súa inauguración. No medio do andén vemos unha daquelas fume-gantes locomotoras de antano.

VI. O Fútbol

A partir dos anos corenta da pasada centuria, debido quizais á expansión e popularización dos aparatos de radio e mesmo da prensa diaria, extendeuse ás áreas rurais a práctica do fútbol, deporte restrinxido deica entón ás cidades e vilas que podían permitirse a construción dun campo de xogo. Contra o ano 1948 os veciños de Oca acondicionan unha chaira no lugar de Chancelas e constrúen un estupendo campo inaugurado solemnemente coa asistencia das autoridades civís, militares e relixiosas. ¡Cantas tardes de pasión, victorias e derrotas teñen vivido os veciños desta parroquia estradense e os futbolistas da comarca! Aqueles días de gloria –que duraban exactamente unha semana–, eran vividos con auténtico gozo polos vencedores mentres que o equipo derrotado e mesmo os seus siareiros debían soportar as chanzas e bromas de todos. Moitas parroquias tiñan o seu equipo, que se podía completar, en caso de necesidade, con xogadores doutras parroquias e entre eles xogaban partidos que eran previamente concertados por algún xogador ou afeccionado, o que hoxe chamaríamos un “relacións públicas”; a isto chamabámoslle “contratar un partido”. Entre Oca e Loimil allanouse tamén un campo de fútbol denominado O Marquiño, hoxe abandonado. Podían xogarse partidos entre xentes da mesma parroquia formando equipos de “casados” e de “solteiros” e con frecuencia o cura, se era novo, como non era casado, nin tampouco solteiro, considerábase neutral, polo que actuaba de árbitro.



Palco de autoridades na inauguración do campo de fútbol de Chancelas, na parroquia de Oca. Entre outros vemos a don Miguel de la Calle, alcalde da Estrada; a madriña do acto, Mercedes Reimóndez; don José Otero, cura de Oca; Maximino Barcala; don Pedro Brey, mestre e retratista; dona Pura Álvarez, mestra de Oca; o capitán da Garda Civil; don Gonzalo Otero e don José Docampo.



A madriña, Mercedes Reimóndez Brey cos capitáns dos equipos que estrenaron o novo campo de fútbol: Pepe Ruibal (esquerda) capitán de Oca e o capitán do equipo de Romay.



O equipo de Oca, que resultou vencedor do encontro; de esquerda a dereita: Ferro, mestre de Riobó, entrenador; Celestino Brey; Enrique Brey; Pepe Ruibal; Camilo Camba; Pepe do Forno; descoñecido, Carballo, descoñecido, Saro do Tendeiro e Daniel Rilo.



Equipo de fútbol de Riobó no campo de Arnois no ano 1958. Entre outros, Fernando de Fariñas, Luis de Agustín, José Manuel Carregal, Leandro e Eduardo Romeo.



Alvarito e o equipo de Arnois no campo da festa a carón do palco novo. Arnois 1959 ca.



O equipo de Arnois no seu campo nunha soleada tarde de victoria. Vemos, entre outros, a Manuel González Andión, José Luis de Sánchez, Tinucho de don Pedro, Cao, Ramiro Barreiro e Modesto Barreiro. Arnois, 1958.



Equipo de casados de Oca no campo de Chancelas, 1959 ca. De pé: Rogelio de Xiao, porteiro; Pepe Ruibal; José de Quinteiro; Antonio de Colazo; Manuel Boado, árbitro; Manolo de Bahamonde e Casal. Aniñados: Antonio de Fariñas; Pablo Paino; Sindo Ruibal; Evaristo Peiteado e Rilo.



Velaquí o equipo de solteiros en Chancelas; de pé: José Manuel da Fábrica; Fernando de Fariñas; Manuel Boado, cura de Oca, Árbitro; Guillermo de Prado e Juan de Oliveira, porteiro. Aniñados: Pepe Collazo; Suso do Mesón; Rafael Peiteado e Manuel Ansedes o Plateiro. Ano 1959 ca. Aínda se conserva dereita a antiga fábrica de madeira onde se refuxian os espectadores.



Equipo da Estrada en Chancelas no 1970 ca. De pé: Juan Soutelo; Carbón, porteiro; Rodri; Luis Rivera; Toño Riveira; Cornado 1º; Paco Torres; un siareiro; Juan Manuel Novoa. Aniñados: Cornado 2º; Juan Manuel Novoa; Torres Lea; José Manuel Durán; Francisco L. Leis e Manuel Temes.



Equipo de Oca no campo do Marquiño. Entre outros: Fernando de Fariñas; José Luis de Sánchez; Andrés Casal; Álvaro de Oliveira e Antonio Orosa. Sf.



Equipo de Loimil no Marquiño, ano 1971. Entre outros: Martís, porteiro; José Manuel Pereiro; Gorís; Pereiras de Remesar; Manolo do Mineiro; Carballo; Luis de Rufino.



Equipo de Orazo no campo do Marquiño, ano 1971. Vemos, entre outros, a Luis Vázquez, porteiro; José Manuel Porto; Manolito Liste; Alfonso Vázquez; Juan José Senín e Juan Ramón Salgado.



Equipo de Castro en Chancelas no 1968. Entre outros, están: Pepe Faílde; Alfredo Pacín, porteiro; Sindo de Couto; Nardo de Novoa; José Luis Novo; García; Julio; José Manuel do Crego; Pepe de Juan e Suso de Midón.



O invicto equipo de Remesar, que tantas tardes de gloria viviu nos campos de Chancelas e o Marquiño, na lembranza daqueles días felices e homenaxe emocionada a os que xa nos deixaron. De pé: Pereiras de Remesar; Alfonso Varela, O Rubio; Juanito do Ramonciño do Abelao; Manuel Calvo, O Varelo. Juan Andrés Fernández, o fillo do Maestro; José Manuel Fernández, Zoqueiro (porteiro). Aniñados: Manuel Iglesias, Manolo do Mineiro; Gerardito Blanco; José Manuel Bahamonde; Manuel Paredes e Manuel Otero, Martís de Loimil. Campo de Chancelas, 1967.



Equipo de San Miguel de Castro no Marquiño no ano 1966. De pé: Florencio de Louzao; Matos; Nardito; Gambino; Pepe Midón; Tato; Alfredo Pacín, porteiro. Aniñados: Manolo Iglesias; Gerardito; Suso Midón; Santiago Lodeiro e Pepe Faílde.



Equipo de Dornelas no Marquiño no ano 1968. De pé: Matos; Alfonso Gómez; Julio Pérez; Luis Cuña; Manuel López; Gerardo e Manuel Rodríguez (Regueiro). Aniñados: Manuel Otero, Martís; Dosito; Manuel Durán; Penide de Lamela e Alfonso Villar.



Parte do equipo masculino que disputou un partido en Chancelas contra un equipo feminino, actuando de árbitro José Manuel do Mesón: 22 homes, cos cordóns das botas atados por parellas, e 11 mulleres; a derrota do equipo masculino foi de escándalo. Varios xogadores: Ricardo de Xíao; Nicanor Fuentes; Manolo Sueiro; Moncho da Esquina; José Manuel Ruibal e Chito de Xíao. Foto de José Manuel Pereiro, sf.



Equipo de casados en Chancelas, sf. De pé: Lidia Espiño, madriña; José Soutullo; Jesús Pereiro; José Ruibal; Benilde Fernández, madriña; Evaristo Rey; Tinucho Brey; Antonio Orosa; Suso Rey e Rosario Fernández (Rosi), madriña. Aniñados: Pepe de Remesar; Andrés; Manolo Oliveira; Baltar e Pablo Paino. Foto de José Manuel Pereiro.



Equipo de solteiros en Chancelas, sf.; de pé: Rosi; Genucho do Gisanteiro; Elías Fuentes; José Soutullo; Beni Fernández; Luis Fuentes; Tito Barcala; Daniel de Olegario e Lidia Espiño. Aniñados: Nano; Antonio Paino; Antonio Aller; Yayo Barcala; Luis Paino e José Manuel Pereiro. Foto de José Manuel Pereiro.




A toponimia menor do concello da Estrada. I. Agar-Loimil

María José Folgar Brea

No apartado de “Datos xerais” que figura no comezo do libro *A Estrada Rural*¹, Manuel Reimóndez Portela fai unha referencia especial á toponimia menor, “unha parte nova e descoñecida nos libros” (p. 15), que el recolleu “despois de ter ido por cada unha das parroquias e incluso da maioría dos lugares para acadar dos veciños os chamadeiros de máis sona ou, aínda que non o foran, un a un ata formar un conxunto de miles de nomes” (*ibidem*). Consciente de que moitos destes nomes xa non se usaban cando os rexistrou, quixo preservalos coa esperanza de que algún día merecesen un estudo pormenorizado e contribuísen a un mellor coñecemento da historia do concello.

Efectivamente, Reimóndez logrou reunir unha gran cantidade de topónimos menores que el mesmo estima que poden representar entre o 85 e o 95% do total dos existentes. Sen embargo, ese estudo atento que el quería que se fixese a partir da súa compilación vese dificultado polas propias características da edición, pois no libro citado estes materiais aparecen manuscritos directamente sobre os mapas das parroquias, o que provoca, en ocasións, certos problemas de lexibilidade. Por este

1 Consultamos a segunda edición, corrixida e aumentada por Valentín García Gómez, e publicada pola deputación de Pontevedra no ano 2007.




Mapa prinxinal onde Manuel Reimóndez efectuaba o traballo de campo. Parroquia de Oca.

motivo, o director do museo estradense, Juan Andrés Fernández Castro, propúxonos levar a cabo unha transcripción dos datos que figuran nos mapas, que é o traballo que se presenta a continuación.

A transcripción resultou bastante laboriosa e obrigou a realizar varias pasadas sobre os topónimos. Aínda así, en case todas as parroquias ían quedando algunhas dúbidas, que obrigaron a recurrir ós mapas orixinais; estes fóronnos amablemente facilitados para a súa consulta por D. Luis Reimóndez Fernández, fillo do autor. Non se puido atopar, de todos modos, o mapa de Sabucedo, un dos máis ricos², pero tamén este escollo puido ser solventado gracias á colaboración de D. Lino Cabada Castro. Esta consulta revelouse de gran utilidade, se ben convén precisar que os mapas parecían responder a estadios de elaboración diferentes e non sempre se correspondían completamente cos

2 Reimóndez destacaba, precisamente, que era a parroquia da que pensaba ter recollida a totalidade dos topónimos.



Toponimia de Callobre.

reproducidos no libro. En calquera caso, conviría proceder a unha confrontación pormenorizada da totalidade dos resultados desta transcripción con eses mapas e borradores orixinais, porque é posible que ese traballo permitise depurar o listado, corrixindo eventuais fallos de copia nalguna fase do proceso levado a cabo por Reimóndez.

Fíxose preciso ir establecendo sobre a marcha uns criterios de transcripción coherentes e homoxéneos. Despois dalgúñas vacilacións, optouse por respectar o máis escrupulosamente posible o estado no que estes materiais viron a luz. Isto implica, entre outras cousas, que se manteñan as abreviaturas que se empregan (*Sra.*, *Pte.*) e que, cando se producen variacións ortográficas sobre un mesmo topónimo, se reproduzan en cada caso tal e como aparecen no libro; é o que sucede, por exemplo, con *Besada*, que ás veces está escrito con “v” (*Vesada*), ou con *Devesa*, que pode aparecer tamén con “b” (*Debesa*). O til incorpórase só cando aparece utilizado no mapa; se o

autor non o marcou, non se recupera nin sequera naquelas formas nas que a súa posición non ofrece dúbidas, e nalgúns casos non temos a certeza de cal é a pronunciación correcta.

Algúns dos topónimos máis repetidos aparecen con variantes que poden ser erros de copia, pero que máis probablemente obedecen a resultados fonéticos diferentes e coexistentes, como, por exemplo, *Golga / Jolja / Golja*; nunha mesma parroquia coexisten *Fonte do Miñoiro*, *Fonte do Miñueiro* e *Miñoiro*; ou *Cenceris de Baixo* con *Cinciris de Riba*; *Casqueiros*, *Casaqueiros* e *Casequeiros*; *Veiga de Comeallas* e *Veiga de Comillas*; *O Prado Beraldo* con *O Prado Bernaldo*. Un dos topónimos que máis variantes ofrece neste senso é o que sinala a ubicación do templo parroquial (ou os seus aledaños), que pode figurar como *Igrexa*, *Igrexe*, *Iglesia*, *Eirexa*, *Eirexe*, *Eirexiña*; *Ilesario*... En ocasións, pode tratarse mesmo de variantes morfolóxicas, como *Pazo de Lopez / Pazo dos Lopez*; *A Caeira* e *O Caeiro*; *Lamogueiras* convive con *Lamogueiros de Riba*, etc., polo que, ante a dúbida de que se trate de erros ou de formas vivas, optouse por mantelas tal e como se len.

Do mesmo xeito, cabe a posibilidade de que formas como *A Abirtiña* (Nigoi) sexa unha das varias *Virtas* ou *Virtiñas* localizadas noutras parroquias, tendo en conta que atopamos variantes do tipo *Herbeiras da Abirta*, *Regato da Avirta* e *A Virta*, todas en Matalobos. A posible aglutinación do artigo ou a súa falsa segmentación fan tamén que unhas veces se atope *Allanada* escrito como unha unidade e outras *A Llanada*. En todos os casos, inténtase respectar a forma tal e como aparece nos mapas, da mesma maneira que se respecta unha variante “u” para o artigo masculino que se rexistra nalgúns casos en *U Alargo* (outras veces *O Alargo*) ou *U Agüeiro*.

Outra das dificultades estriba na toma de decisión con respecto ós topónimos compostos, pois non sempre é posible dilucidar se Reimóndez escribe xuntos ou separados os elementos que os integran (*Fontesecca / Fonte Seca*); aínda así, fíxose un esforzo por interpretar e manter a opción escollida polo autor. Algo similar acontece nos topónimos introducidos pola preposición latina *SUB*, que oca-



Mapa de anotacións da parroquia de Arnois.

sionalmente pode presentarse escrita así (*Sub Muro, Sub Loureiros*), pero que adoita reducirse a “su” (como se advirte en casos do tipo de *Su do Crego*) e escríbese fundida co artigo que introduce o substantivo (*Suo Chouso, Sua Igrexa, Sua Ermida, Suas Casas*, etc.) con algúns casos de redución da secuencia “su o” a “so” (*So Balo*) e “su os” a “sus” (*Sus Campos, Sus Agros...*).

As escasísimas reconstrucións que se realizan márcanse entre paréntese cadrados (), e só se recorre a elas cando existe unha discrepancia entre o mapa publicado e o orixinal consultado e se pode verificar que a forma correcta é a do orixinal (*Campe[n]llos*). Ás veces, esa reconstrución responde á presenza da forma que se consi-

dera fiable noutros topónimos da mesma parroquia (*Sestaño de Riba, Se[s]taño de Baixo*).

Cando un topónimo se repite varias veces dentro da mesma parroquia, redúcense todos os casos a un e a continuación márcase entre parénteses o número de ocorrencias; cabe sinalar, en todo caso, que nalgúns lugares dá a impresión de que non se trata de entidades diferentes, senon de repeticións inadvertidas dunha mesma indicación. Non se agrupan, sen embargo, cando algunha das formas contén un elemento reconstruído (*Sua Fonte / Sua Font[e]*), nin tampouco cando convive unha forma con artigo con outra que non o leva ou as alternancias de singular e plural (*Braña / A Braña / As Brañas*).

Dentro de cada parroquia, os nomes van ordenados alfabeticamente; nesta ordenación non se teñen en conta os artigos (*Revolta, A*), pero si o pronome que conflúe con este (*A de Canaval, A da Figueira...*) e as preposicións (*Encima da Devesa, Tras do Valo, etc.*). Nos topónimos constituídos por un sintagma, a ordenación faise polo primeiro elemento (*Veiga de Riba, Carballeira da Ponte*), aínda que o segundo teña maior carga significativa (*Agro da Lucerna, Braña dos Cerviños, Eira dos Mouros*).

Agar (Santa Mariña)

Agar	Bosque
Agro	Braña
Agro da Pena	Braña, A
Agro da Revolta	Brañas, As
Agro da Torre	Cachada
Agro das Quenllas	Cachadas, As
Agro de Paraxó	Cacharela, A
Agro de Pepe	Campo Santo
Agro de Sorribas	Campo, O
Agro do Outeiro	Campos de Decoita
Agro do Rio	Campos, Os
Aminde	Cancelas
Anovado	Canella, A
Barazas	Cañal
Batocas, As	Cañoteiras
Besada	Carballeira
Besadas, As	Carballeira da Mina

Carballeira de Gueifas	Gueifas
Carballeira do Rei	Herbeira Grande
Carballiño	Ilesario, O
Carballo	Illós, Os
Carballosa	Laguna, A
Casa Vella	Lameiriñas
Celeirons	Laxe Longa
Cerdeiras	Leiriñas
Cerrada de Montenovoo	Licovas
Cerrada de Pepe	Limoeiro
Cerrada do Monte Novo	Longas, As
Cerrada Vella	Ma[i]seiras
Cerradiña	Manseiras
Chao de Ouriceira	Maris (2)
Costa	Monte da Serra
Costiña	Monte de Gu[e]ifas
Coto	Monte de Valiñas
Coto de Paraxó	Monte do Outeiro
Croio, O	Monte Novo
Cruceiro, O	Montiño (2)
Cruz	Mourenta[n] de Arriba
Cruz do Raposo	Mourentan
Cubela	Mourentan das Macias
Cubelo	Mouteira
Da Curras	Muiño do Crego
De Rosa	Novas
Decoita	Outeiro dos Porros
Eiras, As	Outeiro, O
Espiñeira	Palomar, O
Esqueiro	Paraxó
Estivadons	Pedreira, A
Falsa, A	Pedroso
Figueiral, O	Pena Lobeira
Fofe	Pena, A
Fondales	Penedo, O
Fonte de Pedreira	Pepe
Fonte de Pepe	Pereiriña, A
Fonte de Riba	Pia Feita
Fonte Rigueira	Pinal de Agustin
Fonte Seca	Piñeiros, Os
Fontes de Valiños, As	Pociños (2)
Formigueiro, O	Pomar
Gonxar	Pombeira, A
Grande do Agro	Portelo de Baixo
Grota, A	Portelo de Riba
Gubeliña	Poza, A

Pozo
 Pozos, Os
 Prado do Medio
 Prado Vello
 Prados do Muiño
 Quenllas
 Quenllas do Medio
 Raxeira, A
 Rebaixada
 Regas
 Regueiro
 Restevas
 Revolta
 Revolta, A
 Revoltas
 Revoltiña
 Rio Bo
 Rio, O (Viveiro do Rei)
 Sabugueira
 Sabugueira, A

Santo, O
 Sorribas
 Souto
 Souto, O
 Sua Carballeira
 Sua Ermida
 Sua Presa
 Sua Revolta
 Suas Casas
 Sub Muro
 Torreir[a] de Baixo
 Torreira de Riba
 Tras da Casa
 Trasmonte
 Trigueira
 Valiñas
 Veigas de Riba
 Xesteira
 Xesteira, A
 Xesteiras

Aguións (Santa María)

Agar da Ponte, O
 Agriños, Os
 Agro de Lobo
 Agro Novo (2)
 Agro Vello
 Aguións
 Aldea de Baixo
 Aldea Grande, A
 Alvariña, A
 Alvariñas
 Ameneiral
 Arrotea, A
 Besada, A
 Besadas, As
 Bouzas
 Braña, A
 Camiños, Os
 Campe[n]los
 Campo, O
 Carballiños
 Casas
 Casas do Campo
 Castro de Baixo

Castro de Riba, O
 Cebados
 Cerrada da Pena
 Cerrada da Raxeira
 Chan, A
 Cobas
 Codeso, O
 Corvelle
 Costiña, A
 Costiñas
 Couto da Revolta
 Cruceiro, O
 Eira do Loureiro
 Eira dos Carbons
 Eira dos Loureiros
 Eira Vella
 Espiño, O
 Fonte da Virxe
 Fornos, Os
 Frieira
 Grandeiríña, A
 Herbeira da Veiguiña
 Herbeiras da Frieira

Herbeiras da Ponte Nogueira
 Herbeiras de Ponte Barcia
 Ilesario
 Latas, As
 Leira, A
 Longra, A (2)
 Miñó, O
 Monte da Frieira
 Monte de Riba (2)
 Monte do Cruceiro
 Monte dos Fernandos
 Monte dos Muiños
 Monte dos Piñeiros
 Monte Redondo
 Montinho da Frieira
 Mourente
 Muiño da Laxe
 Muiño de Retortoiro
 Muiños da Ponte
 Outeiro
 Paradelas, As
 Pedrouzos
 Pereiro, O
 Peso, O
 Pina, O
 Piñeiro
 Ponte Barcia
 Ponte Caniza
 Ponte de Pina
 Ponte do Salgueiro (ou de Calvelo)
 Ponte Nogueira
 Porto de Bois
 Pousada

Ancorados (San Pedro)

Abeiras
 Agra Chan
 Agro de Agrelo
 Agro de Baixo
 Agro de Curras
 Agro de Fendoi
 Agro do Castro
 Agro do Cruceiro
 Agro do Pozo (2)
 Agro do Redondo
 Agros de Riba

Prado por Martijo
 Prado, O
 Preguecido
 Raigoso, O
 Raxeira
 Raxeira de Leira
 Recucho
 Regueira
 Retortoiro
 Revolta, A
 Rigueira
 Rio da Frieira
 Rio Liñares
 Rivaes, Os
 Sorrego
 Souto, O
 Su Agro
 Sua Font[e]
 Sua Fonte
 Sua Presa
 Tallon
 Toxeira da Braña
 Toxeira, A
 Tras da Cerca
 Varazal, O
 Veiga da Cruz
 Veiga do Crego, A
 Veiga do Tallon
 Vesada de Codeso, A
 Viña, A
 Viso
 Vixide
 Xesteira, A

Aimo
 Alto do Monte
 Angueiro
 Barcia, A
 Barrionca, A
 Barro, O
 Boca do Monte (2)
 Boca do Souto
 Brañas, As
 Brei de Baixo
 Brei de Riba

Cachopas, As (2)	Malparta
Cambeiros, Os	Manuela
Cambota, A	Martiño
Campo de fútbol	Meixeira
Campos de Manuela (2)	Meixeiras
Campos, Os	Mogos, Os
Canizas	Monte de Baixo
Cañoteira	Monte de Riba
Cañoteiras, As	Monte de San Pedro
Carballeira da Costiña	Monte Molide
Carballeira das Xesteiras	Mourentan
Carballeira do Rei	Nande
Carballeiras	Naval
Carballiño	Noveles, As
Castro, O	Oliveira
Cerrada dos Bouzos	Outeiro de Manuela
Cerrada Nova (2)	Outeiro de Ribas
Cerradas Novas	Pardiñeiro
Chocarei	Pe de Muiño
Chouso, O	Pedras de Pan
Codeseira	Pedriña, A
Comaris	Pena de Riba
Congostra do Rio	Pena do Corbo
Congostra dos Defuntos	Pena Lua
Costa do Menciño	Penas Ferreiras
Costa, A	Pereira, A
Costiña, A	Pereiras, As
Coviña, A	Pereiriña
Cucos, Os	Pereiro, O
Devesa, A	Pereiros, Os
Eiras dos Portos	Pios, Os
Escobeira	Pomariño
Espiño, O	Portas, As
Farnal	Pousadela
Figueiriña	Poza, A
Fontaiña	Prado Vello
Fonte da Pura	Prado, O
Fonte dos Cans	Prados de Manuela
Formigas, As	Quenlla, A
Fornadeiro	Raldoira
Foxo	Raldoitas
Frenda	Raxeira
Hortiña, A (2)	Raxeira, A (2)
Inferniño, O	Redondo
Lama da Presa	Redondo de Barro
Levosende	Regueira

Regueiros	Sua Silveira
Revolta (2)	Suas Toxeiras
Revolta de Baixo, A	Taberna
Revolta de Riba	Tarreiros
Ribas	Temperao
Rios	Temprao
Sabuñeiro (2)	Tombillos
Salido da Casa de Castiñeiras	Torre, A
San Pedro	Tras da Torre
Serreira, A	Tras do Valo
Souto (2)	Tras do Valo
Souto, O	Travesas
Su Barro	Trigueira
Su Rego	Trigueiras
Su Valo	Veiga do Foxo
Sua Fonte	Ventosela
Sua Fonte de Baixo	Xesteira
Sua Horta	Xesteira, A
Sua Iglesia	Xesteiras, As
Sua Presas	

Ancorados (San Tomé)

Agra Chan	Codesal
Agro de Baixo	Cornide
Agro de Gonten	Corontal
Agro de Riba	Coto, O
Agro do Castro	Decoitas, As
Aguillar	Devesa
Alargo, U	Devesa, A
Ameitel	Eiras de Baixo
Ante a Porta	Fondo da Grota
Aveiras	Fonte da Barreira
Barbeito	Fonte do Castro
Barreira, A	Fonte dos Cans
Besada, A (2)	Fornadeiro
Boca do Monte, A	Golfa de Baixo
Brei	Gonten
Cambeiros, Os	Grota, A
Campo Redondo	Horta de Riba
Cancelas, As	Lama da Presa
Carballeira da Golfa	Lameiriña
Castro, O	Levosende
Cerrada, A	Manceba
Chamiceira	Monte da Costiña
Chouso, O	Moreiras

Nabal, O (2)
 Nuvelas
 Outeiro do Castro
 Pelexas, As
 Pereira
 Pia Feita
 Pios, Os
 Plumar
 Ponte do Pio
 Portela de Aguillar
 Pozo da Devesa
 Pozo da Viña
 Pozo do Castro
 Pozo, O
 Prado, O (2)
 Pumariño (2)
 Raxeira
 Rego, O
 Revolta
 Revolta de Baixo
 Revolta de Riba
 Revoltas
 Rubial, O

San Tomé
 Seixo, O
 Sobre da Presa
 Sobre de Casas
 Souto
 Su Barro
 Su Igrexa
 Su Rego
 Su San Tomé
 Su Valo
 Sua Horta
 Torre, A
 Torriña, A
 Tras do Valo
 Trasmatelo
 Trigueira
 Tuten
 Tuten de Baixo
 Veigas do Campo
 Veigas do Nabal
 Xesteira
 Xesteira, A
 Zamar

Arca (San Miguel)

Abelleira, A
 Acibo, O
 Agra
 Agro Bo d'Amosa
 Agudela (2)
 Amarelle, A
 Amerin de Baixo
 Amerin de Riba
 Arca
 Arca Pedriña
 Arca, A
 Aveleiras
 Aveleiriña
 Barrocos
 Besada, A
 Besadiña, A
 Brañas, As
 Buiña, A
 Cacharela
 Cadeiras, As

Campiños
 Campo de Baixo
 Campo de Mos
 Campolongo de Baixo
 Campolongo de Riba
 Campos da Penela
 Campos das Traves
 Campos de Cerces
 Cancelas, As
 Canles (2)
 Carballal
 Carballal, O
 Carballeira
 Carballeira da Ferral
 Carballeira do Sostelo
 Casa da Vella
 Castiñeiro, O
 Castro
 Castro Perroño (ou da Perita)
 Castro, O

Celas, As
 Chaira, A (2)
 Chope, O
 Chouso Grande
 Coba da Veiga
 Codesal, O
 Congostrá, A
 Correlo Grande, O
 Correlo Pequeno, O
 Costa da Bouza
 Costa de Carbia
 Costas do Atan
 Costas, As
 Costinas
 Costiñas
 Cotelos do Muiño
 Coto
 Coto da Ferral
 Coto de Baixo
 Coto de Piornos
 Cruceiro, O
 Currelo, O
 Decoitas
 Dese Lado
 Devesa, A (2)
 Divias, As
 Dozares, As
 Eira de Riba
 Eira de Varela
 Eira de Vilas
 Eira dos Mouros
 Ermida, A (A Ascension)
 Espingueira, A
 Espiño das Egoas
 Esquizo, O
 Estanco, O
 Feal, O (2)
 Filluda, A (2)
 Fondo do Prado
 Fonte Barreira
 Fonte Bellote
 Fonte da Cadeira
 Fonte das Perdices
 Fonte do Galo
 Fontiña
 Forxa, A
 Freixas, As
 Froces, As
 Gandariña
 Goia de Canles
 Goleta de Baixo
 Goleta de Riba
 Goleta, A
 Grallas
 Granxa, A
 Ivias
 Lagoa Grande
 Lagoa P[e]quena
 Lamosa, A
 Leira Grande
 Lomba, A
 Loureiro
 Loureiro das Pontes
 Loureiro, O
 Menora
 Mesexo
 Mestas, As
 Millaras, As
 Miño Vello
 Mirtas, As
 Moimenta, A
 Mon[t]e de Riba
 Monte da Penela
 Monte da Toxeira
 Monte de Amarelle
 Monte de Arca
 Monte de Mirallos
 Monte do Esquizo
 Monte do Regueiro
 Monte do Viso
 Monte Redondo
 Muiños da Perita
 Muiños de Can[a]bal
 Naval de Riba
 Nodar
 Outeiriño
 Outeiro da Cruz
 Outeiro da Tella
 Outeiro da Valiña
 Outeiro do Castro
 Outeiro Grande (2)
 Outeiro Miñoto

Outeiro Pequeno (2)
 Outeiros Grandes
 Outeiros, Os
 Palomar
 Paradolas
 Pedra Blanca
 Pedra Callada
 Pedra Maior
 Pego Negro
 Penas
 Penedo
 Penela, A
 Perroño de Baixo
 Perroño de Riba
 Pezas, As
 Ponte da Paradola
 Ponte Nodar (2)
 Ponte San Paio
 Porrido
 Porta, A
 Portelo do Roxo
 Porto da Laxe
 Porto de Baixo
 Porto Varcielas
 Porton
 Poza, A
 Pradiños, Os
 Prado de Penedo
 Prado de Porto
 Prado de Vidal
 Prado Vello
 Prados do Cura

Arnois (San Xiao)

Agra, A
 Agriño (2)
 Agro
 Agro da Veiga
 Agro de Cobas
 Agro de Vilanova
 Agro dos Nicos
 Amargura, A
 Anenide
 Areadas
 Balboa

R. de Chousos Grandes
 Ranxa de Carbia
 Raxan
 Recantiño
 Recanto, O
 Recostiño, O
 Redondelo
 Rego, O (2)
 Regueiro do Castro
 Regueiro do Esquizo
 Regueiro do Foxo (2)
 Reguiña, A (2)
 Retorta, A
 Revoltas
 Revoltiña, A
 Rial de Baixo
 Rial de Riba
 Rodullo, O
 S. Mamede
 Sebil
 Seixos Blancos
 Sobreira, A
 Su Muro
 Tallon
 Toxeira, A
 Tras do Prado
 Urces
 Veiga de Baixo
 Veiga dos Caeiros
 Veiga Vella
 Xesteira do Cura
 Xustin

Besadiña
 Braña, A
 Bruñido, O
 Bugalleira
 Cacharela
 Calzada, A
 Cancela de Baixo
 Cancela de Riba
 Cancelas, As (2)
 Caneirón
 Capela das Neves
 Carballal, O

Carballas	Monte dos Tiguillois
Carballeira, A	Monzón
Carballeiras, As	Ortigueira
Carballo, O	Pena Barrada
Carollo, O	Peneda, A
Castro, O	Pereiró
Cercido, O	Pereiros, Os
Chouso, O	Pinal, O
Corredoiras	Ponte do Regueiro
Costa do Carneiro	Ponte do Unxido
Costa, A	Ponte Regueira
Coto, O	Porta Fondo
Cruz do Carballiño	Prado Liñarengo
Cruz, A	Quenlla, A
Devesa, A (2)	Regueiro
Doleiriños	Regueiro do Unxido
Dornelas	Regueiro, O
Espiño, O	Reigada, A
Fondojos	Reigados
Fonte Sagrada, A	Revolta de Coide
Fontoide	Riamonde
Golmados, Os	Ribadulla
Granxa, A (2)	Sar
Horreo, O	Silva, A
Horros, Os	Souto Bravo
Igrexa (San Xiao)	Souto da Veiga, O
Ilesario do Cura	Su Valo
Ilesario, O	Tallos, Os
Leira Grande	Tenencia de A Veiga
Loureiro	Tiguillois, Os
Moimenta	Tirabao
Monte da Carixa	Tras Outeiro
Monte da Grela	Trigueira, A
Monte da Insua	Ullan
Monte da Reigada	Unxido
Monte da Silva	Valbuiña
Monte das Carulas	Valverde, O
Monte de Balboa	Varca, A
Monte de Fora	Vieites, Os
Monte de Moimenta	Viña Grande
Monte de Pedro	Viña Vella
Monte do Calvario	Viñas, As
Monte do Carballal	Volta do Espiño

Baloira (San Salvador)

Agriño, O
 Agro
 Agro (Veiga) de Riba
 Alambre, O
 Baloira S. Salvador
 Barreiros, Os
 Barrelas, As
 Braña de Baixo, A
 Cabadas, As
 Cachal, O
 Caida do Monte
 Camiño Real
 Camiño Vello
 Campiños, Os
 Campo de baile
 Campo de Barcala
 Campo do Muíño
 Caño da Mouriña
 Carballeira de Montoiro
 Carreira das Bestas
 Catadoiro
 Cerdeiral, O
 Cerrada dos Carbias
 Cerrada Nova
 Chan da Cerrada
 Chan do Agriño
 Chousiñas
 Chousiño, O
 Congostra
 Cruces
 Cubana, A
 Currelo
 Curro, O
 Currucho da Veiga
 Devesa (do Rei)
 Dornas

Barbude (San Martiño)

A da Figueira
 A dos Cortizos
 Agro de Pina
 Agro, O
 Ameneiral
 Ameneiral de Baixo

Enciñeiras
 Folgueira, A
 Golguiñas, As
 Herbeiras dos Cruces
 Igrexa
 Lavandeiras, As
 Loureiro, O (2)
 Millaras, As
 Molladas, As
 Monte de Barazas
 Monte do Curro
 Montoiro
 Moreiras, As
 Mouriña, A
 Muíños de Rubians
 Outeiro da Loba
 Outeiro das Moumiñas
 Pereiras, As
 Ponte de Baloira
 Porto Caeiro (ou Portanceló)
 Pouso, O
 Prados de Montoiro, Os
 Queimadas
 Quenllas, As
 Regato da Folgueira
 Rodiño, O
 Sobre do Pozo
 Souto de Montoiro
 Su Rego
 Tendal do Curro, O
 Tras da Eira
 Tras da Igrexa
 Tumbelos, Os
 Veiga de Baixo
 Viveiro (do Rei)
 Volta de Marans

Ameneiral de Riba
 Arca
 Arca de Alá
 Areal
 Arquíña
 Arroio, O

- Bacelo
 Baile de Fonte Seca
 Barreira, A
 Besadas, As
 Besadiña
 Besadiña, A
 Boca da Costa
 Braña, A
 Buxan de Baixo
 Buxan de Riba
 Campanario
 Campanario, O
 Campiño
 Campo da Besta
 Campo, O (2)
 Canceliña (2)
 Canteira de Sanchez
 Cañoteira
 Carballa, A
 Carballas de Baixo
 Carballas de Riba
 Carballo
 Carbon de Beriso
 Casa de Gamallo
 Castro
 Cerqueira, A
 Cerrada
 Cerrada de Arca
 Cerrada de Clemente
 Cerrada de Fares
 Cerrada de Pedreira
 Cerrada de Pepe
 Cerrada de Redondo
 Cerrada do Casqueiro
 Cerrada do Corral
 Cerrada dos Cabadoiros
 Cerrada dos Codesos
 Cerrada dos Feas
 Cerrada dos Matos
 Cerrada dos Rebolos
 Cerrada dos Trigos
 Cerrada Feas da Sra.
 Cerradiña
 Cerradiña de Fontesecca
 Cerradiña do Areal
 Cerradiña do Cruceiro
 Chan do Salgueiro
 Chan, A
 Chousiños
 Chouso da Lagarteira
 Codeseda (2)
 Croutelo
 Cruceiro do Persinote
 Desconocida
 Detras da Casa de Gamallo
 Detras da Eira
 Detras do Campo
 Detras do Castro
 Devesa
 Diante da Porta
 Eira da Rosaria
 Eira de Rozados (2)
 Eira dos Feas
 Eira Vella
 Encima da Devesa
 Encima do Camiño da Misa
 Entre Presas de Pina
 Espadenal, O
 Espiño (3)
 Esqueiriño, O
 Faro
 Feas
 Fondieira
 Fondo de Comiallas
 Fondo do Campo
 Fondos
 Fondos, Os
 Fonte Seca (2)
 Fonteladroas
 Fonteladrons de Baixo
 Fonteladrons de Riba
 Fontiña (2)
 Fontiña da Lagarteira
 Forno dos Mouros
 Golga, A
 Gran Vella do Campo
 Granxa, A
 Gruvela do Campo
 Horta dos Portos
 Hortiña
 Hortiña, A
 Jartan de Baixo
 Jartan de Riba
 Joimil

- Lagarteira (2)
 Lagoa, A
 Lameira, A
 Lebrin
 Meixemas
 Monte da Chan (2)
 Monte das Carballas
 Monte das Carballas de Riba
 Monte de Abraldes
 Monte de Nieves
 Monte de Silvestre
 Monte do Regueiro
 Monte do Salgueiro
 Monte dos Fernandos
 Mosqueiro
 Onda a Pista
 Outeiro das Cucas (2)
 Ouxarega
 Palomar
 Patrimonio
 Pazos
 Pedra dos Fornos
 Pedreira (2)
 Pedriqueira, A
 Pedriñas
 Pena Dona
 Penedos de Pazos
 Periñas, As
 Persinote, O
 Pina
 Pina da Presa de Baixo
 Pina Redonda (2)
 Pociño
 Pontillón da Lagarteira
 Poza (2)
 Poza, A
 Pozo de Lopez
 Pozo dos Lopez
 Pozo Formento
 Pozo Naval
 Prado de Lagarteiros
 Prado do Castro
 Prado, O
 Presa de Baixo
 Presa de Riba
 Presa Vinseiro
 Recanto (3)
- Regueira, A
 Restevelas (2)
 Restrelas
 Revolta
 Revolta, A
 Revoltiña
 Revoltiña, A
 Río Liñares
 Rodiño, O
 Rodo
 Rodo, O
 Saborido
 San Martiño
 Semeon
 Senra
 Sesteliño
 Sesteliño de Baixo
 Sesteliño de Riba
 Simeon
 Sobre da Barcia
 Sobre da Devesa
 Sobre da Devesa de Fonteladros
 Souto
 Souto, O
 Soutullo
 Su Rego
 Suas Casas
 Sus Campos (2)
 Tahona
 Tallo, O (3)
 Tranca
 Trancas, As
 Tras Pina
 Trasmonte
 Trigueiras, As
 Varcia
 Varcia, A
 Veiga de Comeallas
 Veiga de Comillas
 Vella
 Viña
 Viña de Fares
 Viñas, As (2)
 Viveiro Nacional
 Xesteira
 Xostrada

Barcala (Santa Mariña)

Agro Via
 Agrovía do Moreno
 Arriba da Presa
 Boca, A
 Bouza
 Braña da Veiga
 Braña, A (2)
 Brexe, O
 Cachoqueira
 Caeira, A
 Caeiro, O (Capela)
 Calseiro, O
 Campo do Burgo
 Campo, O
 Canceliña, A
 Canto do Río
 Cas Vella, A
 Castrallón, O
 Cataron
 Chan de Franco
 Coba Vella
 Codeseira, A (2)
 Corgo, O
 Cortella, A
 Costa, A
 Covelo
 Cusareta
 Devesa de Magan
 Escanovas
 Espadanal
 Estroveiro de Baixo
 Estroveiro de Riba
 Fontaran
 Fonte da Virxe
 Froxán
 Granxa, A
 Lagoa
 Leira da Igrexa
 Leira da Porta
 Millarenga
 Mirtos, Os
 Monte da Armada
 Monte da Insua
 Monte da Pedra
 Monte de Calderon
 Mouro Morto
 Muíños do Regueiro
 Naval, O
 Nogueira, A
 Pallal, O
 Pe do Muíño
 Pedra, A
 Pedras de Vicente, As
 Pedras do Raposo, As
 Pedreira
 Pevidal
 Pomar Alto
 Ponte do Pomariño
 Porteliña
 Prado, O
 Queimado, O
 Rabiño, O (2)
 Rasende, A
 Rega da Cabionca
 Rega de Daniel
 Rega de Pardal
 Rego do Candan
 Regueira, A
 Regueiriño, O
 Regueiro de Cañoteira
 Revoltiña
 Riba do Campo
 Santa Mariña
 Sidran
 Silveiriña, A
 Soutiño, O
 Souto
 Su Valo
 Trasande
 Valga
 Veiga Laxeiros
 Veiga Revolo
 Veiga, A (2)
 Veiguiña, A
 Vella
 Vilar
 Xanderiño

Barcala (San Miguel)

Agrelo
 Agro de Baixo
 Agro de Riba
 Agro dos Castros
 Agro dos Duros
 Agron, O
 Areales, Os
 Barreiro, O
 Besada
 Bouzó
 Bumio
 Calvos, Os
 Campanario
 Cancela da Veiga
 Canda de Riba
 Candas
 Candas, As
 Carballiño
 Casa de Cortiñas
 Casa do Frade
 Castelo
 Castro Valente
 Cataronas
 Chamusqueira
 Chan de Bumio
 Cimadevila
 Cortegosa
 Cortiñas
 Cortiñas das Negreiras
 Costaneira
 Costiña
 Coto Salmoeiro de Sinde
 Cotro
 Cova
 Devesa de Casa do Frade
 Devesa Nova, A
 Eiras Vellas
 Fofinan
 Fontaiña
 Fonte da Vila
 Fonte de Vacas

Fonte do Souto
 Fontenla
 Formigueiro
 Guisa, A
 Lamas, As
 Longra, A
 Marquiño
 Misto, O
 Mosqueiros
 Muiño do Bao
 Nebrexo
 Negreiras, As
 Nogueiras
 Outeiro da Pena
 Paraño
 Pedregueira
 Pena de Riba
 Pereiros, Os
 Piñeiro
 Pozas, As
 Quintans, As
 Redondo
 Regato da Brea
 Rego da Viña
 Regueira
 Retorta
 Rio Ulla
 Rodel
 Rosello
 Rumariño
 Senandez
 Souto
 Sua Casa
 Sub Loureiros
 Toreina
 Tras do Agro da Pampiña
 Tras do Pazo
 Trasfontao
 Vaiñas
 Valiño, O
 Veiga, A
 Villigas

Berres (San Vincenzo)

Agriño, O
 Agro
 Agro da Igrexa
 Agro da Lucerna
 Agro da Pena
 Agro de Baixo
 Agro de Riba
 Agro Vello, O
 Agros, Os
 Alargo
 Albite
 Alfonsin
 Areal
 Arroio, O
 Avelleira, A
 Barca
 Barcalesa
 Barranqueira
 Barrote, O
 Batans, Os
 Besada
 Bouzas
 Braña, A (2)
 Brañiña
 Bravos, Os
 Bruñeira de Baixo, A
 Bruñeira de Riba, A
 Cabal
 Campo Redondo
 Canal
 Cancela da Braña, A
 Cancelas, As
 Cañoteira
 Carballal
 Carballeira do Amparo
 Carballeira do Rei
 Carballeiras, As
 Carballiños
 Carballo da Xastra
 Carballo Grande
 Casa Nova
 Casal, O
 Castiñeiro, O (2)
 Celeirons
 Centro, O
 Cerrada da Mina
 Cerrada de Canles
 Cerrada de Xesteira
 Cerrada Nova de Molide
 Cerradura, A
 Chas de Tofin
 Chenlo
 Choil
 Chousa (2)
 Chousiño, O
 Chouso (2)
 Chouso de Baixo
 Codeseira, A
 Codorneiro
 Corgo (2)
 Costa (2)
 Costa da Igrexia
 Costa, A
 Coviña, A
 Cruceiro, O (3)
 Cruto de Molide
 Cruz, A
 Da Cancela
 Decoita (2)
 Descanso de Molide
 Dona, A
 Dorna, A
 Eira de Valoira
 Entre a Peneda
 Espiño, O
 Estadas
 Estivadon
 Estramonde
 Fabrica Aserrar
 Fabrica de Marque
 Ferreiras, A
 Fonte da Taberneira
 Fonte das Mozas
 Fonte de S. Vicente
 Fonte do Amparo
 Fonte dos Moures
 Fonte dos Neiras
 Fonteiraña
 Fontenla de Baixo
 Fontenla de Riba

Fontenla, A
 Fontes
 Fontiña, A
 Gandarela
 Gimbre
 Granda de Tofn
 Hortas de Baixo
 Hortas, As
 Igrexa
 Lamas
 Leiras
 Liñar
 Loimiles
 Longas
 Magan, A
 Magudin
 Mamoá
 Mato
 Merouques
 Mestas, As
 Millara, A (2)
 Monte da Devesa
 Monte da Ramalleira
 Monte de Alvite
 Monte de Celeirons
 Monte de Molide
 Monte de Paderna
 Monte de Ulla
 Monte de Vilancosta
 Monte do Fornadeiro
 Monte do Outeiriño
 Monte dos Carris
 Monte dos Chaos
 Montinho do Marque
 Morangueiro, O
 Mouteira
 Muiño de Barros
 Muiño do Cruceiro
 Muiño do Pallozo
 Muiño dos Colazos
 Muiño dos Martizes
 Muiño dos Pasales
 Muiño dos Trigos
 Muiño Novo
 Muiños de Marque
 Muiños do Pereiro
 Muiños dos Neira
 Naval
 Navaliño, O
 Ourexeira
 Outeiro (2)
 Paizás
 Palomar, O (2)
 Pasteleira
 Pazos
 Pena Corbal
 Pena do Moucho
 Penedas do Naveiro
 Peniñas
 Pereiriña
 Pereiro, O
 Pinal, O
 Pio, O
 Pociño, O
 Pomar, O
 Pombal, O
 Ponte Xestoso
 Ponte, A
 Porto
 Pousada
 Poza, A
 Pozo da Fonte, O
 Pozo de Canles
 Pozo de Paderna
 Pozo de Soñara
 Pozo do Tallo
 Pozo dos Trezados
 Pozos do Regueiro, Os
 Pradiño, O
 Prado de Baixo
 Prado de Pazos
 Prado de Ríba
 Pte. Sarandon
 Quirés
 Rabados, O
 Rabuñado
 Raxio
 Recanto de Molide
 Redondal
 Redondelo
 Redondo, O
 Rego

Regueira, A
 Reponta, A
 Revolta (2)
 Revoltiña, A
 Ribeira
 Rio Bo
 Rio Ulla
 Rios
 Roca Forte
 Roca, A
 Roxal, O
 S. Mateo
 Sabiñas, As
 Salgueiro
 Salido de Pazos
 Senra, A
 Servide
 Silvar
 Sobreira, A
 Soutiño
 Soutiño, O
 Souto de Baixo
 Souto de Riba
 Souto, O
 Su Aldea
 Su do Crego

Sua Casa
 Sua Vila
 Suas Eiras
 Tallo
 Teiridiques
 Torre de Baixo
 Torre de Riba
 Toxon
 Tras da Ermida
 Tras Penas
 Trigueira, A
 Ulla
 Veiga de Riba
 Vieiro
 Vila do Sol
 Vilancosta
 Vilasusan
 Viña Nova
 Viña Vella
 Viñas de Riba
 Xeira Boa
 Xesteira (2)
 Xesteira, A
 Xouxares, As
 Zanquiña, A

Calobre (San Martiño)

A de Torres
 A de Xesteiras
 Agramil
 Agro d'Atrás
 Agro de Calobre
 Aldea Grande, A
 Arriba
 Auxaregas, As
 Aveliras, As
 Baliños
 Barreiros (2)
 Barrionca
 Besadas (4)
 Bruzos, Os
 Burro, O
 Cacharela
 Cacharelas

Cacharol
 Cachopa, A
 Cadrelos
 Calzadas
 Camiño das Ovellas, O
 Campo, O
 Campos, Os
 Camposas
 Canales, Os
 Cancelas
 Caño, O
 Cañoteiras
 Carbballal (2)
 Carballeiras
 Carballeiras, As
 Carballo do Monte, O
 Cardeboda

Carreira, A	Fontaiñas
Carril do Agro	Fonte Cova
Carrizo, O	Fonte da Vella
Cas da Vella	Fonte de San Amaro
Casa de Riba	Fonte Lombelo
Casa Nova	Fontenla
Casales, Os (2)	Fontes, As
Casiña, A	Friamonde
Castiñeiro	Gomes, Os
Castro de Callobre	Gorgullón, O
Castro Rodriguez, O	Herbeiras de Dentro
Castro, O	Horta Vella
Cerdeiras	Hortas, As
Cerrada da Cruz	Ilesario
Cerrada do Muiño	Insua (2)
Cerrada Nova	Lagar
Cerrada, A	Lameiras
Cerradas Novas	Lamela de Riba
Chan de Traves	Lamelas, A
Chans, As	Lamosa
Chousiño	Largas, As
Chouso, O	Leiras, As
Chousos, Os	Liñaredo (2)
Cimadevila	Liñares
Cinco Calles, As	Longa, A
Cobriña, A	Loureiros, Os (2)
Codeseira (3)	Mainas
Codeseira, A	Melrans, Os
Costas, As (2)	Mengucel (2)
Cruza	Merca
Debaixo do Valo	Merlan
Delgadiña	Meson, O
Devesa, A	Monte da Fame
Devesas, As (2)	Monte de San Martiño
Diegues	Montoiro
Diegues, Os	Montoiros
Dinova, A	Morangueiro, O
Eira d'Alá	Moucho
Eiras, As	Muiño de Callobre
Erbeiras do Estanco	Muiño Vello
Espiño	Murangueiros
Esqueiro, O	Muros, Os
Estivadon	Muxica
Figueira	Negras, Os
Fixón	Nogueira
Fontaiña, A	Nogueiras

Oliveira, A
 Outeiro, O
 Palomar (2)
 Peciña
 Pedras, As
 Pedrigueiras
 Penedo Redondo
 Pereiras, As
 Pereiriña
 Peza, A
 Pociño, O
 Ponte do Melran
 Ponte Liñares
 Ponte Vello
 Pontillon de Tras das Hortas
 Porta Xernil
 Portelo, O
 Portiños, Os
 Pousada
 Pozas, As
 Pozo das Meigas
 Pozo de Alvarez
 Prado da Fabrica
 Prado das Fontes
 Prado de Insua
 Prado de Riba
 Prados Vellos
 Prados, Os (3)
 Quenllas, As
 Rabadeiros
 Recanto, O
 Redonda, A
 Redondas
 Regueiriño

Castro (San Miguel)

A das Mesturas
 A de Xan
 Adoufe
 Agria
 Agro de Baixo
 Agro de Riba
 Agro de Ventosela
 Agro do Seixo
 Agro, O

Regueiro do Palluzo
 Revolta
 Revolta, A
 Revoltas
 Revoltas, As
 Rio Liñares
 Sabuñeiro
 Salvadora
 Se[s]taño de Baixo
 Serreira, A
 Sestaño de Riba
 Silva, A
 Sol
 Souto
 Souto do Primo
 Soutos, Os
 Sua Nogueira
 Sua Vila
 Suas Vilas
 Subin de Perez
 Talliño
 Tallo, O
 Toxeira Alta
 Valiñas
 Veiga de Riba
 Veiga do Rio
 Veiga do Señorans
 Veigas de Baixo (2)
 Veigas de Riba
 Veigas do Rio
 Velon
 Vilafruxil
 Vilar, O
 Vilas, Os

Alargo, O
 Alargo, U
 Albergu[e]ria
 Atan
 Bacelo
 Baiuca de Baixo
 Baiuca, A
 Barca, A
 Barroncas, As

Bebedoiro	Codeseira
Besada	Conde, O
Blancos, Os	Condes, Os
Boqueixo, O	Constenla
Bosque, O	Corre Cabras
Braña	Correola
Braña de Neira	Coteira, A
Braña, A (2)	Cotiño do Seixo
Brañas, As (3)	Cova
Bugalleira	Croeira, A (2)
Burata	Cruz da Esquipa
Cachopas, As	Cruz, A
Caidas, As	Detras
Camiño da Barca	Detrás da Cerradura
Camiño do Porto	Detras dos Penedos
Camiño Real	Devesa
Canal, O	Eiras de Baixo
Canás, Os	Eiras de Riba
Cancela	Entre as Augas
Cancela do Naval	Entre as Sobreiras
Cancela do Pombal	Entre os Cotos
Canceliñas	Entre Presas
Canle, A	Esqueiro, O
Canliña, A	Esquipa, A
Canteira da Rega	Fameira, A
Cañoteira	Feal
Cañoteira, A	Ferradura, A
Carballeira, A	Filgueiras de Baixo
Carballo, O	Filgueiras de Riba
Carril, O	Fond[o]gos
Casas de Baixo, As	Fondo do Agro
Castiñeiro, O	Fontaiñas, As
Castro	Fontao
Castro, O	Fontauciño
Centieira, A	Fonte de Baixo
Cerdeira Brava	Fonte, A (2)
Cerrada de Silva	Fontenla
Chica, A	Fontiña, A
Chousa dos Atanquiños	Foxo, O
Chousa de Vazquez	Golfas, As
Chousa Nova	Groto, O
Chousa, A	Gundian
Chousas de Riba	Ilesario
Chouso de Aruxo	Insua
Cima do Agro	Lagos
Codesal	Lamas de Baixo

Lamas de Riba
 Lavadeiro
 Leira Grande
 Leiriñas, As
 Liñareiras, As
 Longa, A
 Longas, As
 Loureiros, Os
 Lousas
 Maceiral, O
 Marco da Rega
 Martiñas, As
 Mimosas, As
 Miralda, A
 Monte da Serra
 Monte de Baixo (2)
 Monte de Lagos
 Monte de Riba (2)
 Monte do Camiño Real
 Monte do Castillo
 Monte Maior
 Monte, O
 Morena, A
 Muiño de Xunqueira
 Muiño Vello (2)
 Murgueiras, As
 Muxardia de Baixo
 Muxardia de Riba
 Neveira
 Neveira, A
 Noveledo
 Onda o Muiño
 Onde morreu Margarida
 Ourexeira, A
 Padín de Baixo
 Padín de Riba
 Paizas
 Pazo
 Pena Barrada
 Pene[d]a do Casal
 Penedo Grande, O
 Penedos da Bugalleira
 Penedos da Portela
 Perelleiro, O
 Peta, A
 Pia, A
 Pinal, O
 Pino Manso, O
 Pociños, Os
 Pomar (2)
 Pomaredo
 Pombal
 Ponte
 Ponte do Unxido
 Portelo da Braña
 Portelo da Eira
 Pozo de Reimondez
 Pozo Grande
 Pozo Pequeno
 Prado (3)
 Prado da Silva
 Prado de Baixo
 Prado Redondo
 Preixo, O
 Queimadas, As (2)
 Quenlla, A (2)
 Quenllón, O
 Rabadeira, A
 Raigada, A
 Ramalleiras, As
 Raxeira, A (2)
 Regas, As
 Regueiro de Atan
 Regueiro do Rodo
 Retorno, O (2)
 Revoltiña
 Rial, O
 Ribada
 Rigueira, A
 Rigueiras
 Rodeo, O
 Roleiro, O
 Salgueiro, O
 Salido de Torres
 Salido do Duro
 San Miguel
 Sanguinal
 Secas, As
 Seixo
 Silva
 Silvana, A
 Sobreira, A

Souto, O (2)
 Teixugueiras, As
 Terreo, O
 Tornacabras
 Toupeiras, As

Tras do Valiño
 Trigueira, A
 Viña Nova
 Viñas, As
 Zanca, A

Cereixo (San Xurxo)

A do Loureiro
 A do Rego
 Abelleiras, As
 Agro de Viso de Baixo
 Agro do Marco (2)
 Arnejo
 Baral, O
 Bazuca, A
 Besadiña, A (3)
 Bico da Congostra
 Broullo
 Buratiñas, As
 Cacharela, A
 Campos, Os
 Caniza, A
 Cañoteira, A
 Carballeira, A
 Casariños
 Caxil
 Cereixo
 Chouso, O
 Codesuras, As
 Constenla
 Costiñas, As
 Cruceiro, O
 Debaixo da Casa de Teresa
 Eiras, As (3)
 Espiño, O
 Fonte, A
 Ganchos, Os
 Goimil
 Herbeiras do Rio
 Hermo de Riba
 Hermo, O
 Illos, Os
 Lagoas, As
 Lamas, As
 Larin

Leira Longa, A
 Leiras Longas
 Liñares
 Loubeada, A
 Malfeita, A
 Mestas, As
 Millarrabo
 Monte de Penide
 Muiño da Laxe
 Muiño de Baixo, O
 Muiño de Penide
 Nogueira, A
 Outeiro, O
 Palleiro, O
 Pazo de Rais, O
 Pedra da Cruz, A
 Penela, A
 Pereira, A
 Perelo
 Pernaviva
 Perucheiros, Os
 Piornos, Os
 Ponte Viso
 Porto de Señorans
 Pozas, As
 Prado de Matalobos, O
 Pte. de Cereixo
 Pte. de Pernaviva
 Pte. do Santo
 Quintas
 Raigaño, O
 Ramadela (2)
 Raxeiras, As
 Regato da Fervenza
 Regato de Mollarrabo
 Regueira, A
 Reoliña, A
 Revolta, A

Revoltiña, A
 Rigueiras, As
 Rio Liñares
 Saias, Os
 Salido de Miguel
 Salidos, Os
 Seixo, O
 Señorans
 Soutiño, O
 Su Valo

Suas Eiras
 Trigueira, A
 Troitiña, A
 Veigas de Baixo
 Veigas de Baixo, As
 Veigas Grandes
 Vilapouca
 Viso de Baixo
 Viso de Riba

Codeseda (San Xurxo)

Aberdelas, As
 Abragan
 Agra de Paiotes
 Agrelo, O
 Agriño
 Agüeiro
 Alargos
 Arnado
 Auga Redonda
 Baixa de Riba
 Baixa, A
 Baixetes
 Barcia
 Barcias, As
 Barro
 Batoco
 Berdiocas, As
 Besada
 Besadas
 Besadas, As (3)
 Bigoia, A
 Boa Presa
 Bosque, O
 Bouzas, As
 Bozque, O
 Braña
 Braña dos Chaos
 Braña, A
 Brañas
 Broas
 Bugalleira
 Buratiña
 Cabalar

Cacharon
 Cachopas
 Cachepeiras, As
 Cambada
 Campiño, O
 Campo
 Campo da Alende
 Campo da Cerrada
 Campo de Riba
 Campo Vello
 Campos
 Cantiño, O
 Capela de S. Blas
 Carballeira da Muda
 Carballeira da Ponte
 Carballeira da Ponte da Pedra
 Carballeira de Painza
 Carballeira de Paiotes
 Carballeira do Rei
 Carballiño (2)
 Carballiño, O
 Carballo Vaqueiro
 Carregal
 Carregal da Buba
 Casa Valladares
 Casal
 Casariños, Os
 Castelo, O
 Castiñeira
 Castiñeiras, As
 Castro
 Castro de Baixo
 Castro de Riba

Castros, Os	Fonte do Cuco
Cataron	Fonte Fria
Cercas, As	Fonte Piollos
Cereixas, As	Fontenlo
Cerrada	Fontiña, A
Chairas, As	Fontiño
Chaos, Os	Forcadas, As
Chousas	Fornos, Os
Chouso	Foxo Vello
Chucureiros	Fragoso
Coba, A	Gallas, As
Codesal	Gandaras
Codeseda	Gandras
Corredoiras	Gandras do Castro
Costa das Quintas	Gandras, As
Costa de Baixo, A	Gila
Costa de Riba, A	Grela, A
Costiñas, As	Horta do Crego
Cotelo da Raia	Illós
Cotelo, O	Insuas
Cotelos, Os	Insuela
Coto, O	Ladras, As
Cotos, Os	Lameiro
Cruceiro d'Ansean	Laxes
Cruceiro da Grela	Leira Longa
Curreliño, O	Leiriñas, As
Currelo, O	Leiro
Currelos	Lomba, A
Custa, A	Lombo de Besta (2)
Custió	Lombos de Besta
Cuvelíños	Longa
Daquel Cabo	Losuela
Devesa	Maistros, Os
Devesiña	Marcenlos
Eira de Fragoso	Marcos, O
Eira dos Mouros (2)	Meixueiro
Erbeira de Riba	Mexón
Escandeiras	Monte Bo (2)
Espiñeira, A	Monte da Chaira
Espiñeiro da Cruz	Monte da Costa
Espiñeiro, O	Monte da Cruz
Espiño, O	Monte da Feira
Estivadon	Monte da Fervenza
Filgueiras (2)	Monte das Quintas
Fontaiña	Monte de Paiotes
Fonte das Meigas	Monte do Cabalar

Monte do Crego
 Monte Ladrons
 Monte Landrons
 Monte Lourenzo
 Monte Outeiro da Igrexa
 Monteagudo
 Muiño da Ponte da Pedra
 Muiño de Ferreiro
 Muiño de Goio
 Muiño Vello
 Muiños de Xubrei
 Murada, A
 Nabal
 Nabal do Rego
 Nabal, O
 Noias, As
 Ollares, Os
 Oucido
 Outeiro (3)
 Outeiro da Andrela
 Outeiro da Pedra da Cruz
 Outeiro da Rodilla
 Outeiro das Quintas
 Outeiro de Mos
 Outeiro do Mozo
 Outeiro Grande
 Padín
 Padriñan
 Padriñán
 Padrons da Bigoia, Os
 Paiotes
 Pallal
 Palomar
 Pasto, O
 Pedra Salvado
 Pedras Labradas
 Pedreira
 Pedrin, O
 Pegos, Os
 Pena Cabral
 Pena Cabron
 Pena do Cuco
 Penizas, As
 Peon, O
 Pereira
 Pereiras (2)
 Pereiros
 Peza Grande, A
 Pombal
 Ponte da Pedra
 Ponte de Abragan
 Ponte de Barro
 Ponte Leira
 Ponte Nova
 Pontillón, O
 Portela
 Porto Bo
 Porto Bouzo
 Porto das Chedas
 Porto do Rego, O
 Portos, Os
 Portuide (2)
 Pousiños
 Pouso
 Poza
 Pozo das Rans
 Pozos, Os
 Prados da Fonte
 Prados da Ponte
 Prados do Herdeiro
 Presa, A
 Quenlla, A
 Quintas
 Rasteiro, O (2)
 Recostiño
 Recosto
 Recuaño
 Rega de Chil
 Rega dos Piroso
 Rega Grande
 Regas dos Dous, As
 Rego da Laxe
 Regueira
 Regueiro
 Regueiro das Meigas
 Regueiro de Padriñan
 Remesil
 Restreba
 Retortas
 Revolta
 Revolta, A
 Revoltiña

Rigueiriños
 Rio das Quintas
 Rio Umia
 Sagrada
 Sagradiña
 Salgueiro, O
 Sariña, A
 Senra dos Canos
 Senra, A
 Sequeiros
 Sieira
 Sieira, A
 Sobre da Fonte
 Sobre do Muiño
 Souto, O
 Su Barro
 Su Campo
 Su Castro
 Su Valo
 Sua Presa (2)
 Sua Presiña
 Suas Casas
 Subindo o Monte
 Talliño
 Tallos, Os
 Temes, As

Terreo de Vallesteros
 Terzas
 Tirifa
 Tras da Presa (2)
 Tras da Relfa
 Tras da Veiga
 Trigueira, A
 Tufe
 Urceira, A
 Valiñas, As
 Valiños, Os
 Varaños
 Veiga de Gundeiro
 Veiga de Riba
 Veiga do Crego
 Veiga do Medio
 Veiga Grande (2)
 Veigas da Porta
 Veigas do Crego
 Vidueiros (2)
 Vilaboa
 Vilar
 Volta dos Paxariños
 Xesteira, A
 Xubrei
 Zapateira, A

Cora (San Miguel)

Agro
 Agro da Insua
 Agro das Canas
 Agro de Baiaxo
 Agro do Medio
 Agro do Trigo
 Agro dos Toxos
 Agros dos Calvelos
 Barca da Dorna
 Barranco
 Barreiro
 Barro
 Besada, A
 Cachopeiras
 Cachusa
 Cadris
 Campiño

Campo dos Algarrobos
 Canal dos Chicos
 Canal Vello
 Canales, Os (2)
 Cancela de Riveiro
 Cancela, A
 Carballida
 Carballiño
 Carbia
 Casa da Lora
 Ceña, A
 Cerdiñas
 Cerrada Nova
 Chan do Monte
 Chanciña, A
 Cora (2)
 Cortiña do Regueiro

Costiña, A
 Cova, A
 Cruceiro, O
 Cruceiro
 Cuña, A
 Custedo
 Decoita
 Devesa
 Devesa de Anduxar
 Devesa de Figueiras ou do Rei
 Devesa, A
 Devesiña, A
 Devesiñas
 Eira das Buelas
 Eira de Barcia
 Eira de Crimo
 Eirado
 Espiñeira, A (2)
 Fixó
 Fondo
 Fontao, O
 Fonte
 Fonte da Horta
 Fonte, A
 Fuxacos
 Gonxar
 Gorgullon
 Granxa
 Grota
 Insuela, A
 Lagoas, As
 Lameiriña, A
 Lampaia
 Laxe, A
 Longa da Veiga
 Longras
 Mañufe
 Marcadas
 Meilan
 Mendoza
 Molladas
 Monte das Cabras
 Monte do Pleito
 Monte dos Verdes
 Monte Fuxacos
 Monte Leboriño
 Muiñeira, A
 Muiño da Ceña
 Muiño da Dorna
 Muiño de Crimo
 Mullerido
 Nogueiras, As
 Palomar (2)
 Palomar, O
 Pardiñeiro
 Pastora
 Pazos, Os
 Pena da Gandra
 Peniña, A
 Pereiriños, Os
 Peteleiro
 Pias
 Picho, O
 Picouto
 Pieles
 Piñeirinho
 Piñeiro (2)
 Piñeiro, O
 Pomar
 Pomares
 Ponte Nova
 Poza Barronca
 Poza, A
 Prumal
 Quenlla
 Quintans
 Rais
 Ramil
 Revolta (3)
 Revolta, A
 Sangruñeira
 Seixos, Os
 Sete Cabeceiras
 Sibraldes
 Sieiro
 Sixto, O
 Sobre do Balo
 Sobreira, A
 Sombra
 Sua Igrexa
 Suas Casas
 Taberna, A

Telleira, A
 Toa
 Torre de Cora
 Torrente
 Touriz
 Tras da Viña
 Tras do Muiño
 Traseiras
 Trigos
 Tuxeira da Insua

Vao
 Varcaldas
 Varcela
 Vearis
 Veiga da Fonte
 Veiga da Vella
 Veiguiñas
 Vila Nova
 Vilaboa
 Vilacristi

Couso (Santa María)

Agriños, Os
 Agro da Chica
 Agro de Couso
 Alturas, As
 Ambruñeira
 Avelendo
 Barco
 Barxela, A
 Boquiña, A
 Bouzas, As
 Braña de Couso
 Brañas, As
 Brea, A
 Cachon, O
 Cachopas, As
 Calvelo
 Campos, Os
 Caneiros
 Canle, A
 Canteira, A (2)
 Cañoteira, A
 Carballal, O
 Casa da Escola
 Casa da Veiga, A
 Casais, Os (2)
 Castro
 Castro de Couso, O
 Chan de Alvar
 Chaparreira, A
 Codesal, O
 Correcarballo
 Cortiña do Río
 Corxón

Costa de Pias
 Costas de Cobas, As
 Coto Salmoeiro de Couso
 Couso
 Couso, O
 Cruceiro, O
 Cubelo, O
 Devesa de Pernas
 Devesa do Rei
 Eira da Aldea, A
 Eo
 Espadana, A
 Fixón
 Fontenlas, As
 Fontenlo
 Frais
 Garría, A
 Hortas, As
 Lagoa, A
 Maindo
 Monte de Pias
 Muiño de Barco
 Muiño do Calvelo
 Novas, Os
 Pedra, A
 Pego Negro
 Pesqueira[s], As
 Plumares
 Pocenllos
 Pombal, O
 Ponte de Barco
 Ponte de Riba de Veá
 Ponte de Vixo

Ponte do Calvelo
 Ponte Nova
 Ponte Pocenllos
 Ponte Veá
 Prado, O
 Pte. Colgante
 Redondo
 Rego de Areas
 Regueiro, O
 Revolta, A
 Rio Ulla
 Salgueiriño, O (2)
 San José

Sequeiro
 So Balo
 Soutiño, O
 Suas Viñas
 Travesas
 Travesas, As
 Vao, O
 Varxe, A
 Veiga da Ponte
 Veiga dos Barros, A
 Veiguiña, A
 Vixins
 Xesteira, A

Curantes (San Miguel)

A da Mancha
 A de Canaval
 Acibeiros, Os
 Agro de Baixo
 Agro de Cortes
 Agro de Riba (2)
 Agro do Medio
 Agro do Rabecho
 Agro, O
 Alvariñas, As
 Aquel Cabo
 Arreboira
 Arriba da Casa de Pena
 Barreira, A
 Batan, O
 Batocos, Os
 Besada
 Besadas (2)
 Bocas da Veiga
 Bosque, O
 Brañas, As
 Cabana, A
 Cacho Rapado
 Campiño, O
 Campo da Cruz
 Cancela da Serra
 Cancela Grande
 Cancelaos
 Carballeira da Revolta
 Carballeira de Martiño

Carballeira de Riba das Xorxas
 Carballeira do Rei
 Carballeiras das Eiroas
 Carballeiras, As
 Carballo Grande
 Carballo, O
 Cardede
 Carpaceira, A
 Carroceiras, As
 Casa da Cantona
 Casa da Ren
 Casa Vella (2)
 Castiñeira
 Castro, O
 Cerdeiras
 Cerrada da Rega
 Cerrada das Xestas
 Cerrada de Louzao
 Cerrada de Otero
 Cerrada de Recarei
 Cerrada do Arrieiro
 Cerrada do Monte, A
 Cerrada do Penedo
 Cerrada do Roxo
 Cerrada Nova
 Chan de Neto
 Chousa, A
 Chousas, As (2)
 Chousiña, A
 Chouso, O (3)

Cobas de Belao	Leira Grande (2)
Codeseira, A	Leiras Grandes
Cornovas	Leiras, As
Cortes	Loureiro, O
Cortizos	Martinete
Costa Vella	Mato de Egoa
Costa, A	Monte da Barreira
Costas, As	Monte da Codeseira
Coto do Campo	Monte da Richa
Cruz da Portela	Monte de Baixo
Curantes Novo	Monte de Xiadans
Curantes Vello	Montiño do Roxo
Decoita, A	Mourelle, A
Devesa, A (2)	Muiño
Eira da Barreira	Muiños, Os
Eira da Trica, A	Navas, Os
Eira de Baixo	Nogueira, A
Eira de Fontes, A	Nogueiras, As
Eira de Riba	Nosa Eira, A
Eira Maior (2)	Novás
Eira Vella	Ouroanas
Entre os Valos	Outeiriño
Esmoris	Outeiro
Fabeiral	Pedreira (2)
Ferreiras, As	Pena do Foxo
Fieitoso	Pena Frade
Filgueiras	Pena, A
Fonte das Móis	Penas, As
Fontes, As	Peneda, A
Foxo de Lobos	Penedo Grande
García, A	Penedo, O
Gatos, Os	Pepin
Golgas, As	Pereiras, As
Gorgozas	Pereiriñas, As
Gorgullón	Pociño, O
Graxa de Recarei	Ponte de Baixo
Guieira, A	Ponte de Riba
Guimarans, Os	Ponte do Muiño
Herbeiras	Ponte Pousada
Herbeiras da Ponte	Ponte Retorta
Herbeiras do Muiño	Pontigos
Hortiñas, As	Pontillon
Ilesario	Portal da Graxa
Insua, A	Porto do Carro
Lamela, A	Porto, O
Lamiñas	Pousada

Pradiños, Os
 Prado da Devesa
 Prado da Torre
 Prado Grande
 Prados, Os
 Quenlla, A
 Recantos
 Recosto, O
 Rega, A
 Regueiro, O (2)
 Requian
 Revolta, A (2)
 Revoltiña (2)
 Revoltiña, A
 Ribada
 Rozados
 Salgueiral
 San Martiño
 Serra de Brea
 Sinteiro
 Sobre da Fonte
 Soutiño
 Souto da Torre
 Souto de Brea

A Estrada

Acibos, Os
 Agrelo, O
 Agro da Porta
 Besada de Silva
 Braña, A
 Cagallón, O
 Camiño do Castrelo
 Campo Vello
 Cañoteira
 Carballa, A
 Carballeira de Rabo de Gato
 Carballeira do Rei
 Carballo da Pedra
 Cemiterio
 Cerrada de Paseiro
 Cerrada do Sacristan
 Chan, A
 Chapuza, A
 Congostra, A (2)

Su Balo
 Sua Presa
 Suas Veigas
 Torre, A
 Toxeira
 Trigueiras
 Tumbio de Baixo
 Tumbio de Riba
 Tumbio, O
 Valsadas
 Veiga da Cerrada
 Veiga da Eira
 Veiga da Porta (2)
 Veiga de Goriño
 Veiga do Agro
 Veiga do Horreo
 Veigas da Porta
 Veigas Vellas
 Vilanova
 Xesteira, A
 Xesteira
 Xorxas
 Xorxas de Baixo, As
 Xorxas de Riba, As

Corbelle
 Cova, A
 Decoita
 Devesa, A
 Figueroa de Baixo
 Figueroa de Riba
 Fonte da Avella
 Fonte de Eirin
 Fonte de Goiño
 Fonte S. Paio
 Fonte Sion
 Gargalleira
 Golja, A
 Gorgiña, A
 Granxa, A
 Grela, A
 Herbeiras do Jaendo
 Jaendo, O
 Jorgullon, O

Loureiño
 Loureiro, O
 Mamar
 Mourente
 Outeiriño, O
 Paizas
 Pazos, Os
 Pedregal
 Pinal Cuadrado
 Pinar do Paxariño
 Polideportivo Cultural (actual
 Carballeira)
 Ponte do Regueiro
 Ponte do Rio dos Sapos
 Ponte Nova
 Ponte Vella

Portaquinta
 Porto do Liño
 Pozo do Barro
 Ramos, Os
 Rascañeira
 Regueiro
 Revolta, A
 Ribadas, As
 Rio dos Sapos
 Rodeiro, O
 Sexto, O
 Veiga da Igrexa
 Veigas do Medio
 Vilar (2)
 Xestas
 Xión

Frades (Santa María)

Agras, As
 Agro do Mato
 Agro, O (2)
 Agros de Baixo
 Agros de Riba
 Agüeiros
 Alargo, O
 Alto do Forniño
 Ancil, O
 Barreira, A
 Barxa dos Piñeiros
 Bascon
 Braña, A
 Brañeiras, As
 Buxariños, Os
 Cabo da Capela
 Cachons, Os
 Cachepeira, A
 Campiño da Braña
 Campiños, Os
 Campo, O
 Canabales, Os
 Cancelas, As
 Caneira
 Caneira, A
 Cantiño
 Cañoteira

Cañoteira, A
 Carballeira de Baixo, A
 Carballeira de Riba, A
 Carballiños, Os
 Casalpaio
 Castelo, O
 Castiñeira
 Chain
 Chan das Fontiñas
 Chan de Feans
 Chan do Cachopo
 Chan do Pe do Muíño
 Chan do Prado
 Chan dos Carballiños (2)
 Chanciño
 Codeseira
 Codeseiras, As (2)
 Constenlas de Baixo, As
 Constenlas de Riba, As
 Cortiñas, As
 Costa de Casalpaio
 Costa de Vilar
 Costa, A
 Costaneiras, As
 Costiñas
 Cotiliño
 Cotos, Os

Covas do Raposo
 Cruz da Devesa
 Cruz do Valado
 Cubelos
 Devesa do Rei
 Erxal
 Espiño, O
 Espiños, Os
 Fenteira, A
 Fonte Calva
 Fonte da Virxe
 Fonte de As Veiguiñas, A
 Fonte Mulleriña
 Fonte Torreiro
 Fontiñas
 Fontiñas, As
 Forcado, O
 Foxo
 Foxo da Matanza
 Frades
 Goio de Baixo
 Goio de Riba
 Golga de Espiño
 Golga do Souto
 Gorgiño, O
 Granxa de Baixo
 Granxa de Riba
 Granxa, A
 Gunderis
 Gurgullon
 Herbales do Candan
 Lagoa, A
 Leira do Medio
 Leira Longa
 Liñares
 Lornes
 Loureiro
 Mane
 Molendas, As
 Monte das Pedras Grandes
 Monte de Baixo
 Monte de Subión
 Muiño das Eiras
 Muiño de Palomar
 Muiño Vello
 Navales, Os
 Olmo, O
 Onda as Pedras
 Orxales
 Outeiriño
 Outeiriños, Os
 Outeiro (2)
 Outeiro da Barriga
 Outeiro da Espiga
 Outeiro de Chan da Cruz (ou dos Eirados)
 Outeiro de Constenlo
 Outeiro Grande
 Panasqueira
 Paraíso, O
 Pe da Bosta
 Pe da Ponte
 Pedra da Aija
 Pedra do Naval
 Pedra dos Cabalos
 Pedra Furada
 Pedra Mona
 Pedra Queimada
 Pedra Raposiños
 Pedras Aveas
 Pedroso
 Pena da Pedra da Bosta
 Pena de Riba, A
 Pena, A
 Pereiriña
 Pes da Veiga, Os
 Pino de Miranda, O
 Pinos Miudos
 Pleiteadas
 Pociño, O
 Ponte de Requian
 Porta da Eira
 Portabases
 Portela, A
 Porteliña
 Portelo do Muiño
 Porto, O
 Pousiños
 Pouso, O
 Poza, A
 Pradiño, O
 Pradiños

Prado de Fas
 Pundorado, O
 Rando de Baixo
 Rando de Riba
 Raxeira, A
 Regoeiras, As
 Regueiro de Paxariñas
 Regueiro do Forcado
 Requian
 Rosiñas, As
 Silveiras
 Sobre do Rego
 Sobreiriña
 Sope, O
 Soutela, A
 Soutullo
 Su Rego
 Suas Casas
 Subion de Baixo
 Subion de Riba

Tembradoiro, O
 Tombo, O
 Torta, A
 Toxeira de Baixo
 Toxeira de Riba
 Tras das Cortes
 Tras das Morozas
 Tres Legüiñas, As
 Valado, O
 Vaqueiro, O
 Veiga Detras
 Veiga do Chan
 Veiguiña
 Veiguiñas
 Vieiro, O
 Vilar
 Vilariño
 Viveiro
 Xunqueiras, As (2)

Guimarei (San Xiao)

Algalia, A
 Allariga de Riba
 Ameneiral (2)
 Ausendes
 Baiuca, A
 Barreira
 Barreiros
 Bruñide, A
 Campos
 Cantiño, O
 Cañoteira
 Cardavella
 Castro, O
 Cerrada de Maceira
 Chan da Portela
 Chousa, A
 Chousiña
 Chousiño, O
 Chouso, O
 Cogoludo, O
 Conllal
 Costa, A
 Cruz, A

Curro, O
 Decoita, A
 Decoitas
 Devesa, A
 Eiras de Campos
 Eiras, As
 Espingueiras
 Ferverza
 Foxo de Baixo
 Foxo de Riba
 Frances, O
 Granxa, A
 Gudin
 Herbeiras
 Horta Nova
 Igrexa
 Insuas, As
 Lagoa, A
 Lamela
 Mamoas, As
 Mañenta, A
 Mañenza
 Meicaman

Mollarrabo
 Oural, O
 Outeiro
 Outeiro, O
 Ouzamerxe, O
 Paineira, A
 Palomar
 Palomar, O
 Pereiriñas, As
 Pereiro
 Picota, A (2)
 Pinguela
 Ponte Nova
 Porta Cartas
 Portela, A
 Pozo do[s] Mouros
 Prado da Portela
 Prado do Muiño
 Prado dos Aguados
 Prado, O
 Prados de Covas
 Pte. da Pinguela
 Queimadas
 Redonda, A
 Regueiro do Salgueiral
 Reservas, As
 Revoltiña
 Revordiños
 Rial
 Rio da Pinguela
 Rio Liñares
 San Xiao

Sanguiña
 Soutiño
 Souto
 Su Meicaman
 Su Remirón
 Sua Presa
 Sub Regos
 Suo Chouso
 Sureiros, Os
 Tomada, A
 Torontal
 Torre de Guimarei
 Torre, A
 Torrevella
 Toxeira de Cardavella
 Tras do Muiño
 Veiga da Fonte
 Veiga da Igrexa
 Veiga da Porta
 Veiga de Baixo
 Veigas da Fonte
 Veigas do Horreo
 Veigas do Monte
 Veigas dos Marcos
 Veigas Grandes (2)
 Vesada
 Xerliz
 Xesteira, A
 Xesteiras, As
 Xesturas, As
 Xuncal

Lagartóns (Santo Estevo)

Alcaceneira
 Barriouca, A
 Boans
 Boca do Monte
 Bolos, Os
 Bosque, O
 Boticaria, A
 Cacharela, A
 Cadea, A
 Campo da Aldea
 Campo da Batalla

Campo de Xepe
 Campos, Os
 Canton, O
 Carballeira
 Carballeira do Medio
 Carreiro, O
 Cerdeiras, As
 Cerrada da Herbeira
 Cerrada de Gand[a]ron
 Chan de Boans
 Chan, A

Chapurros, Os
 Chouso, O
 Codeseira, A
 Cortiñas, As
 Cortizo, O
 Cruz, A
 Decoita, A
 Fabrica, A (2)
 Ferradura, A
 Fondo de Viso
 Fondon
 Fonte de Porta Senin
 Fonte Raris
 Fontes, As
 Fontiñas, As
 Fouleiro, O
 Foxos
 Frances
 Gandaron
 Golga, A
 Golgiña, A
 Ilesario
 Lamas
 Lameiriña
 Leira, A
 Lugar de Lagartons
 Mollada, A
 Molladas, As
 Mollarrabo
 Monte de Liñares
 Monte, O
 Moreiras, As
 Mota
 Negreira, A
 Nogueira, A
 Outeiro, O
 Ouzamerxe
 Pedriñas, As
 Peneda, A
 Pinal, O
 Pinguela, A
 Plaia Fluvial
 Pociño, O
 Pociños, Os
 Pon[t]e Vella (Ponte caída)
 Ponte da Pinguela
 Ponte da Plaia
 Poza, A
 Pozos, Os
 Prado da Rula
 Prado do Medio
 Prado do Pozo
 Prado, O (2)
 Pte. Liñares
 Pte. Vella (Romanica)
 Ramalleiras, As
 Raxeira, A
 Regueiro da Pinguela
 Regueiro, O
 Revolta, A (2)
 Rio Liñares
 Sabugueiros
 Salgueiro, O
 Sanguifeira, A
 Santestebo
 Senra, A
 Serrao, O
 Sisto, O
 Sobre da Congostra
 Sobre da Eira
 Souto, O
 Su Prado
 Sua Casa
 Sua Mota
 Sus Bolos
 Tatos, Os
 Tras do Muro
 Trigos, Os
 Trigueira, A
 Urces, As
 Valo Novo
 Veiga de Baixo (2)
 Veiga de Sobre do Prado
 Veiga do Campo
 Veiga do Medio
 Veiga do Monte
 Veiga do Rio
 Vento, O
 Xesteira
 Xesteira, A
 Xunquiños, Os

Lamas (San Breixo)

Avelleira, A
 Besada
 Besadiñas, As
 Braña de Vicente
 Brañas
 Brañas, As
 Cancelas
 Capela, A
 Carballal, O
 Carballeira, A
 Carballeiriñas
 Carpaceira, A
 Casariñas
 Cepo, O
 Cerdeiras
 Cerrada de Pena Cova
 Cerrada dos Alambres
 Charco, O
 Chouso
 Chouso, O
 Congostriña
 Costiña
 Cova, A
 Cu de Mouros
 Decoitas
 Desecabo
 Eira da Avelleira
 Eira de Nicanor
 Eiras Vellas
 Esfarelada
 Filgueiras
 Fonte do Seixo
 Fonte, A
 Fontecova
 Galala
 Gandaron
 Gaxinas
 Gullufe
 Herbeiras Grandes
 Igrexa
 Insuas (2)
 Labandeira, A
 Lamas
 Martiza de Vicente
 Outeiriños
 Pedras, As
 Pereira, A (2)
 Pereiras
 Pereiro
 Petelo, O
 Pinal
 Pinal, O
 Ponte da Raposa
 Ponte Sobrado
 Porta de Lamas
 Pradiño, O
 Prado, O (2)
 Quenllas, As
 Raposa, A
 Regueiras
 Reguiña, A
 Revolta, A
 Revoltas, As
 Revoltiñas
 Riales, Os
 Riamonde
 Rio de Gullufe
 Rodo
 Rodo, O
 San Louzans
 Sequeros
 Sobrado
 Sobre do Camiño
 Souto de Riba
 Souto, O
 Su Aldea
 Su Pallal
 Sua Aldea (2)
 Suas Hortas
 Tafona, A
 Tras do Valo
 Traveseiras
 Valiños
 Veiga da Eira
 Veiga de Baixo
 Veiga de Leña
 Veiga de Pilara
 Veigas da Eira
 Veigas de Baixo
 Xesteira (2)
 Xesteiras, As
 Xesteiriña

Liripio (San Xoán)

Abelao
 Aguillon, O
 Alargo, O (2)
 Ameixeiras
 Barban
 Barcias, As
 Batan, O
 Besada Vella, A
 Besada, A
 Besadas (2)
 Besadiñas, As
 Bosque, O
 Braña, A
 Brixel
 Bugalla
 Bugalliña
 Burata dos Teixos
 Cabanelas
 Cabo da Veiga
 Cacharon, O
 Camiño da Virta
 Campo, O
 Canda
 Canteiros, Os (2)
 Cañoteira, A
 Capela
 Carballiños, Os
 Carballo
 Carballos, Os
 Carreiro da Fonte S. Juan
 Casa dos Fornos
 Castiñeira Darriba, A
 Castiñeira, A
 Cerrada Dabaixo
 Chairas, As
 Chenlo, O
 Chousiño, O
 Corredoiras
 Cortiña, A (2)
 Cortiñas, As
 Cortiñon
 Costa
 Costa da Brea, A
 Costa, A
 Costas, As

Cubeliño
 Currás, O
 Decoitas
 Devesa de Baixo
 Devesa de Fora
 Eira dos Mouros
 Encima do Regueiro
 Escote, O
 Espiñeira
 Espiño Grande
 Esqueiro, O
 Facha, A
 Figueira, A
 Fontas
 Fonte de San Juan
 Fonte do Cuco
 Fonte do Gorgullón
 Fonte Grande (2)
 Fonte Pequena (2)
 Fonte, A
 Fontes, As
 Fontiñas
 Forno, O
 Forzado, O
 Fuxiñas
 Gorgullón, O
 Granxola, A
 Igrexa
 Illón, O
 Infermiño, O
 Jobia, A
 Lagoa, A
 Laguela
 Laxes, As
 Leira Longa
 Leiriñas
 Lisó
 Malato, O
 Medias, As
 Mosqueiro
 Muiño das Laxes
 Muiño do Abelao
 Naval Dabaixo
 Naval, O
 Novás, Os

Outeiro
 Outeiro Blanco (2)
 Outeiro da Gata
 Outeiro do Can
 Outeiro Grande
 Outeiro Patelo
 Outeiros, Os
 Pallal
 Paraño, O
 Pazo da Serra
 Pazota, A
 Pedra Madanela
 Pedra Valiñas
 Pedriñas Blancas
 Pena da Lebre
 Penalta, A
 Penelas (2)
 Pereiriñas
 Pereiro, O
 Picouto
 Portela
 Porteliña
 Portelo do Crego
 Portos dos Rios
 Portos, Os
 Pouso
 Pozas
 Pozo da Fabrica
 Pozo de Urzal
 Pozo do Abelao
 Pradiños, Os
 Prado, O
 Pumares
 Quintas, As
 Quinteiro Dabaixo
 Quinteiro de Arca
 Raposeiras
 Raposo, O
 Redouza
 Rega da Serra
 Rega das Carballas
 Rega do Valcobo
 Rega dos Ladros
 Rega dos Piro
 Rego da Portela
 Regueiras
 Regueiro
 Regueiro das Santas
 Regueiro de Canda
 Regueiro, O
 Revolta, A
 Revoltas, As
 Ribada, A
 Rio da Devesa
 Rio do Esqueiro
 Rio Pequeno, O
 Rio Umia
 Rio, O
 Rubial, O
 Sabruñeiros
 Salgueiras
 Sete Fontes (2)
 Sobre Baiuca
 Sobre do Muíño
 Soutiño
 Soutullo
 Su Picouto
 Sua Igrexa
 Sua Lomba
 Sua Serra
 Sua Silveira
 Suas Casas
 Sulleiros (2)
 Tras da Silveira
 Tras de Vilanova
 Travesas, As
 Trigueiras
 Urzal, O
 Valcovo
 Valiñas
 Veiga da Cal do Ferreiro
 Veiga Darriba
 Veiga de Riba
 Veiga do Muíño
 Veiga Vella, A
 Veigas de Baixo
 Videiros, Os
 Vilas Novas
 Xagón
 Xestas
 Xesteiras, As

Loimil (Santa María)

Agriño
 Agro da Maceira
 Agro da Pedra
 Agro de Chenlos
 Agro de Foxos
 Agro de Pardellas
 Agro do Camiño Real
 Agro do Casal
 Ameixeira
 Apretadiño, O
 Areal
 Bañiño
 Barcia de Baixo
 Barcia de Riba
 Besada
 Bosque, O
 Braña, A
 Brañas, As (2)
 Brañon, O
 Cacharela, A
 Camiño do Badoiro
 Campiños, Os
 Cancela, A
 Cancelas
 Cañeira, A
 Capellana, A
 Carballas, As
 Carballeira
 Carballeira de Fuentes
 Carballeira do Rei
 Carballeira Nova
 Carballeiras de Ulloa
 Carballo, O
 Casares, Os
 Cerradiño
 Chenlos
 Chousa da Gandara
 Chousa das Brañas
 Chousa dos Ferreiros
 Chousas Novas
 Chousas Vellas
 Chouso [dos] Breices, O
 Chouso Novo
 Chousos do Renque
 Cima da Cruz

Codeseira
 Costa da Capela
 Costa de Loimil do Carballo, A
 Costedo
 Costiña
 Coto do Rollo
 Coto Queimado
 Croeira
 Devesa, A
 Eira da Lista
 Espiño, O
 Estanco, O
 Faqueons
 Figueredo
 Fonte da Sobreira
 Fonte de Calvos
 Fonte de Maceira
 Fonte de Portomouro
 Fonte do Soutiño
 Fonte Seca
 Fonte Virtudes
 Fonte, A
 Gundaris
 Guterre de Baixo
 Guterre de Riba
 Igrexa
 Ilesario, O
 Ladros, Os
 Latigo
 Lobrigo
 Loimil do Carballo
 Lombaos
 Longras
 Maceira, A
 Marquiño, O
 Mians
 Miralda, A
 Miudás
 Monte Aberto
 Monte de Riba
 Monte Pequeno
 Montecelo
 Montes, Os
 Muiños
 Mulareda

Naval
Negral
Novas
Outeiro, O
Pallares
Palomar
Pardellas
Pedrouzo (2)
Penaporrin
Peneas
Peneda Torta
Pereira
Pereiras, As
Pereiro, O
Poza, A
Prado do Cura
Prado Vello
Pumariño
Quenlla, A
Quenllas
Raiz
Raposo, O
Regengo
Renllas
Revoiriño

Revoiro
Revolta, A
Rigueira
Rigueiriño, O
Rigueiro
Riomao
Salgueiriños
Salgueiro, O
Sedra
Sobreira
Soutiño (2)
Soutiño, O
Souto
Suas Hortas
Tallon
Tres Sobreiras, As
Trigueira, A
Valcornido
Valoira
Vento
Viseo, O
Xesta
Xesteira, A
Zanca de Riomao
Zañea



Catálogo da colección Ramos Vázquez.

I. 1538-1743

Damián Porto Rico

Outro ano máis adicamos unhas páxinas deste número á recuperación do patrimonio documental estradense: eses papeis vellos que, cando non foron transformados en cinzas nalgunha lareira, ficaron esquecidos en sotos e faiados, comestos das arañeiras, vítimas dos fungos e, no peor dos casos, da desidia.

Destá xeira debemos a don Ricardo Ramos Vázquez a conservación dunha serie de documentos que, partindo do ano 1538 chegan case aos nosos días, constituíndo un interesante material para ampliar o coñecemento do acervo histórico do noso concello.

O intervalo de datas da colección sitúase entre 1538 e 1956 e, malia que o volume da documentación apenas chega ao metro lineal, pódese seguir ca súa lectura o devir da nosa comarca ao longo de máis de catro séculos.

Trátase de papeis que nos falan da historia dos nosos devanceiros a través das vicisitudes das terras e das xentes: desde cóngos catedralicios en Compostela ata freidurías de peixe en Cádiz; desde os morgados ate a emigración a Cuba; desde a fundación da capela de Nosa Señora da Paz ate as rendas detraídas do rural cara ás vilas e cidades; de mortes prematuras no estranxeiro; de tise; de vodas; de partillas entre irmáns esnaquizándose por uns ferrados de miseria.. .



Enfín, páxinas de Historia con maiúsculas -ou de microhistoria ou historia en migallas, como lle queiran chamar- que debemos á custodia e interese de don Ricardo Ramos.

Está claro que a pretendida obxectividade e asepsia que, a dicir de algúns, debiera caracterizar os traballos de Historia en xeral e de Arquivística en particular, tórnase imposible logo de ler varios milleiros de páxinas nos que xurden feitos cando menos calificables de inmorais. A indiferenza desaparece e da paso mesmo ao apaixonamento e á xenreira ao ler pasaxes nos que agroman inxustizas manifestas e abusos de poder de diversa índole: os manexos, cando menos turbios, mediante os que certas familias reuniron o seu patrimonio saen á luz cando os papeis vellos nos comunican os seus segredos. Mesmo un sorriso sarcástico do lector actual non poderá disimular a indignación que debeu sentir noutrora a veciña do lugar de Pousada que veu lexitimado o dereito co que a “xustiza” amparaba ao seu veciño –o señor Recare– para matar as galiñas que se achegasen a súa horta. Ou a impotencia que embargou a outros labregos cando o mesmo suxeito acadou que lles impuxesen fortes sancións se ousaban sequera transitar co seu gando polas brañas de Lamas... Moi ben




expresa certa querela da colección actos desta índole, decindo que “*ejecutan con mano de rico diversas libertades*”¹.

Aínda máis sorprendente resultará atoparse –non hai nada novo baixo o sol– con problemas que incluso a día de hoxe seguen producíndose: desde edificacións fóra da lei ate pugnas polo dereito a desfrutar das augas: velaí temos o pedimento presentado para parar e derrubar a obra dun muíño a finais do XVIII, por ter sido construído de xeito fraudulento².

Teñen asemade cabida na temática da colección os protoespeculadores e os manexos que se tecían, xa daquela, nos concellos polas oligarquías locais: un exemplo sen desperdicio vémosto na queixa presentada polo alcalde de Chapa en 1838 contra don Manuel Recarei “*arrendatario de las rentas del expriorato de Carboeiro que debían cobrarse y pagarse según costumbre inmemorial a los precios fijados por dicho Ayuntamiento*”. Pretendeu o Recarei (que en 1843-44 chegou a ser alcalde da Estrada) que eses prezos fosen fixados coa asistencia dun par de amigos influíntes como peritos: o deputado provincial don Bieito Espinosa e do Administrador de Rendas Estancadas do Foxo, “*y como no hubiesen hallado más que cinco regidores de polaina, débiles y sin experiencia, después de varios razonamientos consiguieron formar una*

1 Signatura 0085.

2 Signatura 0161. Tamén son ilustrativas ao efecto as signaturas nº 0265 e nº 0390.



acta conforme con los designios del mencionado Recarei que lo presenciaba”. Así, este individuo acadou que os conce lleiros asegurasen a cobranza ao prezo que desexaba “ofreciendo a aquella corporación no se les molestaría por la multa” que resultase do feito. “Cobró el expresado Recarei las mencionadas rentas con costas exhorbitantes”³: non hai nada novo baixo o sol.

Máis anecdóticos son os datos referidos a outros lugares de contubernio, como as tabernas no rural estradense no século XVIII, os muíños e batáns ou a feira na carballeira da Bemposta.

Mesmo hai lugar para as loitas carlistas, que tiveron en Tabeirós un escenario privilexiado⁴ no que atopou o seu fin o cardeal Goróstidi. Ou para os primeiros fenómenos de cooperativismo agrario –máis que relevantes na nosa bisbarra– a xeito de parte da documentación do Sindicato Agrícola de Pardemarín⁵.

Aínda os fenómenos máis característicos do capitalismo e do neoliberalismo, tais que os investimentos accionariais, os primeiros aserradeiros movidos polas augas dos ríos (xérmolo do actual sector moleiro, que a día de hoxe se transmutou nunha ameaza para estes mesmos cauces) ou a urbanización da vila no século XX, están representados nesta interesante colección⁶.

3 Signatura 0238.

4 Por exemplo a signatura 0215, que alude ao roubo polos facciosos da Administración do Foxo.

5 Signatura 0252.

6 Signaturas 0348 e 0394.

Catálogo

Reproducimos a continuación as fichas do catálogo da colección, aínda que unicamente con tres campos: signatura, datación e contido de cada documento, pois inserir a totalidade dos campos excedería no só os límites deste traballo, senón a paciencia do máis contumaz e entregado lector.

0001

S. D.

Árbores xeneáloxicas da familia en catro follas: unha de las corresponde aos Valadares, partindo da nai de don Alonso Valadares, casado con dona Inés Louzao. Tiveron por fillos a dona Rosa (casada con don Pedro de Pazos) e aos seus irmáns, os cóngos don Xoán Antón e don Bernardo.

De dona Rosa e don Pedro quedaron catro fillos: dona María Xoana –que morreu sen descendencia–, dona Paula, dona Alexandra e dona Bieita. Este última, casada con don Xosé Recarei, tivo por fillos a don Xurxo (sacerdote) e a don André Xosé (casado con dona Xosefa Salgado)

Outra árbore parte de don Pedro de Pazos e continúa con cinco xeneracións máis dos Pazos.

Outra parte dos fidalgos don Pedro Alonso Ortiz e dona Xoana Martínez. Continúa con don Diego Ortiz, casado con dona Catalina Rodríguez. Con don Pedro Ortiz e dona María Pérez (terceira xeneración, que testou no 1544), don Tomás Ortiz e dona María Álvarez (morta en 1600) e remata en don Pedro Alerbte Ortiz e Recarei, que “fue Capitán que vivió en Bergantiños y como más viejo llevó el Vínculo de Río Seco”, casando con dona Xoana Abelenda. A sexta xeneración está composta polo Inquisidor don Antón Ortiz e a sétima por don Pedro Pablo Recarei e Ortiz e dona Ánxela Bermúdez de Castro e Figueroa, que “vivieron en la Torre de Guntín”. Destes descende don Xosé Recarei e Ortiz, casada con dona Bieita de Pazos Valadares. E tamén don André (sacerdote), don Xoán (rector de Mercurín), dona Lucía.. .

0002

1538/12/08-1539/07/15

Copia de escritura na que o Comendador e frailes do convento de Santa María de Conxo en cabido, aforan o lugar e casal da Pena (Santa María de Rubín), “todo destruído e malbaratado y enajenado por muchas personas que lo tienen entrado y ocupado [...] e si por el dicho monasterio e nos en su nombre no fuese remediado se perdería y enajenaría cada día más”. “Y para lo haber de sacar de las tales personas que lo tienen entrado”, e como don Lope de Lousada era escri-

bán da Audiencia Arcebispal e atendía algúns preitos sen levarlles dereitos ao mosteiro, fixéronlle foro do lugar, para que llelo sacase ás persoas que alí vivían.

0003 **1560/03/06**

Copia de carta de aforamento de “Pedro de Centroña, clérigo del beneficio parrochial de Santa María de Rubín” a Domingo de Lousada, veciño de Compostela, dos lugares e casares de Rubín pertencentes á dita igrexa: “Uno de ellos lo tiene Juan da Vila, labrador, y el otro lo solía traer Gonzalo do Vede [...], con más la casa en que solía vivir Gonzalo Osorio, juez que fue de Tabeirós, que es distinta y apartada de estos dichos lugares”, por tempo de 5 voces e 29 anos e por pensión anual de oito reais de prata pagadeiros por día de Nadal aos cregos de Rubín.

0004 **Século XIX**

Copia das incidencias dun preito sobre o casal da Pena, entre Berenguela Sánchez de Moscoso, viúva do rexedor de Compostela Domingo de Lousada, e varios veciños. Conserva copia do poder de 15 de maio de 1603.

0005 **1608**

Copia de escritura de venda de María da Somoza a Fernando da Somoza de media fanega de pan de renda en Santa Baia de Pardemarín.

0006 **1634/07/06**

Copia da escritura de venda outorgada no lugar de Figueroa (San Paio de Figueroa) por Xoán da Somoza (de San Xoán de Meavía) a Francisco da Somoza (de Santa María de Olives) da parte que lle correspondía nos lugares da Somoza e dos Bispos en Olives, “así de casas como de heredades, montes, árboles, aguas y molinos” por 16 ducados.

0007 **1653/02/04**

Copia de escritura de convenio para reparto dos bens que fincaran de Fernando da Somoza e Eufemia de Recemil en Santa María de Olives.

0008 **1653/03/12**

Copia do testamento de Fernando da Somoza e da súa muller Eufemia de Recemil: mandan que os seus corpos sexan soterrados na igrexa de Olives “en sepultura que tienen dotada”. “Item mandaron se lleve a ofrecer con cada uno de sus cuerpos a la dicha iglesia el día de sus entierros por cada uno una anega de pan y un carnero y un cañado de vino”. Posuían o lugar de Fontefría en Santa María de Graba.

- 0009** **1648/11/29**
Copia do pedimento e demais autos sobre fe da legalidade de escrituras de compra efectuada por Fernán da Somoza (de Santa María de Olives) ao seu irmán Estevo, rector de San Pedro de Quintillán no ano 1620 en Rellas.
- 0010** **1656/03/27-1656/06/26**
Despacho e autos sobre posesión de bens no lugar da Somoza (Santa María de Olives) entre Pedro da Somoza e Martiño Touriz.
- 0011** **1658/07/14-1658/08/08**
Copia de querela sobre aproveitamento, rozas e estivadas no monte da Somoza (Santa María de Olives) entre Pedro da Somoza e André Valadares (este último da parroquia de San Xoán de Meavía).
- 0012** **1660/03/04**
Copia de escritura de venda de 6 ferrados de centeo de renda de Pedro do Porto a Gregorio Louzao, de San Miguel de Curantes.
- 0013** **1661/11/29**
Copia de escritura de dote de Sabela da Somoza (que casou con Bertomeu dos Balseiros), feita por Alonso da Somoza e Inés da Vila en 1617. Para que se casara déranlle “dos vestidos, el uno de fiesta y el otro ordinario, según uso y costumbre de la Tierra de Tabeirós donde vive y de labradores; dos bueis de valor de diez ducados y dos vacas [...], veinte roxelos de cabras y ovejas” e 1/9 parte do lugar da Somoza (Santa María de Olives), que era de foro do mosteiro de Santa María de Acibeiro.
- 0014** **1687/02/19**
Copia de escritura de arrendamento polos relixiosos de Santo Domingo de Santiago de dúas casas e un celeiro no lugar de Pousada (San Miguel de Curantes) por tres anos a Fernando de Valadares por doce ferrados de trigo.
- 0015** **1669/04/06**
Copia de escritura de cesión e obriga de venda xudicial sobre as casas e lugar de Fontefría (Santa María de Graba).
- 0016** **1662/07/12**
Copia de escritura de venda de Xoán da Somoza (veciño de Carrión de los Condes) aos seus irmáns Pedro e Xácome da parte que lle correspondía nos lugares da Somoza, dos Bispos e dos Loises en 1661 por 24 ducados.

0017 **1674/04/12**
 Xuízo civil de posesión entre Xoán de Leis, veciño de Compostela, con Xoán García, de San Martiño de Marzoa.

0018 **1672/09/10-1673/09/12**
 Atado con copias de escrituras de vendas: outorgada a primeira por Pedro Méndez e Xácome Gómez en San Martiño de Marzoa en 1672 a favor de Domingo Xil de Quintela, Procurador de Causas de Santiago de Compostela, dos ? de ? da cerradura e chousa dos Ramos.
 Segue outra a favor do mesmo Domingo Xil de Quintela doutra porción similar na mesma chousa e os autos de posesión.

0019 **1676/12/27**
 Copia de escritura de cesión e acollemento de foro de Luís de Cortes (veciño de Santo Amedio de Moalde) de 1/3 parte dos lugares dos Bispos, da Somoza e Caldeiralba (en Santa María de Olives) a Xácome de Valadares e á súa muller.

0020 **Circa 1718**
 Memorial de cláusulas do testamento de Domingo Xil de Quintela e dona Tareixa de Cancio e Vilar, de 1675, con árbores xenealóxicas dela. Destas infírese que casou en primeiras nupcias con Francisco López, tendo por filla a dona Antía María de Cancio e Vilar, que casou co familiar do Santo Oficio Domingo de Recarei e Abelenda. A súa segunda filla casou con don Antón Suárez de Armesto, Procurador nas Audiencias de Santiago de Compostela.
 Tivo un segundo matrimonio sen fillos con Domingo Xil de Quintela. Este casou ao quedar viúvo con dona Ana Velo de Souto en 1677.

0021 **1656/02/10**
 Despacho librado a instancia do rector de San Tirso de Mánduas sobre o vínculo do lugar da Vila en San Salvador de Pazos de Arenteiro.

0022 **1674/04/10-1679/12/29**
 Atado con copias de escrituras de venda de dereitos de rendas, efectuadas por Silvestre Besteiro e a súa dona, Ana Rei (de San Vicenzo de Berres) “por hallárense menesterosos de dinero”, a favor de Bieito de Pazos (de San Martiño de Riobó), que pagou “en una taza de prata sobredorada con una concha de Santiago en medio”.
 Tamén hai unha solicitude de rebaixa da renda debida por Ana Rei polo lugar dos Besteiros (San Martiño de Riobó), xa que “de algunos años a esta parte no

había podido pagar la dicha renta por habersele muerto dicho su marido y la mucha esterilidad del tiempo”. Actúa como testemuña don André Fernández de Deza e Taboada, “Señor de la Cervaña vecino de la feligresía de San Salvador de la Cervaña”.

0023 **1677/11/09**

Copia de escritura de venda de Bertomeu Louzao a Xácome de Valadares e á súa muller María de Sanmartiño (de Santa María de Olives) o 2 de xuño dese ano de toda a parte de bens que lles correspondían no lugar da Somoza, en prezo de sete ducados.

0024 **1659/08/08**

Copia de escritura de adquisición de bens no lugar da Somoza (Santa María de Olives) por Xácome de Valadares e Pablo da Somoza, por 26 ducados.

0025 **1676/06/10**


Copia de escritura de cesión dunha quinta parte do lugar de Fraíz (Santa María de Olives) a Xácome de Valadares polo veciño de San Salvador de Escuadro Pedro de Orosa. Este, por ter morto a súa muller e terse ausentado a súa filla, alegaba non poder pagar a renda e traballar eses bens: porén lle cedeu 1/5 parte ao Valadares, constituíndose por caseiro e colono seu nos bens que noutrora lle pertencían.

0026 **1678/07/08**

Copia de escritura de venda realizada -como a precedente- “junto a la hermita del Señor San Amaro, términos de la feligresía de San Juan de Meavía” por Xoán de Ribas e a súa muller xuntamente con André Besteiro, que venderon a Pedro da Somoza e a Xácome de Valadares (veciños de Olives) parte do lugar da Somoza “con todas sus casas, casares altos y bajos, heredades labradías y monterías, soutos, dehesas, prados, molinos y aguas de riega”, que eran de foro do mosteiro de Acibeiro. Ao mesmo tempo constituíronse “por sus caseros, colonos, inquilinos y precarios poseedores”.

0027 **1685/10/20**

Copia de escritura de acollemento de foro realizada por Melchor, Santiago e Gregorio Maceira (de San Miguel de Curantes e San Martiño de Riobó) a favor de Francisco García (de Santa María de Rubín) “del monte que se dice do Tumbio, que demarca con molino de Gregorio Louzao y con molino del otorgante”.



- 0028** **1696/04/10**
Copia de escritura de foro do convento de Conxo a don André Mariño, do lugar e casal da Pena (Santa María de Rubín) en 1696. Cómpre lembrar que en 1538 o convento aforara o lugar a Lope de Lousada “con el derecho de presentar el beneficio de Santa María de Rubín que andaba y anda anejo a dicho casal”. Posteriormente o convento puxera demanda contra don André Romero Mariño de Moscoso “Señor de la fortaleza de Barco, solar de los Romeros, vecino de la feligresía de San Lorenzo de Matasueiro”, sucesor de Lope de Lousada, ao que fixeron novo foro. Mais, como nestas datas “se halla unido al dicho beneficio el de San Breijome de Lamas, cuya unión se hizo sin consentimiento de este convento por los causantes de dicho don Andrés Mariño”, agardaban que se estipulase a desunión (“para la qual hay lexítima causa como es la de tener cada uno de por sí congrua suficiente”) “y, de hecha que sea, queda in solidum el derecho de presentar el referido de Rubín a este convento y persona que su derecho tuviese, y el de San Breijome de Lamas al dicho don Andrés Mariño y sus sucesores”.
- 0029** **1698/08/05**
Copia de escritura de venda de Xerome das Pereiras a Alonso Valadares dunha herdade no lugar de Pousada (San Miguel de Curantes) outorgada o ano anterior.
- 0030** **1698/08/04**
Copia da escritura pola que, no 1697, Xosé Sánchez e María Pereiras venderan a Alonso de Valadares unha herdade no lugar de Pousada (San Miguel de Curantes).
- 0031** **1698/08/04**
Copia da escritura de venda de Clara de Brei a Alonso de Valadares da peza chamada da Fonte da Gafa, no lugar de Sobrado (San Breixome de Lamas), o ano anterior.
- 0032** **1699/10/30**
Copia de escritura de venda da herdade de Coita, no lugar de Pousada (San Miguel de Curantes) realizada en 1695 a Alonso de Valadares e ao seu cunhado Francisco Louzao por Dominga Patiño -viúva- e seu fillo.
- 003** **1699/05/13-1791/03/24**
Atado con copias de adquisicións efectuadas nos anos finais do século XVII por Alonso de Valadares no lugar de Pousada a Xosefa Liz e Domingo Louzao e outros. Tamén das compras realizadas no XVIII por don Xosé Recarei Bermúdez a Francisco Fernández no lugar da Somoza de Santa María de Olives.

- 0034** **1696/07/19-1715/12/29**
Atado con copias de escrituras de adquisicións efectuadas por Simón Rodríguez, de Santa María de Rubín, nos lugares da Pena de Alén e do Mato desa freguesía.
- 0035** **1679/08/18-1742/02/14**
Atado escritura de venda e os seus autos pertinentes de herdades en Ponte Pousada (San Miguel de Curantes) por Alonso de Valadares.
- 0036** **1725/07/30-1725/08/01**
Dona Andrea Lousada Reimóndez e don Xosé Xacinto Álvarez, veciños da cidade de Lugo, arrendan o prado da Fonte Sollán de Abaixo a Alonso Valadares.
- 0037** **1648/03/02**
Copia de escritura de venda outorgada no 1612 a Fernando da Somoza e autos de toma de posesión dos lugares de Cascaxide e Vilán (San Salvador de Escuadro).
- 0038** **1775/12/15**
Copia do testamento de dona Rosa Valadares, viúva de don Pedro de Pazos, veciña do lugar de Pousada (San Miguel de Curantes). Mellora en tercio e quinto dos seus bens a unha das súas 3 fillas vivas, dona Bieita, casada con don Xosé Recarei.
- 0039** **1720/05/23**
Recibo e licenza outorgados por don Xacinto Álvarez de Neira e Reimóndez (veciño da cidade de Lugo), que se obriga a pagar a Alonso de Valadares 320 reais que este lle prestara, dándolle ademais poder para que granxease os bens que posuía no lugar de Pousada, e que labraba o caseiro Francisco de Liz mentras non cobrase.
- 0040** **1745/06/19**
Mandamento aos caseiros e levadores de bens e rendas da capelanía de Nosa Señora da Asunción incluída na parroquial igrexa de Santa María de Graba e copia do título fundacional dela de 9 de marzo de 1699, efectuada polo licenciado Pablo de Valadares, crego de menores ordes veciño de Santa María de Olives. Entre os bens dotais figura unha casa no lugar de Fontefría da devandita parroquia de Graba.
A capelanía vacara e opuxérase a ela o tamén crego de menores don Rosendo Somoza con presentación de don Xoán Antón Valadares, sobriño-neto do fundador.

- 0041** **1701/07/13-1701/06/30**
Atado con escritura de doazón efectuada por Domingo Maceira e Helena Besteiro do lugar e casas de Pousada (San Miguel de Curantes) e preito inconcluso. Acompaña copia do ano 1688.
- 0042** **1704/01/16**
Copia de escritura do ano 1703 pola que Antón do Porto e a súa irmán Apolonia, de Curantes, venden a Alonso de Valadares a parte que posuían no souto da Devesa “con sus castaños y robles”, no lugar de Pousada.
- 0043** **1704/03/01-1704/08/08**
Copia de escritura pola que Alonso de Valadares adquiriu de Francisco de Liz e da súa muller un censo redimible de 9 reais. Acompaña toma de razón na Contaduría de Hipotecas.
- 0044** **1705/03/09**
Copia de permuta de propiedades en Santa María de Rubín entre Simón dos Balseiros e Simón Rodríguez.
- 0045** **1705/03/20**
Copia de escritura de venda efectuada por Domingo de Ferradáns e Catalina de Abelleira (de Santa María de Rubín) a Simón Rodríguez de parte dunha herdade no lugar de Pena de Alén.
- 0046** **1708/05/01**
Copia de escritura da venda outorgada por Gregorio Pouso (de San Breixome de Lamas) e Carlos Pouso (de Santa María de Rubín), venderon a Alondo de Valadares (de San Miguel de Curantes) a herdade de Lamas, na parroquia do mesmo nome.
- 0047** **1710/01/01**
Copia de escritura da venda outorgada por María Pouso e María de Sanxurxo (de San Breixome de Lamas) a Alonso de Valadares dunha herdade do lugar de Sobrado, instituíndose por colonas.
- 004817** **19/03/07**
María Ares e Pascual Chaveiro venden a Xoán da Lama, crego e rector de San Tirso de Mánduas, un anaco de monte en San Salvador de Pazos de Arenteiro.

- 0049** **1711/06/21**
 Xoán e Francisco do Porto –entre outros- venden a Pedro de Pazos (de Santa María de Graba) renda en gran en Santa María de Loimil. Acompaña memorial de prezo do último cuarto do século XVIII.
- 0050** **1712/05/13**
 Domingo e Inés de Ferradáns, entre outros veciños de Santa María de Rubín, venderan a Simón Rodríguez a herdade da Pena nesa parroquia en 1711.
- 0051** **1767/10/21**
 Prorrateo das cargas dos bens do lugar de Sobrado. Esto é, dos bens adquiridos de Xoán Balseiros e de Xoana Bernárdez e das cargas que os que os mercaran debían satisfacer a don Xosé Recarei, á súa muller e irmáns, á fábrica parroquial de San Miguel de Curantes e a don Alberte Paseiro, de San Martiño de Callobre.
- 0052** **1706/09/04-1710/05/11**
 Memorial dos bens adquiridos polo licenciado don Xoán do Porto, presbítero veciño de Curantes, en Santa Baia de Pardemarán -lugar do Mesadoiro. Adquiridos de Pedro dos Balseiros e a súa dona, ca auga de rega correspondente. Acompaña escritura de venda de Apolonia García, viúva de Antón de Andújar, dunha leira na Veiga Grande do lugar do Mesadoiro a don Baltasar Gómez de Castro, de Santiago de Tabeirós.
- 0053** **1740/03/08-1840/06/13**
 Atado con memoria dos bens e adquisicións sitios en San Miguel de Castro, Santa María de Olives e Santo Amedio de Ribadulla, con autos de posesión dos mesmos. Forma parte do remate da testamentaría do cóengo don Pablo Valadares e Somoza e acompaña copia de cláusulas de codicilos outorgados por este individuo, sobriño do coma el cóengo de Santiago don Bernardo Valadares.
 Segue cédula de subhasta de bens da súa propiedade no lugar de Constenla (Santa Mariña de Ribeira) que foron mercados logo de reñida poxa por don Xoán Antón Valadares e Somoza, sobriño do defunto.
 A portada deste atado está formada por unha carta de 1840 de Xosé María Paseiro ao señor don Manuel Recarei.
 O atado remata con outra carta que desde Cádiz lle foi enviada por Antón Somoza a don Manuel Recarei o 4 de xuño de 1840.

0054**1751/01/15-1855/04/24**

Contén:

Copia da licenza para facer a capela de Nosa Señora da Paz: documento no que se afirma que don Xoán Antón Valadares e Somoza, cóengo de Santiago natural do lugar de Pousada (Curantes) “tiene intención y devoción de fabricar una Capilla o hermita a honor y reverencia de Nuestra Señora de la Paz en dicho lugar de Pousada, dotándola de alguna renta para su reparo y decencia, y que en ella se pueda celebrar el Santo Sacrificio de la Misa para consuelo de los fieles y alivio de los vecinos del referido lugar, pues por estar muy distante de la parroquia con un río en medio, sucede muchas veces no oirla”.

Segue informe do cura, coincidente co fundador; e a escritura de dotación da capela ca súa parte da lexítima que lle tocaba da herdanza do seu pai, don Alonso Valadares, no lugar da Somoza (Santa María de Olives) e que incluía parte dun muíño.

A continuación decreto de aprobación do Ordinario “para que pueda fabricar la hermita de Nuestra Señora de la Paz en el lugar de Pousada, con tal que se haga separada de las casas en el sitio público, y con la puerta principal hacia el camino real”.

A bendición da capela, o 16 de agosto do 1751.

Acompaña copias de vendas no lugar de Pousada e no monte do Tumbio, efectuadas por Xosefa Pérez, Bieita, Tomasa e Lucía Mella.. a Manuel Recarei. E oficio cunha orde para mandar cortar as ramas dos castiñeiros de Rosalía Fernández nese lugar que “estaban causando daño al terreno cerrado de don Manuel Recarei”, conminando á mesma muller a que evitase “por todos los medios que estén a su alcance el que sus gallinas causen [...] daño en la huerta del indicado Recaray”. Dispoñendo que “se dará por remunerado de tales prejuicios el demandante con matar las que dentro de dicha huerta halle”.

Tamén autos de 1841 “sobre la composición de un molino sito en los términos del lugar de Pousada”, polos que don Xoán García foi obrigado a arranxar o enxeño en cuestión e poñelo a disposición de don Manuel Recarei “para que pueda moler a su satisfacción la harina que precise”.

Recibos, escritura de permuta e traslaciós de dominio.

0055**1790/12/10-1813/11/22**

Atado con vendas e arrendamento realizados a Pedro Pena (de Santa María de Rubín) de herdades en San Martiño de Callobre. Acompaña borradores de contas, anotacións contables e peritaxe de bens.

0056**1751/09/17**

Ratificación da venda feita por María García e Domingo e Antón Paseiro (de Santa María de Rubín) a don Xoán Antón Valadares e Somoza de todo o dereito e acción que tiñan no monte do Tumbio.

- 0057** **1751/04/03**
Escritura de venda de “una casa terreña que por el vendabal confina con el camino que pasa a los molinos y dehesa del lugar de Pousada” a don Xoán Antón Valadares e Somoza.
- 0058** **1755/06/29**
Escritura de venda dun anaco de monte “llamado dos Pereiriños” ao cóengo don Antón Valadares.
- 0059** **1751/03/17**
Escritura da venda que lle fixeron María García, Andrea García e Domingo Antón Paseiro a don Xoán Antón Valadares do dereito que tiñan non monte do Tumbio, lindante con muíños do comprador.
- 0060** **1751/05/11-1751/09/17**
Autos de toma de posesión da herdade da Pereira e monte do Tumbio.
- 0061** **1752/03/06**
Recurso e auto para nomeamento de peritos sobre bens nos Besteiros (San Martiño de Riobó).
- 0062** **1752/07/14**
Escritura de adxudicación de renda e censos a dona Rosa Valadares por renuncia do seu tío, don Pablo Valadares.
- 0063** **1752/09/03**
Copia da escritura de venda de Pedro Liz e os seus irmáns de cinco partes da casa que tiñan no lugar de Pousada a don Xoán Antón Valadares. A propiedade estaba xunto á capela e casa do comprador.
- 0064** **1753/11/10**
Copia da venda efectuada por varios veciños ao cóengo don Antón Valadares de herdades no agro de Filgueiras.
- 0065** **1753/10/29**
Copia da escritura de adquisición do cóengo Valadares dunha toxeira en Veigas Vellas de Filgueiras.
- 0066** **1753/05/27-1754/03/28**
Copias de dúas escrituras de venda do escribán don Domingo Sánchez, de Santa María de Rubín, ao cóengo Valadares.

- 0067** **1753/09/01**
Venda de María Ribas, viúva, ao cóengo don Antón Valadares, de propiedades no lugar de Pousada e en San Breixome de Lamas.
- 0068** **1753/10/29**
Venda de Agustín de Ribas ao cóengo Valadares e Somoza.
- 0069** **1753/09/06**
Copia de escritura de venda de Xosé Fernández (de Santa María de Rubín) a Rosa Nogueira (de San Miguel de Curantes) de propiedades en Cortes.
- 0070** **1754/02/27**
Venda de parte do monte das Agueiras por varios veciños ao cóengo don Antón Valadares e Somoza por 17 ducados.
- 0071** **1754/02/27**
Venda ao cóengo Valadares dun tozal por Xoán Balseiros, de Lamas.
- 0072** **1754/02/27**
Venda ao cóengo Valadares realizada por varios veciños de Olives dun anaco de monte aberto.
- 0073** **1754/02/27**
Venda ao cóengo Valadares de parte do monte da Revoltiña, á saída do lugar de Viladafonso, efectuada por diversos veciños de Olives.
- 0074** **1754/10/12**
Copia da escritura de venda outorgada por Ventura Lois (de San Pedro de Acorados) a Bieito Paseiro (de Santa María de Rubín) do dereit que tiña no monte “que se dice del Foxo Corvelle”, en Rubín e Acorados.
- 0075** **1755/06/29**
Copia da escritura de venda ao cóengo Valadares dunha leira en “Veigas Vellas de Filgueiras” (San Bréixome de Lamas).
- 0076** **1755/04/02**
Troco de herdades entre Francisco Pena e Ignacio Pena.

- 0077** **1755/01/20**
 Documento encadernado baixo o epígrafe “Documento de pertencencia de la Casa taberna de Olives”, sita no lugar de Viladafonso: No 1754 Fernando de Marque, Miguel do Porto e outros, venderan ao cóengo Valadares “la casa terrena que se halla en la cima del lugar de Vladafonso, llamado de los Marques” e a parte que tiñan nos montes do Foxo, por 345 reais.
- 0078** **1755/02/17**
 Copia da escritura de venda outorgada ao cóengo Valadares por Manuel González e Mariña Rodríguez, veciños de Santa Mariña de Ribeira.
- 0079** **1755/03/01**
 Copia da escritura de venda realizada por varios veciños de Pardemarín e Curantes ao cóengo don Xoán Antón Valadares dunha leira no lugar de Filgueiras.
- 0080** **1756/09/15**
 Copia da escritura de venda efectuada ao cóengo Valadares por Bernardo Louzao e María do Porto.
- 0081** **1756/04/18-1763/09/15**
 Copia de escritura de dote das sobriñas de don Xoán Antón Valadares. Contén recibos do percibido polas dotes de dona Xoana Paula Pazos Valadares, casada con don Xoán Antón de Amil e Hespaña, ao que o cóengo “para haber de casarme con su sobrina [...] me ofreció en dote con ella tres mil ducados”. Tamén don Xosé Bernardo de Valmaior, casado con dona María Xoana de Pazos, veciños de San Martiño de Cameixa, se da por pagado.
- 0082** **1754/01/21-1757/11/02**
 Copia da escritura de partillas de don Alonso Valadares e da súa muller Inés Louzao, solicitada pola filla de ambos, dona Rosa Valadares. Contén os correspondentes nomeamentos de peritos, declaracións, notificacións.. . Destaca entre as pezas o memorial de bens de don Alonso Valadares, entre os que figura “la parte del molino que llaman de los herederos, sito en el río de Pousada, por que se paga a la heredera y percibe tres ferrados de centeno”. Tamén “el molino del río de Pousada que trae por foro Francisco de Outeiro” pagando a pertinente renda anual.
- 0083** **1712/01/01**
 Copia da escritura de venda realizada por Miguel, Sabela e Amaro González a favor de Simón Rodríguez (todos de Santa María de Rubín) de dúas herdades



por oito ducados e medio, “que confiesan haber recibido de mano del dicho comprador antes de ahora para pagar los funerales de su madre”.

0084 1715/09/01
Copia da venda feita ao cóengo Valadares realizada por Domingo de Outeiro.

0085 1715/04/06-1715/05/09
Copia da querela criminal contra Francisco Nogueira, que quixera apropiarse do prado dos Castiñeiros do lugar de Fieitoso, que tiña dous estanques para repartir auga ás herdades dos querelantes. Afírmase que o acusado “se fue a ellos por diversas veces y los derrotó [...]; no contento con esto se fue a la veiga que llaman de Tras da Casa y arrancó el marco que en ella tenía y dividía desde antiguo tiempo dicha veiga”.

0086 1715/04/19
Escritura sobre acordo referido ao pago de rendas atrasadas e debidas a don Alonso de Valadares desde 1685 por Francisco de Brea e outros veciños de Rubín.

- 0087** **1721/06/18**
 Copia da escritura de venda realizada polo veciño da cidade de Lugo don Xacinto Álvarez de Neira e Reimóndez a Gregorio de Vilaverde, de Curantes, da metade da Veiga Grande do lugar de Pousada ca súa auga correspondente.
- 0088** **1722/02/03**
 Copia de venda efectuada por Francisco Fernández a Simón Rodríguez, ambos de Rubín, da herdade do Chouso do Regueiro, no lugar da Pena desa parroquia.
- 0089** **1700/12/28-1725/12/17**
 Atado de papel do selo de 1725 que contén copia das escrituras de venda dun censo a favor de don Pablo Valadares e Somoza efectuadas por Santiago Paseiro e a súa muller e fillos. Formaba parte da dote de dona Ignacia de Cortes. Tamén acompaña escritura de esponsais e dote de Santiago Paseiro de Vila e Miranda con dona Ignacia de Cortes Fernández de Senrra.
- 0090** **1724/07/10**
 Copia da escritura de venda de leiras a favor de don Alonso Valadares e outorgada polo veciño de Lugo don Xosé Xacinto Álvarez de Neira e Reimóndez.
- 0091** **1725/10/03-1726/04/22**
 Atado de dúas follas contendo as escrituras de venda a favor de Simón Rodríguez de terras en Pena de Abaixo. E tamén a favor de Bieito Rodríguez. No reverso da segunda folia, unhas curiosas probas de caligrafía.
- 0092** **1725/09/16**
 Escritura de acordo sobre partillas da herdanza do licenciado don Lope de Cortes e de dona Catalina Fernández de Senrra.
- 0093** **1725/02/27-1725/05/20**
 Copia de escritura de imposición de censo de Gregorio Louzao e a súa muller sobre bens en Pousada, Sobrado e Sanlouzans, das parroquias de Curantes e Lamas.
- 0094** **1726/05/15**
 Copia da escritura de venda de Xurxo Louzao ao seu cuñado don Alonso Valadares en 1724, do dereito á casa que posuía no lugar de Pousada e aos restos dun muíño no mesmo lugar.

- 0095** **1726/11/04**
Copia de escritura pola que Domingo Rei e Antía de Sanmartín (de Callobre) venderon a don Alonso de Valadares catro ferrados de centeo de renda en Olives.
- 0096** **1726/09/03**
Copia da escritura de troco ou permuta entre don Alonso Valadares e a familia Lousada Reimóndez.
- 0097** **1726/07/08**
Copia dos autos polos que se declaraban vendibles no ano 1720 bens en Pousada pertencentes a dona Andrea Antía Lousada e Figueroa, aos que optaba don Alonso Valadares.
- 0098** **1728/05/05**
Escritura de dote dun fillo de Simón Rodríguez e de mellora doutros.
- 0099** **1728/04/07**
Copia da venda realizada por Xoán Vázquez a Bieito Rodríguez, ambos de Rubín, de parte da toxeira de Cachadafonso e outrso bens.
- 0100** **1729/06/08**
Copia da escritura de venda realizada por Bieito, Catalina, Ánxela e Micaela Vázquez, veciños de Lamas e Rubín, da braña do Outeiro, a favor de Bieito Rodríguez.
- 0101** **1731/10/17-1731/12/0**
Atado de autos e dilixencias da querela de forza dada na Real Audiencia do Reino de Galicia por Xacobe do Souto contra Pedro Terzado e outros e referida aos salidos do lugar de Pontesarandón, onde os acusados ergueran unha casa apropiándose de terras e augas. Incompleto.
- 0102** **1732**
Escritura de troco ou permuta entre Catalina Vázquez, de Rubín, e Bieito Rodríguez. Correspóndese posiblemente ao mes de xaneiro.
- 0103** **1734/04/12**
Copia do convenio establecido entre Bieito e Marúia Balseiros (irmáns e veciños de Rubín) con Bieito Rodríguez, conducente a evitar preito.

- 0104** **1731/10/16-1754/12/20**
Atado con papeis que conteñen:
Copia da venda efectuada polo veciño de San Salvador de Escuadro don André Arias Somoza a Pedro de Marque, de Santa María de Olives, da herdade do Pozo do lugar de Pousada.
Copia de outras vendas no mesmo lugar a favor do mesmo Marque.
Copia das vendas dos Marque a favor de don Xoán Antón Valadares e autos de posesión.
- 0105** **1736/01/23-1769/07/20**
Atado co título de “Abelleira” na súa portada, contendo copias de escrituras de venda de herdades en Pousada a favor do veciño e “mercader” de Compostela e natural de Lamas Xoán Antón de Neira. Este recibira en préstamo de don Xoán Antón Valadares 200 pesos, dos que figuran anotacións de devolución en varios prazos.
Os bens en cuestión foron a parar a mans de don Xosé Recarei Bermúdez, como marido de dona Bieita de Pazos Valadares.
- 0106** **1738/04/28-1759/05/28**
Atado que comenza ca solicitude de Xosefa Borraxeiros –viúva de Domingo Castrelo- para que se compela a Bertomeu Pena a recoñecer a cédula que firmara co seu marido. Todos veciños de Rubín.
Continúa ca venda efectuada por Xoán Castrelo en nome do seu irmán a Ignacio Pena de terras no lugar de Pena de Abaixo (Santa María de Rubín), por unha cantidade que o vendedor confesa ter recibido con anterioridade.
Segue obriga da viúva Antía Castrelo, que se allana a pagar a Ignacio Pena doce ferrados de centeo anuais pola casa na que vive.
Remata co recoñecemento de Manuel Castrelo de ter recibido de Ignacio Pena oito ducados por parte da casa que herdara do seu pai no lugar da Pena.
- 0107** **1740/05/01**
Copia da venda realizada por André Vilaverde e os seus irmáns a Bieito Rodríguez, todos de Rubín, da herdade da Veiga do Prado.
- 0108** **1741/03/28**
Copia da venda realizada en agosto de 1737 por Xosé Rodríguez e María Lois, veciños de Rubín, a Bieito Rodríguez de certas herdades.

- 0109** **1741**
 Protesta de Bieito de Souto e Neira e Ana de Carracedo e Neira (veciños do couto de Santo Amedio de Ribadulla) polo pedimento efectuado contra eles por Xacobe de Souto, referido a unha débeda de 20 ferrados de centeo.
- 0110** **1742/06/08**
 Escritura de troco ou permuta de fincas entre o presbítero Pedro Requeixo, veciño de Callobre, e Bieito Rodríguez. Transacción realizada dous anos antes.
- 0111** **1726/09/03-1744/03/06**
 Atado que comenza ca petición para tomar posesión da venda efectuada polo escribán de Santa María de Dúas Igrexas, Antón Canabal, a don Bernardo Valadares Somoza.
 Seguen citacións e autos e a copia da escritura pola que, en 1740, don Xosé Xacinto e don Xosé Bernardo Álvarez de Neira e Reimóndez (pai e fillo), veciños do lugar de Pousada de Curantes, venderan a Antón Canabal catro ferrados de centeo de renda que lles pagaban nese lugar.
 E outras vendas que foron primeiro a mans do devandito escribán e logo ás de don Bernardo Valadares.
- 0112** **1737/09/03-1751/19/01**
 Atado con escrituras de vendas de bens efectuadas a Ignacio Pena e a Simón e Bieito Rodríguez no lugar da Pena.
- 0113** **1745/02/17**
 Papel con constancia da venda efectuada pola veciña de Santa María de Rubín, Catalina Vázquez, a Ignacio Pena.
- 0114** **1749/10/25-1749/11/17**
 Auto obtido polos cumpridores testamentarios do cóengo don Pablo Valadares contra o escribán de Tabeirós don Baltasar Gómez de Castro, por 301 reais que lle adebedaba.
 Acompaña mandamento executorio contra o escribán.
- 0115** **1757/06/02**
 Despacho para procere ao partemento dos montes abertos do Foxo a pedimento de don Antón de Brei, como apoderado de don Xoán Antón Valadares, que en 1754 adquirira o dereito e acción dos mesmos, logo de mercarllos a Domingo Antón Paseiro.

- 0116** **1757/06/09**
Copia da escritura de venda e permuta outorgada polo veciño de Olives Domingo de Marque ao cóengo Valadares dunha herdade con sete carballos en Viladafonso e anaco de outra.
- 0117** **1757/06/09**
Copia da escritura de venda realizada por Bieito de Gorís e Xosefa de Sobredo (de San Martiño de Riobó) a favor do cóengo Valadares de parte da súa herdanza no lugar dos Besteiros.
- 0118** **1757/11/04**
Copia da escritura de venda de Pascoa Somoza, viúva veciña de Pousada, como curadora dos seus fillos: do seu defunto marido quedaran débedas recoñecidas “además de las exequias y funeral”. Así, o cóengo Valadares adquiriu diversos bens nese lugar.
- 0119** **1758/08/07**
Copia de escritura do poder outorgado por don Xoán Antón Valadares aos presbíteros don André de Brei –veciño de Curantes- e don Xosé Pereira –de Olives- e a Domingo Rei Somoza para tomar posesión da renda adquirida en Tabeirós a don Manuel Gómez de Castro.
- 0120** **1759/02/07**
Suscripción de convenio entre Ignacio Pena e André Frago para proceder á división de herdades no lugar de Bemposta (Santa María de Rubín).
No reverso e da mesma data, escritura de troco en ambos.
- 0121** **1759/02/17-1759/10/10**
Preito comenzado en 1755 (incompleto) litigado polo cóengo Valadares contra André do Souto e a súa muller sobre bens en Sarandón. Os acusados apelaron á Real Audiencia e negábanse a abandonar as propiedades, que xa lle foran arrendadas ao presbítero don André de Brei.
- 0122** **1764/10/02**
Escritura de doazón para agregar a vínculo efectuada polo cóengo Valadares á súa sobriña dona Bieita Valadares (casada con don Xosé Recarei Bermúdez), veciña do lugar de Pousada: cédelle todos cantos bens adquirira en San Miguel de Sarandón e Santo Amedio de Ribadulla, para que andivesen unidos e incorporados “al Patrono que fuere de la Capilla de Nuestra Señora de la Paz”.

Hai unha interesante descrición do enxoval doméstico e alfaias, que inclúe unha bandexa de prata de 26 onzas de peso (“su labor de conchas y flores”), garfos e xícaras asimesmo de prata, cálice, patenas, etc.

0123 **1768**

O probe de solemnidade Gregorio de Rubín solicita a enmenda dun auto sobre preito que tiña con Bieito de Abelenda.

0124 **1763/01/08**

Copia da escritura da venda realizada pola veciña do lugar de Pousada Pascoa da Somoza ao cóengo Valadares dunha leira na Ponte Pousada.

0125 **1770/04/07**

Copia da escritura de venda dunha leira realizada pola veciña de Pousada Lucía do Porto a don Xosé André Recarei Bermúdez, de idéntica veciñanza. A muller confesa ter recibido os cartos con anterioridade do comprador.

0126 **1768/10/15**

Copia de Real Carta Auxiliatoria, testimonios e autos da Audiencia de Galicia, librada a pedimento de don Xosé André Recarei contra María Bieita de Neira sobre uns bens sitos en Agrelo (Santa Cruz de Ribadulla) e obxecto de preito desde 1765. Don Xosé Recarei era marido de dona Bieita de Pazos Valadares e as terras en cuestión foran adquiridas polo cóengo don Xoán Antón Valadares e cedidas en arrendamento.

0127 **1768/12/20**

Copia de escritura de permuta ou troco entre Pedro Rodríguez e Pedro Pena.

0128 **1767/12/16-1768/06/01**

Atado con copia da Real Carta Executoria e autos do preito acaecido entre María Bieita de Neira e don Xosé André Recarei, sobre bens en Ponte Sarandón. O conflito principiara en novembro de 1765 ante o xuíz ordinario do couto de Santa Cruz de Ribadulla e confirma a sentenza dada por este en 1766.

0129 **1769/02/27**

Copia da escritura de venda outorgada por Silvestre Louzao a don Xosé Recarei.

0130 **1769/04/07**

Copia de escritura de venda outorgada por Bernardo Louzao a don Xosé André Recarei Bermúdez, da peza chamada Albariñas, no lugar de Pousada.

Do mesmo día e no mesmo plego escritura de troco entre Pedro Liz e o Recarei, na que este lle permuta a herdade das Albariñas por outra “que va o longo da congostra que va a los molinos de este lugar de Pousada”.

0131 **1769/01/13**
Copia de escritura de venda de André e Mateo da Igrexa –pai e fillo- a don Xosé Recarei no lugar de Nogueira.

0132 **1769/01/21**
Copia de escritura de troco entre Domingo Lois e Pedro Pena, de Rubín.

0133 **1769/04/26-1769/05/16**
Instrumento mediante o que Antía Louzao, solteira e veciña do lugar de Pousada, lles doa a don Xosé André Recarei e á súa muller certos bens en remuneración por tela socorrido con ocasión de estar enferma. Acompaña dilixencia de toma de razón o Oficio de Hipotecas.

0134 **1778/12/20-1779/12/27**
Atado con copias de doce escrituras de venda e permuta a favor de Pedro Pena no lugar da Pena (Santa María de Rubín).

0135 **1781/08/28**
Copia da escritura de venda a favor de don Xosé Recarei de “una heredad llamada dos Pereiriños, sita en términos de dicha feligresía de Curantes”.

0136 **1781/12/02**
Cédula de venda a favor de Pedro Pena, casado con Dominga de Leira, dunha carballeira no lugar de Bemposta (Santa María de Rubín).

0137 **178?/01/21**
Escritura de troco entre Agostiño Pereiras e Xoán Pena, veciños de San Martiño de Callobre.

0138 **1780/03/07**
Venda de Bieito Torres a favor de Pedro Pena dun monte poblado de carballos carballeira na denominada Carballeira de Bemposta (Santa María de Rubín).

0139 **1783/01/20**
Cédula de venda de Xoán Pena e o seu sogro Miguel de Prado (ambos de Callobre) a favor de Pedro Pena (de Rubín), de toda a parte que tiñan na casa do lugar da Pena de Abaixo e as leiras adyacentes.

- 0140** **1783/01/20**
Cédula de venda de Pedro Paseiro, veciño de Santa María de Rubín, dunha herdade labradía a favor de Pedro Pena.
- 0141** **1726/03/29-1809/09/18**
Atado de copias de escrituras de venda de bens no lugar da Pena de diversos veciños a favor de Pedro Pena, Luís Nogueira, Simón e Bieito Rodríguez. Hai tamén o que semella ser un prorrateo de augas, dúas permutas e un acordo para explotación de carballos.
- 0142** **1784/09/07**
Copia da escritura de venda de tres ferrados de millo de renda dun foro a favor de Xoán Vilar (veciño de San Salvador de Escuadro), efectuada por Xacinto Picáns (de Santa Cristina de Vinseiro).
- 0143** **1784/09/08**
Cédula da venda realizada por Xoán Pena (de Callobre) a Pedro Pena dunhas leiras en Cerdeiras de Riba (Rubín).
- 0144** **1784/09/07**
Copia da escritura de foro que Xacinto Picáns (de Vinseiro) outorgou a Domingo Antón do Porto de diversas herdades no lugar de Picáns (San Pedro de Parada).
- 014** **1785/11/05-1785/11/30**
Cédula da venda outorgada por Pedro Paseiro a favor de Pedro Pena da herdade da Nogueira. Acompaña a venda de Xoán Paseiro e Pedro Pena da mesma propiedade a Pedro Paseiro.
- 0146** **1785/01/25**
Cédula da venda Pedro Fragoso e Xoana Paseiro a Pedro Pena dunha leira. Todos veciños de Santa María de Rubín.
- 0147** **1786/10/03**
Cédula da venda a favor de Pedro Pena outorgada por Domingo Antón Diéguez da parte “que le pertenece y toca dentro de los muros del lugar do Outeiro, feligresía de San Martín de Callobre”.
- 0148** **1787/01/01**
Cédula da venda de Xaquín García (de San Cristovo de Remesar) a Pedro Pena dun anaco de terra no lugar da Pena.

- 0149** **1787/08/10-1787/08/14**
Copia da escritura de troco entre Fernando García (de San Tomé de Ancorados) e Pedro Pena.
Acompaña copia da venda efectuada por Xosé Ribadulla (de San Martiño de Riobó) ao mesmo Pena.
- 0150** **1787/06/07**
Cédula da venda a Pedro Pena por Fernando García de herdades en Rubín, no agro da Pena de Alén.
- 0151** **1787/06/07**
Cédula da venda a Pedro Pena dun anaco de terra por Fernando García.
- 0152** **1787/11/01**
Nomeamento como perito de Francisco Vilar para tasar bens que permutaran en Gontén (San Tomé de Ancorados) e Bemposta (Santa María de Rubín) Pedro Pena e Fernando García.
- 0153** **1787/06/22-1787/07/03**
Plego con petición e dilixencias da toma de posesión de Pedro Pena dos bens que afirma lle vendera Rosa de Torres (viúva e veciña de Callobre).
- 0154** **1787/08/18**
Escritura de troco de herdades labradías no Outeiro da Pena (Santa María de Rubín) entre Bieito Núñez (de San Xurxo de Cereixo) e Pedro Pena.
- 0155** **1788/05/18**
Cédula da venda das paredes dunha casa e horta adxacente efectuada por Xaquín García (de San Cristovo de Remesar) a favor de Pedro Pena.
- 0156** **1788/11/06**
Venda de Xaquín García (de San Cristovo de Remesar) a Pedro Pena da parte que tiña na Cerrada Nova “a tojal según con los molinos de Barreno, río en medio” e outras propiedades no lugar da Pena.
- 0157** **1788/01/12**
Escritura de troco duns anacos de toxeira entre Ignacio Rodríguez e Pedro Pena.
- 0158** **1789/01/03**
Cédula de venda do veciño do lugar de Pousada (Curantes) Manuel Bouzón a favor de don Xosé Recarei dun anaco de terra lindante cas súas propiedades.

- 0159** **1789/02/26**
Permuta ou troco de herdades entre Xaquín García e Pedro Pena.
- 0160** **1789/02/22**
Venda realizada polo veciño de Remesar Xaquín García a Pedro Pena dos montes que posuía en Bemposta, reservando parte deles xunto á taberna dese lugar.
- 0161** **1789/09/18-1789/09/25**
Atado de tres follas de papel selado contendo un pedimento contra Pedro Pena e auto subseguente relativo á paralización da obra do muíño chamado “do Campo”, en Santa María de Rubín, que detraería a auga doutros dous enxeños situados corrente arriba, impedindo o seu sancionado e antigo uso polo demandante.
- 0162** **1790/11/06**
Cédula de venda a favor de Pedro Pena de “una cerrada nueva junto a los molinos que hoy posee Juan Barreño” e un anaco de monte, efectuada por Xaquín García.
- 0163** **1790/06/29**
Copia contendo apeo dos montes de Ponte Pousada (San Miguel de Curantes) ca tasa dos que correspondían a Brais Caramés (de Santa María de Olives). Acompaña escritura pola que don Xosé Recarei Bermúdez adquiriu parte dos montes do Penedo, do Tumbio, do Couto dos Gatos e das Pereiriñas, sitios en Curantes e Rubín.
- 0164** **1791/11/06**
Cédula da venda de Xaquín García a favor de Pedro Pena da “cerrada nueva junto a los molinos de Juan Barreño” e outros anacos de terra.
- 0165** **1791/11/11**
Cédula da venda a Pedro Pena por parte de Domingo González de terra no lugar da Pena.
- 0166** **1791/07/21-1791/11/19**
Atado baixo o epígrafe de “Documentos de pertenencia de la Casa Taberna de Curantes”, no lugar da Barreira. Don Xosé André Recarei adquiriu as dúas metades do local en cuestión.
- 0167** **1792/02/02-1794**
Cédula da venda a favor de Xosefa do Barro de parte dunha carballeira. Acompaña no mesmo papel noticia da venda en 1794 efectuada por María Antía Fragoso a Pedro Pena.

- 0168** **1792/11/18**
 Atado con escritura de dote de dona Xosefa Salgado e Gundín: don Xosé Antón Salgado e Gundín e dona María López González “Señores del Coto de San Vicenzo” na xurisdición de Deza trataran que unha das súas dúas fillas casa-se con don André Recarei de Pazos e Ortiz (fillo de don Xosé Recarei e de dona Bieita de Pazos e Valadares).
- 0169** **1792/12/23**
 Cédula de venda de labradío outorgada por Xoán Paseiro a Pedro Pena.
- 0170** **1793/10/30**
 Cédula de venda de Xoana Paseiro a Pedro Pena de bens en Bemposta.
- 0171** **1795/03/06**
 Copia solicitada por don Xosé Recarei da súa inclusión e empadramento entre os de estado nobre desde 1762 cando menos.
- 0172** **1795/05/20**
 Escritura de convenio entre Miguel de Prado e Xoán Pena.
- 0173** **1798/02/0**
 Copia da escritura do poder outorgado por don André Xosé Recarei Valadares (como marido de dona Xosefa Salgado) ao seu sogro don Xosé Salgado (de Santa María de Soutolongo) para que administre os bens en Deza da súa esposa.
- 0174** **1799/08/2**
 Copia da escritura de convenio entre André Pereiras (de Santa María de Olives) e Manuel Bouzón (de San Miguel de Curantes), para evitar litixio sobre derrama de carballos.
- 0175** **1801/05/07**
 Copia da escritura de troco efectuada entre Pedro Pena e Rosa de Andújar.
- 0176** **Circa 1750**
 Fragmento de copia de escritura de venda.
- 0177** **1743/12/27-1744/04/03**
 Copia da venda realizada por Catalina Vázquez (de Santa María de Rubín) a Xoán de Orosa (de San Pedro de Ancorados) da herdade do Chousiño no lugar da Pena. Acompaña no reverso da folla (fragmentada) copia da venda de Domingo Frago de Rubín) a Xoán de Orosa da herdade da Pena de Abaixo.



In memoriam Manuel Castiñeira Rodríguez

*Quod cuique temporis ad vivendum datur,
eo debet esse contentus.*

Cada quen debe estar contento
co tempo que lle foi concedido.

CICERÓN, *De senectute*.

Don Manuel Castiñeira Rodríguez, párroco da Estrada dende 1965 e colaborador desta revista finou o 11 de novembro de 2008, festividade de San Martiño de Tours. Nacera o 13 de abril de 1927 no lugar de Rens, parroquia de San Simón de Nande (Laxe, A Coruña) no seo dunha familia de fondas conviccións relixiosas. Foi o oitavo dos trece fillos do matrimonio formado por Jesús e Maripepa, hipocorístico garimoso co que familiares, amigos e veciños coñecían a aquela bondadosa muller e excelente nai. Seu pai Jesús Castiñeira, descendente dunha antiga familia da fidalguía rural, animou a Manuel a perseverar no estudo, polo que, unha vez rematada a súa formación primaria na escola de Aplazadoiro, acomódase na casa de seu tío cura na parroquia de Fisterra onde entra en contacto coa lingua latina e se afianza a súa vocación relixiosa. Cumpridos os catorce anos ingresa no Seminario Diocesano de Santiago, ubicado no mosteiro



Manuel Castiñeira Rodríguez
(1927-2008)

de San Martiño Pinario, para realizar a súa formación sacerdotal que culmina brillantemente, ordenándose con 26 anos. Celebra a primeira misa na súa freguesía natal de San Simón no ano 1953 e, de seguido, é destinado a Muros, onde exerce provisionalmente durante 5 meses. Desempeña despois o seu labor pastoral en Cee por período dun ano e logo pasa a Carril onde permanece dous anos.

Solicita e obtén permiso do arcebispado para ingresar na Pontificia Universidade de Salamanca e alí cursa a licenciatura de Dereito Canónico, que culmina cunha tese de licenciatura sobre aspectos legais e morais da institución matrimonial.

Rematado o período salmantino pasa a ocupar a sé vacante de Lárez, Pontevedra, onde permanece 8 anos, ao cabo dos que obtén por concurso de traslados a parroquia de San Paio da Estrada no 1965, cando contaba 38 anos de idade. O pobo da Estrada, que carecía de párroco definitivo dende o falecemento de don Nicolás Mato, recibiu a don Manuel Castiñeira con fervor e entusiasmo, o mesmo ca os fregueses de San Lourenzo de Ouzande, parroquias nas que exerceu o seu labor pastoral deica a súa xubilación. A súa toma de posesión das parroquias de Ouzande e A Estrada coincide, simbolicamente, co remate das sesións do Concilio Ecuménico Vaticano II, evento que don Manuel acolleu con enorme fe e non menor entusiasmo, emprendendo inmediatamente a tarefa reformadora emanada das constitucións conciliares, circunstancia que lle habería reportar máis de un disgusto.

Participa activamente na vida da súa comunidade, especialmente en iniciativas de índole cultural, do que se dará conta máis de vagar na súa biografía xa en preparación. Ademais de numerosos artigos en periódicos, publicacións culturais e programas de festas colaborou especialmente con esta revista na que deixou mostras de senlleira erudición nos artigos publicados dende o 2002: «Novas matinacións sobre o topónimo *A Estrada*»; «Don Xoán Manuel Fontenla García, último párroco de Ouzande» (2003); «A tradición e as tradicións na freguesía de Ouzande nos séculos XVII, XVII e

XIX» (2004); «Aproximación ás expresións de fe relixiosa e prácticas de piedade dos fregueses de San Paio de Figueiroa e da Estrada nos últimos catro séculos» (2005). No decurso da súa derradeira investigación para *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, sobre a desamortización de bens eclesiásticos en Figueiroa e Ouzande, viuse afectado pola enfermidade que o había levar, o que lle obrigou a deixar inconcluso, apenas encetado, o seu último empeño cultural.

Repose en paz.

*Quam autem civitati carus fuerit,
maerore funeris iudicatum est.*

E ata que punto o amaban os seus veciños
quedou patente na tristura dos seus funerais.

CICERÓN *De amicitia*.

A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



ISSN 1139-921X

Número 1 (1998)

Presentación • *A agricultura en Castrovite (Orazo, A Estrada) durante a Idade do Ferro.* Xulio Carballo Arceo • *A Estrada nos seus documentos antigos. Tres documentos do século XV escritos en galego relativos ó lugar de Gudín en Guimarei, A Estrada.* Xoán Andrés Fernández Castro • *Os hórreos na Galicia.* Olimpio Arca Caldas • *A Estrada na obra gráfica de Castelao.* José Manuel Castaño García • *Reflexiones sobre un lienzo de Corredoira.* Javier Travieso Mougán • *Unha parte da historia da biblioteca pública municipal de A Estrada.* Mario Blanco Fuentes • *Aproximación ó estudio da chegada e desenvolvemento do alumado público eléctrico na Estrada. (1900-1950).* María Jesús Fernández Bascuas • *Dieciséis años de Parlamento de Galicia. (Balance de su producción legislativa).* Roberto L. Blanco Valdés

Número 2 (1999)

As dúas mulleres de Castelao. Olimpio Arca Caldas • *Aproximación a xénese urbanística da vila da Estrada I.* María Jesús Fernández Bascuas • *Os traballos e os días. Aspectos da vida cotia no rural estradense do S. XIX.* Os testemuños de García Barros, Marcial Valladares e Alfredo Vicenti. Juan A. Fernández Castro • *Aproximación ó mundo das fortalezas na Galicia Medieval.* Manuel Mosquera Agrelo • *Os trobadores de Taveirós.* Mercedes Brea • *La poética de Pay Soarez de Taveirós.* Gema Vallín • *A actividade textil tradicional no Val do Vea (A Estrada-Pontevedra) Espadelas e espadeleiros.* Manuel Rodríguez Calviño • *Memoria gráfica do Cuerpo de Ejército de*

Galicia na Guerra Civil española • *La Purísima de Asorey de La Estrada* (Pontevedra.) Javier Travieso Mougán • *Cando o ceo escurece. Crónica da epidemia de gripe de 1918 na parroquia de Sabucedo-A Estrada.* Pontevedra. María del Pilar Regueiro Ovelleiro • *Un singular Centro Bibliográfico Galego.* Xosé Neira Vilas

Número 3 (2000)

Estudo de materiais procedentes do Castro de Viladafonso (Olives, A Estrada, Pontevedra). Beatriz Pereiras Magariños, Xosé Lois Ladra Fernández, Nuria Calo Ramos • *Escudo y linaje de la Casa de Guimarey.* Eduardo Pardo de Guevara y Valdés • *Acción colectiva e élites locais en Galicia. O motín de xullo de 1870 na Estrada* (Pontevedra). Xoán Andrés Fernández Castro • *Aproximación a xénese urbanística da vila da Estrada II. A transición urbanística. (1901-1926).* María Jesús Fernández Bascuas • *O ferrocarril de Pontevedra a Monforte.* Xosé Manuel Castaño García • *Origen y evolución del municipio de A Estrada* (Pontevedra). Factores geográficos y condicionantes históricos. Ángel Miramontes Carballada • *A Estrada, terra saudable. O sanatorio “Nuestra Señora del Carmen”.* Olimpio Arca Caldas • *Un nocturno de Castelaio.* Javier Travieso Mougán • *Fondos bibliográficos da biblioteca do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1938).* Manuel Cabada Castro • *Estradenses en América. Cartas privadas de emigrantes en tiempos y destinos diferentes.* María Luisa Pazos Pazos

Número 4 (2001)

Sobre o nome da Estrada. Fernando Cabeza Quiles • *Mario Blanco Fuentes (1917-2000). Unha fotobiografía.* Juan L. Blanco Valdés • *Algúns indicadores demográficos da parroquia de Guimarei (A Estrada-Pontevedra). 1700-1850.* Juan Andrés Fernández Castro • *Medicina popular en terras de Tabeirós* (A Estrada-Pontevedra). Manuel Reimóndez Pórtela • *A translatio dos restos do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez ó cemiterio de Codeseda* (A Estrada). Mario Blanco Fuentes, Xoán Andrés Fernández Castro • *Novas*

imaxes da arqueoloxía castrexa estradense a través das coleccións Bouza-Brey e Fraguas Fraguas do Museo do Pobo Galego. Josefa Rey Castiñeira, Manuel Rodríguez Calviño • *O próximo vivido.* Manuel Pereira Valcárcel, Pilar Gaspar • *Márgara. Apuntes biográficos dunha muller estradense.* Olimpio Arca Caldas • *Población y territorio en el municipio de A Estrada (Pontevedra), 1887-1996.* Ángel Miramontes Carballada

Número 5 (2002)

Novas matinacións encol do topónimo A Estrada. Manuel Castiñeira Rodríguez • *Breve aproximación os muíños da parroquia de Riobó (A Estrada-Pontevedra).* Juan Fernández Casal • *Achegamento á historia do campo de fútbol da Estrada e do “Deportivo Etradense”.* Mario Blanco Fuentes • *Na outra banda do río, nun solpor azul de tarde.* Texto: Xosé Lueiro Fotos: Francisco Azurmendi • *Análisis y planeamiento del suelo industrial en el municipio de A Estrada (Pontevedra).* Ángel Miramontes Carballada • *A casa consistorial da Estrada (Pontevedra) obra sobranceira do arquitecto Franco Montes.* María Jesús Fernández Bascuas • *Un edificio estradense recuperado para uso cultural: el museo Manuel Reimóndez Portela.* Isabel Carlín Porto • *Sobre o topónimo Brea.* Fernando Cabeza Quiles • *A crise de mortalidade de 1769 en Ouzande (A Estrada-Pontevedra).* Juan Andrés Fernández Castro • *O pasado máis saudable da Estrada.* Manuel Pereira Valcárcel • *Don Nicolás Mato Várela. Párroco de San Paio da Estrada e San Lourenzo de Ouzande.* Olimpio Arca Caldas • *Maíndo (A Estrada-Pontevedra): Espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do condado de Ximonde.* Héitor Picallo Fuentes • *2002, ano de Frei Martín Sarmiento. Semblanza de Fr. Martín Sarmiento.* Pilar Allegue • *A Estrada no Informe de Literatura 1999, do “Centro Ramón Piñeiro”*

Número 6 (2003)

Cápelas e santuarios do Concello da Estrada. Francisco Arzumendi Iglesias • *Irmáns casan con irmáns, 1650-1850. Aspectos demográficos desta singularidade matrimonial en terras de Tabeirós, A Estrada-Pontevedra.* Juan Andrés

Fernández Castro • *Un proyecto irrealizado de 1891. La fuente de Neptuno para la villa de A Estrada*. Isabel Carlín Porto • *Os escudos do Concello da Estrada dende 1840*. M- Jesusa Fernández Bascuas • *La evolución de los montes en el municipio de A Estrada (Pontevedra) en los siglos XIX y XX*. Ángel Miramontes Carballada • *Alfabetización y red escolar de A Estrada, siglos XVIII y XIX*. Ofelia Rey Castelao • *A Estrada, 18 de xullo de 1936. Dous testemuños*. Juan L. Blanco Valdés • *A Virxe de Gundián*. Juan Fernández Casal • *Breve contribución á biografía do señor de Vilancosta, Don Marcial Valladares Núñez (Berres, A Estrada 1821-1903)*. Juan Andrés Fernández Castro • *En torno ó topónimo Toedo*. Fernando Cabeza Quiles • *Maíndo (A Estrada-Pontevedra): Espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do Condado de Ximonde, II*. Héitor Picallo Fuentes • *Recuerdos de una matrona*. Carmen Ferreiro Porto • *Antonio Álvarez Insua. Defensor dunha Cuba española*. Olimpio Arca Caldas • *Don Xoán Manuel Fontenla García, último párroco de Ouzande*. Manuel Castiñeira Rodríguez

Número 7 (2004)

Fábrica de papel en Riobó. Juan Fernández Casal • *O Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»*. A institución e a exposición permanente. María Carbia Vilar • *Cartas dun emigrado estradense*. Gerardo Cabada Castro • *Nacimiento y consolidación de la capital del mueble en Galicia. El municipio de A Estrada*. Ángel Miramontes Carballada • *Achegamento ás pesqueiras estradenses do río Ulla*. Damián Porto • *Vermello, amarelo e morado: as cores de Ángel Lemos*. In memoriam. Héitor Picallo Fuentes • *O topónimo «Baloira»*. Fernando Cabeza Quiles • *La emigración en ocho parroquias de A Estrada*. M^a. Milagros Castro González • *Maíndo: espazo xeográfico, humano e histórico no dominio do condado de Ximonde*. Héitor Picallo Fuentes • *Alén da Saudade: a fotografía como documento histórico*. Juan Andrés Fernández Castro • *Excavación arqueolóxica del túmulo megalítico de Xestas*. Pablo Bandín Rosende • *A razoable esperanza: quince momentos*. Alberte Maceira Peiteado • *Alcaldes estradenses*. María Jesusa Fernández Bascuas • *A tradición e as tradicións na freguesía de Ouzande nos séculos XVII, XVIII e XIX*. Manuel Castiñeira Rodríguez

Número 8 (2005)

A propósito dunha páxina inédita de Waldo Álvarez Insua. Xesús Alonso Montero • *Algúns topónimos da parroquia de Guimarei.* Fernando Cabeza Quiles • *Aproximación ás expresións de fe relixiosa e prácticas de piedade dos fregueses de San Paio de Figueiroa e da Estrada nos últimos catro séculos.* Manuel Castiñeira Rodríguez • *Libros e lecturas do clero rural en Tabeirós-Terra de Montes durante o século XIX.* María Jesusa Fernández Bascuas • *O mercado de peixe na Estrada rural.* Juan Fernández Casal • *Familias e veciños do «lugar y aldea de La Estrada» a mediados do século XVIII.* Juan Andrés Fernández Castro • *Obras de adaptación no museo do pobo estradense «Manuel Reimóndez Portela».* Ana Pazos Bernárdez • *Catálogo do arquivo da Casa do Preguecido: de morgados e fidalgos medianeiros.* Damián Porto Rico • *En memoria de José Pereiro.* Javier Travieso • *A virxe Peregrina de San Breixo de Lamas (A Estrada, Pontevedra).* Xosé Carlos Valle Pérez • *A domesticación dende unha perspectiva etnoarqueolóxica: os cabalos de monte do curro de Sabucedo.* Xosé Manuel Vázquez Varela • *San Miguel de Castro: estudio histórico-artístico.* Dolores Villaverde Solar

Número 9 (2006)

As Memorias de familia de Marcial Valladares. Mercedes Brea e M^a Xesús Nogueira Pereira • *Dos papeis de Manuel García Barros. En lembranza (e homenaxe) dunha amizade.* Juan L. Blanco Valdés • *De fritideiros e artistas.* Juan Fernández Casal • *Literatura estradense en internet.* Henrique Neira Pereira • *Análise da xeografía electoral do concello da Estrada (Pontevedra).* Ángel Miramontes Carballada • *Algúns topónimos das parroquias da Estrada, Matalobos, Ouzande e Toedo.* Fernando Cabeza Quiles • *A Estrada rural e urbana. Estudio comparativo de dous modelos demográficos (1870-1970).* Juan Andrés Fernández Castro • *Breve reseña biográfica do fotógrafo don Xosé Ramos Garrido (Codeseda, A Estrada, 1887-1967).* José Javier Ramos Pérez • *Primeira catalogación dos documentos do fondo de Miguel Nine Novais.* Damián Porto Rico • *Carlistas e liberais en terras estradenses. A derradeira batalla do caudillo Gorostidi.* María Jesusa Fernández Bascuas • *Radio Estrada, Emisora Parroquial.* Pepe López Vilariño.

Número 10 (2007)

Sobre a Torre da Insua de Cora. Henrique Neira Pereira • *Estradenses en la Guerra de la Independencia.* Don Felipe Constenla y Garrido (1808-1810). José Manuel Pena García • *Al mando y en buenas asistencias: vejez y grupo doméstico en la Tierra de Tabeirós a mediados del siglo XVIII.* Camilo Fernández Cortizo • *Unha compartida teima galeguista ata o final: Díaz Baliño, Casal e Cabada Vázquez.* Manuel Cabada Castro • *San Martiño de Riobó: xentes e paisaxes.* Dos papeis de Xosé Figueiras Baltar. Juan Fernández Casal • *Algúns topónimos das parroquias de Sabucedo, Liripio, Codeseda e Souto.* Fernando Cabeza Quiles • *Justo Martínez Martínez (1842-1930).* Resumen biográfico. Carlos Viscasillas Vázquez • «*Sucumbir a merced de la calumnia y la infamia*»: represión, pauperización y muerte entre la Guerra Civil española y la década de 1940. Ruy Farías • *Inventario de ermidas, capelanías e obras pías da Estrada (1567-1959).* Damián Porto Rico • *Radio Estrada: festival estradense de interpretación.* Unha lembranza. Secundino e Manuel Pereira Valcárcel • «*Lela*»: a sombra dun amor ingrato. En desagravio de Rosendo Mato Hermida. María Dolores Mato Gómez • *A Estrada, pobo de acollida. Na lembranza das meniñas austríacas refuxiadas no 1948.* Noni Araújo • *O fondo fotográfico «Celestino Fuentes» do Museo Manuel Reimóndez Portela da Estrada.* Juan Andrés Fernández Castro • *Os oficios na terra da Estrada. Un panorama no século XVIII.* César Gómez Buxán • *La solariega Casa da Silva.* Francisco Rubia Alejos • *Necrolóxica.* Andrés Tarrío Barreiro (1970-2007). Miguel Seoane García • *Suso Muras (1958-2007).* Pintor. José Manuel Nogueira.

